

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 67

Sesión Plenaria
21 de outubro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

Toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña (doc. núm. 24024, 12/PPLC-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 189f2, do 21.04.2025

Punto 2. Comparecencia

2.1 36573 (12/CPP-000069)

Do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar das accións que está a desenvolver esta consellaría na procura de reter e sumar talento cara á cobertura de postos vacantes no eido laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f1, do 15.10.2025

Punto 3. Mocións

36996 (12/MOC-000083)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas (Moción consecuencia da Interpelación nº 1227, publicada no BOPG 260f2, do 25 de setembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 14 de outubro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 271, do 20.10.2025

37103 (12/MOC-000084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual (Moción consecuencia da Interpelación nº 1261, publicada no BOPG 263f2, do 1 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 14 de outubro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 271, do 20.10.2025

37104 (12/MOC-000085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as ratios de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais (Moción consecuencia da Interpelación nº 622, publicada no BOPG 115f2, do 13 de novembro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 14 de outubro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 271, do 20.10.2025



Punto 4. Propositions non de lei

4.1 415 (12/PNP-000004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e oito deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 05.04.2024

4.2 24981 (12/PNP-001982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao aumento da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller, e ao incremento dos cadros de persoal no ámbito da xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f1, do 14.05.2025

4.3 32641 (12/PNP-002414)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa situación dos servizos ferroviarios en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

4.4 33457 (12/PNP-002458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co obxectivo de mellorar a situación profesional e laboral do profesorado dos centros públicos de ensino

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

4.5 34989 (12/PNP-002587)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun banco público de alugueiro en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f1, do 08.10.2025

4.6 35542 (12/PNP-002617)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as correccións que debe introducir a Xunta de Galicia nas liñas de axudas aos afectados polos incendios forestais do verán de 2025 nos sectores agrogandeiro e forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f1, do 08.10.2025



Punto 5. Interpelacións

5.1 26622 (12/INT-001035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f2, do 11.06.2025

5.2 35296 (12/INT-001286)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

5.3 35773 (12/INT-001309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 36690 (12/POPX-000057)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a capacidade de resposta aos problemas da cidadanía dos orzamentos de Galicia para 2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

6.2 36691 (12/POPX-000058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a postura do Goberno galego en relación coas medidas que facilitan o acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 34684 (12/POP-005003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación de profesorado e persoal coidador do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, de Noia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025



7.2 36652 (12/PUP-000154)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a sostibilidade económica das entidades sen ánimo de lucro que están prestando servizos no campo da discapacidade intelectual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

7.3 36637 (12/PUP-000152)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre a materialización da dotación orzamentaria para o desenvolvemento da Lei ELA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

7.4 34050 (12/POP-004899)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre os avances na tramitación do plan estruturante de ordenación de solo empresarial relativo á ampliación do parque empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

7.5 28622 (12/POP-004153)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre o balance do Programa galego de detección precoz do cancro de mama desde a súa posta en marcha hai máis de trinta anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

7.6 35412 (12/POP-005129)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as actuacións que prevé desenvolver o Goberno galego ante os datos relativos ás lises de agarda das distintas áreas sanitarias de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

7.7 36667 (12/PUP-000155)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria**

Sobre as previsións do Goberno galego ante os últimos datos publicados en relación coas listas de espera no sistema público de saúde, singularmente no referido á contratación de persoal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

7.8 30442 (12/POP-004568)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre a proposta da nova PAC que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025



7.9 35691 (12/POP-005162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a situación en que están as concentracións parcelarias no concello de Agolada

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

O presidente comunica a ausencia nesta sesión plenaria do deputado Brais Ruanova Vilas-Boas (BNG) e a súa delegación de voto na deputada Ana Belén Pontón Mondelo (BNG), conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento da Cámara. (Páx. 12.)

Toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Rosana Pérez Fernández (BNG). (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 16.), Carlos López Font (S) (Páx. 16.) e Miguel Fidalgo Iglesias (P) (Páx. 19.).

Rolda de réplica: Rosana Pérez Fernández (BNG). (Páx. 21.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña: rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 23.)

Comparecencia do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar das accións que está a desenvolver esta consellaría na procura de reter e sumar talento cara á cobertura de postos vacantes no eido laboral. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (José González Vázquez). (Páx. 23.)



Rolda dos grupos parlamentarios: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 31.), María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 31.), Ramón Tomás Fernández Alfonso (BNG) (Páx. 34.) e Noelia Pérez López (P) (Páx. 37.).

Réplica do Goberno: conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (José González Vázquez). (Páx. 40.)

A presidenta (María Elena Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 45.) Nesta rolda interveñen a deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 45.), o deputado Ramón Tomás Fernández Alfonso (BNG) (Páx. 47.), a deputada Noelia Pérez López (P) (Páx. 49.) e o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (José González Vázquez) (Páx. 51.).

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa do deputado Armando Ojea Bouzo, sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas. (Punto terceiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 54.)

Intervención do grupo autor da moción: Armando Ojea Bouzo (M). (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 57.) e Iria Carreiras Pazos (BNG) (Páx. 59.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: María Encarnación Amigo Díaz (P). (Páx. 61.)

O deputado Armando Ojea Bouzo (M) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 64.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 66.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 69.), Paloma Castro Rey (S) (Páx. 69.) e Paula Prado del Río (P) (Páx. 71.).

Nova intervención da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 74.)

Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado

En cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o presidente solicita a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado Moisés Rodríguez Pérez (P). (Páx. 75.)

O deputado Moisés Rodríguez Pérez (P) presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 75.)



Suspéndese a sesión ás dúas e once minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as *ratios* de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 79.), *Silvia Longueira Castro (S)* (Páx. 81.) e *Raquel Arias Rodríguez (P)* (Páx. 83.).

Nova intervención da deputada Olalla Rodil Fernández (BNG). (Páx. 85.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa do deputado Armando Ojea Bouzo, sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención das persoas vítimas de violencia sexual: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as *ratios* de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica que o G. P. Popular de Galicia presentou unha autoemenda. (Páx. 88.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *José Alberto Pazos Couñago (P).* (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 92.), *Paloma Castro Rey (S)* (Páx. 92.) e *Olalla Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 94.).

Nova intervención do deputado José Alberto Pazos Couñago (P). (Páx. 96.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao aumento da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller, e ao incremento dos cadros de persoal no ámbito da Xustiza. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 98.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 99.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Katherinie Varela Fernández (P). (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 104.), Paloma Castro Rey (S) (Páx. 104.).

O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 107.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa situación dos servizos ferroviarios en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 109.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Gonzalo Trenor López (P). (Páx. 109.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Carlos López Font (S). (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 115.) e Paulo Ríos Santomé (BNG) (Páx. 116.).

O deputado Gonzalo Trenor López (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 119.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co obxectivo de mellorar a situación profesional e laboral do profesorado dos centros públicos de ensino. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: María Cristina Fernández Davila (BNG). (Páx. 120.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 122.), Aitor Bouza Manso (S) (Páx. 122.) e Cecilia Vázquez Suárez (P) (Páx. 124.).

Nova intervención da deputada María Cristina Fernández Davila (BNG). (Páx. 127.)



Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun banco público de alugueiro en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 128.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Aitor Bouza Manso (S). (Páx. 129.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Alexandra Fernández Gómez (BNG). (Páx. 131.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 134.), Roberto Rodríguez Martínez (P) (Páx. 134.).

O deputado Aitor Bouza Manso (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 137.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e sete minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica inasistencia e delega voto don Brais Ruanova Vilas-Boas, que xustifica a súa inasistencia a este pleno e delega o seu voto na deputada dona Ana Pontón Mondelo, conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento da Cámara.

E, sen máis, comezamos co punto primeiro, que é o texto lexislativo.

Toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña

O PRESIDENTE: Non se remitiu criterio respecto da toma en consideración.

Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra dona Rosana Pérez Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Señorías, a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza recolle a última competencia transferida a Galiza, a última e a única do Goberno do Partido Popular na Xunta en dezaseis anos; un pobrísimo balance que dende o BNG criticamos moitas veces, pero que tamén tentamos moitas veces modificar, traendo aquí proposicións de lei orgánicas de transferencia de competencias, como a que hoxe imos debater e que, por certo, esta, en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, non é a primeira vez que a traemos.

En concreto, dende o 2009, esta é a quinta vez que imos probar sorte, porque nós entendemos que as competencias en salvamento e loita contra a contaminación mariña teñen que estar residenciadas no país e non, como ata o de agora, a 600 quilómetros de distancia.

Mais non só o intentamos en Galiza, tamén o fixemos en Madrid en varias ocasións; a última, moi recentemente, hai apenas unha semana, cando o BNG tratou de impulsar a transferencia a Galiza das competencias pendentes. O resultado foi sempre o mesmo, aquí e en Madrid: a negativa do Partido Popular e do PSOE a impulsar a negociación desas transferencias pendentes; mesmo os que aquí votan a favor e desbotan en Madrid evidencian, ao noso xuízo,



unha absoluta falta de convicción e de crenza no autogoberno por parte dos dous partidos políticos.

O Partido Popular non ten aspiracións a respecto de desenvolver competencias, malia que comezou o ano, este ano, con toneladas de propaganda a este respecto e anunciando exixir competencias diante do Goberno central. E o Partido Socialista tampouco amosa moita convicción nin contundencia para cumprir e transferir as competencias pendentes. Vostedes saben que dende o BNG defendemos, tanto no político como no económico, que é prioritario avanzar no autogoberno, asumindo novas competencias que nos outorguen unha maior capacidade de resposta aos retos que temos por diante. E nesta, a competencia en salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, hai probas abondo —podemos remitirnos ao *Prestige*, que está na memoria de todos e de todas, pero tamén a moitos outros casos— para demostrar que é fundamental termos a capacidade para decidir e termos tamén os recursos financeiros para desenvolvela.

E iso é, señorías, o que lles propoñemos hoxe: dar un paso adiante, comezar a responsabilizarnos do noso para facer fronte a problemas que nos acucian dende hai décadas e aos que nunca se lles deu unha resposta acaída dende outras administracións. Un país, señorías, con máis de 1.700 quilómetros de costa, con 128 portos e cunha frota pesqueira e marisqueira de preto de 4.000 embarcacións. Galiza, que non ten competencias en salvamento marítimo malia que o artigo 29.3 do noso Estatuto de autonomía recolle —leo literalmente—: «Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en materias como o salvamento marítimo».

En xaneiro do ano 2019, o Partido Popular apoiaba unha proposta do BNG onde asumía que había que reclamarlle ao Goberno do Estado o máximo teito competencial para equipararnos a Euskadi e a Cataluña. «Nós tamén queremos negociar a transferencia das competencias, de todas —de todas—», dicía o Partido Popular naquel momento. Pois, señorías, propoñémolles que esta iniciativa de hoxe sexa un paso máis dentro da elaboración dunha verdadeira axenda galega de transferencias para incrementar o noso autogoberno e para termos cada vez máis ferramentas para desenvolver a capacidade que ten o país, que se demostra cada vez que os galegos e as galegas podemos decidir e marcar o noso futuro.

Nos últimos dezaseis anos vostedes, o Partido Popular, non só foron cómplices, senón que acataron, submisos, unha estratexia recentralizadora nefasta para Galiza, que xustificaron, primeiro, coa crise, e que despois tampouco corrixiron.

Señorías, temos razóns de moito peso para solicitarlle ao Estado a transferencia a Galiza das competencias en materia de salvamento marítimo e de loita contra a contaminación mariña. Simplemente o feito de termos a taxa de sinistralidade no mar máis alta de toda Europa e de sermos un dos puntos do planeta máis agredido como consecuencia do impacto das mareas negras debería facernos reflexionar. Poderíamos pensar que isto é porque somos o territorio polo que máis barcos pasan e con maior número de mercadorías perigosas. Mais isto non é exactamente así. O punto que ten un maior tráfico e que concentra un número maior de mercadorías perigosas non é —como moitos poden pensar— o corredor de Fistera, é Xibraltar.



Entón, ¿cal é a razón pola que esta realidade sexa a que temos nas nosas costas? Poderíamos falar con claridade dunha inadecuación da lexislación á realidade galega ou duns servizos de salvamento dimensionados, pensados e estruturados tendo en conta cal é a realidade do noso país.

O *Prestige*, señorías, foi o último, polo de agora, dunha longa lista que nos soa a todos; poderíamos citar moitos outros, ¿verdade?: o *Mar Exeo*, o *Cason*, o *Urquiola*, etc., etc. Pero tamén hai outras catástrofes, que son as vidas que se perden no mar, e que levamos padecendo sobremaneira dende hai moitos anos. As propias estatísticas enumeran máis de 100 buques afundidos no que vai de século.

E nós temos claro que esta traxedia é un problema estrutural que ten o noso país, que se repite ano tras ano e que necesita que lle poñamos solución. E para poñerlle solución temos que ter ferramentas e poñer en marcha un novo marco que teña en conta dunha vez a nosa verdadeira realidade, a realidade dunha costa que pouco ou nada ten a ver coa do resto da Península. Ningún outro territorio ten preto de 4.000 embarcacións; en ningún se desenvolven actividades de alto risco no mar como a que levan a cabo, por exemplo, os nosos percebeiros; ningún outro ten 1.200 embarcacións auxiliares para un sector no que somos referente en Europa —o mexilloeiro— ou preto de 400 buques que faenan no litoral.

E a toda esta realidade, a toda esta actividade que se xera nas nosas rías e arredor do noso litoral hai que engadir aínda que ao ano circulan polo corredor de Fisterra sobre 12.000 buques que transportan materias perigosas, como os hidrocarburos, como os levaba o *Prestige*, entre outros buques accidentados. Fronte a Fisterra circula o 70 por cento, nada menos, do transporte marítimo europeo, máis de 764.000 buques nos últimos vinte anos, dos que un de cada tres transporta combustíbel e substancias tipificadas como perigosas.

E a nosa realidade tamén é que no último ano 2024, neste ano anterior, Salvamento Marítimo auxiliou máis de 1.000 persoas en Galiza e actuou en incidentes marítimos en 77 buques mercantes e en 88 barcos pesqueiros.

En definitiva, señorías, unha radiografía dun feito diferencial que fai que necesitemos adaptar o salvamento marítimo á costa do noso país.

Desafortunadamente, a día de hoxe son innumerábeis os exemplos que poderíamos poñer do feito de que non entender e non atender á realidade do mar en Galiza provoca problemas moi serios de seguridade: a limitación da potencia dos motores das embarcacións percebeiras, que pon en risco moitas vidas; a obrigatoriedade de levar elementos a bordo —botiquíns e moitos outros— que non collen literalmente en moitas das embarcacións que faenan nas rías; a distribución discriminatoria dos medios de salvamento marítimo; o funcionamento do sistema de socorro, que provoca en moitas ocasións atrasos intolerábeis, xa que non é de recibo que, cando un barco en Galiza emite un sinal de socorro, ese sinal vaia a Madrid e en Madrid deciden que medios se mobilizan; dende Madrid chaman ao Centro de Coordinación de Salvamento Marítimo en Galiza para que aplique esas decisións; en definitiva, un proceso inaceptábel en pleno século XXI para salvar vidas no mar, onde cada minuto conta e pode ser decisivo.



E logo hai decisións absolutamente esperpénticas e indefendíbeis, como a de gastar 2 millóns de euros nunha base e 13 millóns de euros nun helicóptero en Ruibo, en Cee, en plena Costa da Morte, que segue sen ter unha base de salvamento, e o helicóptero a día de hoxe ten base en Santiago. Un exemplo ben ilustrativo dunha inadaptación á nosa realidade e dunha xestión dos recursos públicos inadmisíbel.

Por iso, nós defendemos estas competencias, para desenvolver un modelo de salvamento de titularidade galega que teña capacidade de resposta inmediata; un servizo público, universal e gratuíto, que deixe atrás ese modelo economicista que condiciona ata o extremo o salvamento; un servizo dotado acadamente e coordinado, sen dúbida, co resto dos servizos do Estado, de Portugal e do resto da Unión Europea.

Falamos, señorías, dunha proposta que é totalmente viábel, legal, evidentemente, e que depende basicamente de que haxa vontade política; de que se queiran tomar as decisións aquí e de que o Goberno galego asuma as súas responsabilidades, precisamente para mellorar a vida dos galegos e das galegas, nomeadamente dos homes e das mulleres do mar.

Por iso, hoxe solicitámoslles a todos os grupos da Cámara que non poñan impedimento a poder tratar este tema, a apoiar a súa toma en consideración, que é o que estamos tratando hoxe, e, posteriormente, a desenvolver un debate que atenda aos beneficios para a cidadanía galega.

Hoxe, señorías, o País Vasco, por exemplo, xa ten transferida esta competencia, malia ter unha costa infinitamente menor que a nosa: 246 quilómetros, 20 portos e unha frota pesqueira de arredor de 190 barcos. Euskadi vén de asumir recentemente a planificación, a coordinación e a prestación dos servizos de busca, rescate e salvamento marítimo nas augas interiores e territoriais, así como a potestade sancionadora. Neste caso, o Estado resérvase a capacidade lexislativa e regulamentaria, a sinatura de acordos internacionais e a coordinación do control de tráfico marítimo, pero a operativa e os recursos destinados a rescates e a emerxencias marítimas serán de control autonómico, de xeito que poida haber unha mellor adaptación ás particularidades da costa vasca e unha atención máis directa en seguridade e protección á súa xente do mar.

Aquí, señorías, en Galiza, xa van moitas veces nas que o Partido Popular impediu precisamente que Galiza acrecentase a súa capacidade de autogoberno, malia faceren anuncios sistematicamente en favor del que nunca concordan co que votan nin aquí nin en Madrid.

Hoxe, señorías do Partido Popular, pero en xeral todas as señorías da Cámara, teñen unha nova oportunidade, unha oportunidade para poñerse do lado dos galegos e das galegas, dos seus intereses, e, dende logo, unha oportunidade para demostrar aquí que realmente apostan pola capacidade de decidir deste país.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.



(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)

Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor López Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

O Grupo Parlamentario Socialista vai apoiar a toma en consideración desta proposición de lei, porque entende que Galicia ten dereito a avanzar no seu autogoberno e a xestionar de forma máis próxima aquelas materias que afectan directamente a súa realidade económica, social e territorial. E poucas cuestións reflicten mellor esa realidade que a seguridade marítima e a protección do medio mariño, elementos esenciais para a vida, a economía e a identidade do noso país.

Agora ben, este apoio non pode confundirse cun cheque en branco. Unha transferencia deste alcance exige seriedade institucional, planificación e recursos, e o marco axeitado para abordala é a Comisión Mixta de Transferencias, entre a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, que é o instrumento constitucional previsto e o máis adecuado, tanto desde o punto de vista legal como político, para negociar con rigor técnico e financeiro cada traspaso de competencias.

A iniciativa presentada polo BNG propón que Galicia asuma as funcións de planificación, coordinación e prestación dos servizos de busca e salvamento marítimo, así como a prevención e loita contra a contaminación do medio mariño. Inclúe tamén o control do tránsito marítimo, a determinación de zonas de fondeo e manobra, a supervisión da seguridade portuaria ou a formación e titulación específica do persoal. Dito en termos prácticos, non se trata só de rescatar persoas en perigo no mar, senón de asumir o control operativo da seguridade e da xestión marítima en todo o litoral galego, dispor de medios propios, coordinar as emerxencias, xestionar remolques, manobras, mercadorías perigosas e verteduras, e mesmo elaborar un plan galego de salvamento e de loita contra a contaminación, que debería integrarse na rede nacional e europea.

Estas son competencias de enorme complexidade técnica, que hoxe desenvolve o organismo estatal Salvamento Marítimo (Sasemar), con máis de 1.500 profesionais, 3 centros de coordinación en Galicia (Fisterra, A Coruña e Vigo), helicópteros, embarcacións e sistemas de comunicación modernos e especializados que permitiron salvar máis de 1.000 vidas só no 2024. Replicar ese dispositivo exixiría un investimento moi elevado, persoal especializado e unha estrutura organizativa da que a Xunta de Galicia a día de hoxe carece.

O Servizo de Gardacostas, que conta actualmente cuns 230 empregados, cumpre un papel fundamental nas nosas costas, pero non dispón aínda dos medios nin das capacidades para asumir a totalidade destas competencias.



Os socialistas votamos a favor da base permanente de salvamento na Costa da Morte. En todo caso, se a Xunta de Galicia realmente ten vontade de asumir estas competencias —algo que, visto o rumbo dos últimos anos, non está en absoluto claro—, debe demostralo con feitos. Porque non abonda con reclamar unha competencia para tela nominalmente; hai que exercela de forma efectiva e hai que facelo con responsabilidade e preparación, non esco-rrendo o vulto nin botando balóns fóra cando toca actuar. Iso require unha planificación previa seria, unha avaliación técnica, orzamentaria e operativa que garanta que cando che-que o momento Galicia poida asumir o salvamento marítimo con todas as garantías e que non nos volva pillar o touro, como acontece coas competencias de ordenación do litoral.

E agora, señorías, o PP pretende poñerse a medalla do defensor do autogoberno, pero pre- gúntome: ¿que fixeron en dezaseis anos de goberno? ¿Cantas competencias solicitaron for- malmente ao Goberno de España? O Goberno de Touriño conseguiu trece transferencias. A realidade é teimuda. A única competencia transferida é a do litoral, que nós sempre defen- demos, pero sobre a que estaremos moi vixilantes, porque temos fondas dúbidas cando vemos a conselleira de Medio Ambiente defender con tanta contundencia a legalización de todas as construcións e dos chiringuitos nas praias, mentres non amosa a mesma firmeza á hora de reforzar a protección ambiental de Galicia. *(Aplausos.)*

Fala do refuxio climático galego, pero non acode nin á cimeira de clima á que foi convocada polo Goberno de España. Outro plantón, un máis dos que xa nos ten acostumados o Goberno galego do PP; plantón no Consello de Política Fiscal e Financeira; plantón nas comisións de coordinación de emerxencia; plantón na repartición solidaria dos nenos e nenas migrantes que chegan a España sen nais nin pais. Son exemplos dunha constante falta de lealdade ins- titucional e dun seguidismo total do señor Rueda ao señor Feijóo. Feijóo manda, Rueda obe- dece e Galicia perde. ¿Iso é defender Galicia? Non, porque o verdadeiro autogoberno deféndese nas mesas de diálogo, reclámase nas comisións bilaterais de transferencias, po- ñendo Galicia na cabeza e no corazón, non en roldas de prensa. Deféndese con propostas serias, non con discursos de confrontación.

E a proba de que se pode avanzar con diálogo e con sentido de país é o acordo do 5 de maio de 2025 na Comisión bilateral constituída arredor da Lei de medidas de 2025, na que se che- gou a acordos en cinco dos sete artigos cuestionados; o mesmo espírito de cooperación co que se están reclamando outras competencias, como os aeródromos que non sexan de inte- rese xeral, as da meteoroloxía ou as de permiso de traballo das persoas migrantes.

Por tanto, a pregunta non é se Galicia debe ter máis competencias, unha pregunta á que nós sempre respondemos que si, senón se pode asumilas hoxe con garantías. E a resposta ho- nestamente é que aínda non. Para poder facelo sería imprescindible un proceso de transfe- rencia gradual, cun acordo técnico sobre infraestruturas, medios e persoal acompañado dunha financiación suficiente e estable. E ese traballo só pode facerse no ámbito da Comisión Mixta de Transferencias.

Ao mesmo tempo, debemos ter claro que, tal e como se evidenciou nas negociacións entre o Goberno central e Euskadi, é previsible que o Estado queira manter o control sobre deter- minadas competencias clave, como a capacidade lexislativa básica, os acordos internacio-



nais, a planificación nacional de salvamento marítimo e o control do tráfico marítimo, entre outras.

E este posicionamento é lóxico e razoable, pois falamos dun sistema que debe funcionar como unha rede única de seguridade. Non se trata con iso de limitar a autonomía de Galicia, senón de evitar fallos de información e de planificación nun ámbito que require interoperatividade, coordinación e respostas rápidas e unificadas.

Por tanto, defender que o Estado manteña certas capacidades non supón impor unha tutela sobre o Goberno galego, senón crear un complemento necesario para o seu correcto desenvolvemento a través dun modelo de colaboración no que, por unha parte, estea asegurada a unidade operativa en todo o Estado e no que, pola outra, se xere un marco no que Galicia poida exercer plenamente as competencias que hoxe se propoñen asumir.

Os socialistas cremos, en resumo, que Galicia debe xogar un papel máis activo na xestión da súa seguridade marítima, pero que ese protagonismo debe construírse sobre bases sólidas. Por iso consideramos que o camiño debe pasar, en primeiro lugar, por abrir formalmente unha negociación na Comisión Mixta de Transferencias, na que se realice un estudo técnico e económico desta materia; e, en segundo lugar, por unha aposta clara e decidida da Xunta para reforzar o Servizo de Gardacostas, dotándoo de máis medios humanos, materiais e tecnolóxicos, que lle permitan asumir os recursos e as funcións que poida transferir o Estado, e reforzar a cooperación con Salvamento Marítimo estatal, mellorando a coordinación dos medios, os protocolos de actuación e a resposta ante emerxencias.

Ese é o modo de avanzar no autogoberno: con diálogo, planificación e lealdade institucional, non con xestos simbólicos. Galicia necesita competencias, si, pero tamén medios para exercelas.

Por todo iso, o Grupo Socialista votará a favor da toma en consideración desta iniciativa, porque comparte o obxectivo político de reforzar a capacidade de decisión de Galicia e o seu papel na seguridade marítima, pero tamén advertimos que, se se quere seguir contando co noso apoio, o camiño debe ser o do rigor técnico, a cooperación institucional e a planificación a medio prazo.

Queremos unha Galicia con máis competencias, si, pero tamén con máis recursos, máis preparación e máis responsabilidade; unha Galicia que asuma o seu papel na xestión, na seguridade marítima e na protección do mar con solvencia, pero que tamén o faga en cooperación leal co Goberno de España, porque esta é unha materia que exige coordinación, profesionalidade e rigor. Non podemos permitírnos perder unha soa vida nin danar o noso ecosistema por fallos de comunicación e planificación entre as administracións.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fidalgo.



MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Hoxe estamos aquí a debater unha proposta que non é nova nin innovadora. Xa a escoitamos no 2003, no 2010, no 2014, no 2019, e sempre coa mesma formulación, os mesmos argumentos e a mesma desconexión coa realidade legal e operativa. Porque repetir unha proposta mil veces non a fai máis viable, señora Pérez. E, se non se fixo nin en Galicia nin en ningunha outra comunidade autónoma, non é por falta de vontade política, é porque o salvamento marítimo ten límites constitucionais, internacionais e operativos moi moi claros.

Estamos a falar dunha actividade que require resposta inmediata e coordinación total nunha zona de responsabilidade de máis dun millón e medio de quilómetros cadrados, unha área que implica tratados internacionais, cooperación coa Organización Marítima Internacional e coa Unión Europea.

Por iso, se ningunha comunidade autónoma en España, nin Euskadi, nin Cataluña, nin Canarias, ten transferida esta competencia, non é por falta de ambición política, senón porque non é viable.

Señorías, o que hai en Euskadi é un principio de acordo que non supón unha transferencia plena da competencia de salvamento marítimo. O País Vasco só asumiría a xestión operativa en augas interiores, non se transfiren bens nin persoal e o Estado mantén todo o esencial: lexislar, coordinar a resposta nacional, aprobar o plan de salvamento e controlar o tráfico marítimo. Así que, señores do BNG, deixen de vender como modelo algo que na práctica segue dependendo de Madrid. *(Aplausos.)*

Galicia, señorías, non está agardando a que lle dean competencias. Galicia foi pioneira no salvamento marítimo en España. A Xunta creou en 1990 o Servizo de Salvamento Marítimo de Galicia, antes de que existise, en 1992, Sasemar a nivel estatal. Fomos a primeira comunidade con centro de coordinación autonómico, con embarcacións e helicópteros propios. Levamos máis de trinta e cinco anos salvando vidas, protexendo o noso mar e actuando con eficacia no litoral galego. Hoxe o Servizo de Gardacostas é referencia nacional e internacional, con capacidade de resposta inmediata e coordinación exemplar, operando as 24 horas do día e os 365 días do ano.

Por iso, cando o Bloque Negacionista Galego vén aquí falar como se Galicia fose unha espectadora, están facendo o que mellor saben facer: confundir, enganar e mentir. Galicia, señora Pérez, non é espectadora. Galicia leva tres décadas liderando o salvamento marítimo. *(Aplausos.)* E, por iso tamén, cando propoñen crear novas estruturas, duplicar administracións e fragmentar a coordinación, non están mellorando nada, están poñendo en risco un sistema que funciona, porque cando hai unha emerxencia no mar o que importa non é quen ten a competencia escrita nun *DOG* ou nun *BOE*, senón quen chega antes e salva vidas.

E, xa que falamos de irresponsabilidade, permítanme lembrarlles algo que pasou hai moi pouco tempo: a crise dos pellets, provocada polo accidente do barco *Toconao* en Portugal;



deste olvidouse, señora Pérez, do barco *Toconao*. Foi unha crise ambiental seria, que requiría coordinación, información clara e rigorosa. E, mentres a Xunta traballaba con medios, con gardacostas, con coordinación e con transparencia, BNG e PSOE ¿que fixeron? Verter bulos que danaron a imaxe de Galicia. Mentres uns limpaban as praias, as Xuventudes do Partido Socialista colgaban en redes unha foto dun peixe de Sri Lanka tomada en 2021 dicindo que era Galicia. (*Aplausos.*) E o BNG, o mesmo: unha foto feita en Texas, como se fose dunha praia galega. Pero isto é o que fixeron vostedes, señores do BNG e do PSOE, non o esquecemos nunca.

Permítanme tamén lembrar algo importante: cando hai oportunidades de avanzar en autogoberno, non todos actúan igual. Cando se aprobou a Lei do litoral, unha lei histórica para Galicia, BNG e PSOE abstivéronse, puxéronse de perfil, non apoiaron unha transferencia real, útil e concreta, e agora veñen falar de autogoberno, con propostas que saben perfectamente que non teñen percorrido constitucional nin operativo.

O Partido Popular de Galicia ten unha posición clara e coherente. Galicia non renuncia a máis autogoberno, Galicia quere transferencias reais, útiles e exercibles. Aí está a nosa reclamación da AP-9, bloqueada no Congreso, con máis de sesenta prórrogas do prazo de emendas; aí están as peticións de traspaso en aeródromos e permisos de traballo, que teñen un impacto real e directo; e aí está tamén o acordo coa Administración central para iniciar canto antes mesas técnicas e avanzar nestes traspasos. Iso é autogoberno real, non pancartas nin fotos falsas, nin manipulacións. (*Aplausos.*)

Pero hai algo, señorías, que tamén debemos dicir con claridade: o BNG, tan bravo en Galicia e tan manso en Madrid. Aquí fan discursos inflamados, pero alí seguen sostendo a Pedro Sánchez e o Partido Socialista, o Partido das Chistorras, o partido que cheira a escándalo e a corrupción (*Aplausos.*). Esas son as contradicións e a hipocrísia do Bloque Nacionalista Galego, que presumen de fascismo pero que despois chaman fascista a Premio Nobel da Paz, María Corina Machado, os que reciben en Bilbao instrucións de Bildu, herdeiros dos terroristas da ETA; ¿para que?; porque os xefes do BNG mandan axitar a rúa. Pretenden traer a Galicia a *kale borroka* vasca, e xa lles adiantamos que o Partido Popular de Galicia non o vai permitir. (*O deputado Miguel Fidalgo Iglesias mostra unhas fotografías.*) Esta é a foto da vergoña, señores do BNG, (*Aplausos.*) estas son as fotos da vergoña. Así é. E, mentres vostedes se alporizan, manipulan e se contradín, Galicia segue traballando e avanzando con seriedade e estabilidade, porque Galicia Calidade tamén é ter unha administración ordenada, e ter unha administración ordenada significa, por exemplo, aprobar uns orzamentos en tempo e forma.

E iso, señorías, ¿que é o que dá? Dá estabilidade, e estabilidade significa fiabilidade, e fiabilidade significa confianza en Galicia, confianza para investir, para crecer e para garantir servizos públicos de calidade. E, fronte a esa incoherencia do Partido Socialista e o oportunismo do BNG, o Partido Popular aporta o sentidiño. Defendemos o mellor para Galicia, aquí, en Madrid, en Bruxelas e en calquera parte do mundo, (*Aplausos.*) sen dobres caras, sen falsas pancartas, con feitos.

Galicia necesita avanzar con paso firme. O que necesitamos é máis medios, máis coordinación, máis eficacia, e para iso temos o Servizo de Gardacostas, un servizo pioneiro e



recoñecido que leva trinta e cinco anos protexendo o noso litoral. Non necesitamos duplicar mandos nin crear organismos novos, que só servirían para xerar confusión en plena emerxencia.

Por iso, señorías, non imos apoiar esta proposta, non porque non queiramos máis autogoberno, ao contrario, senón porque esta iniciativa non mellora nada, non é viable e non responde ao interese real de Galicia. Separar o salvamento marítimo e a loita contra a contaminación contravén os compromisos internacionais, que exigen un coordinador nacional único nestas materias. Apostamos por intensificar a coordinación entre Salvamento Marítimo e Gardacostas de Galicia, un servizo exemplar e singular en toda España, para mellorar aínda máis a resposta ante as emerxencias e episodios de contaminación.

A seguridade marítima, señorías, non se improvisa nin se fragmenta, nin se manipula. Galicia non precisa que lle dean leccións. Galicia leva trinta e cinco anos protexendo o seu mar, salvando vidas e liderando desde a responsabilidade. Galicia ten un servizo que funciona.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez Fernández.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

O que é, señor Fidalgo, unha auténtica desconexión da realidade é, entre outras moitísimas cousas, o seu discurso. Utilizan para todo o mesmo discurso. E están vostedes para falar de pancartas, de terrorismo e de non se sabe cantas cousas das que falou aquí. Están vostedes para falar diso ao mesmo tempo que se está xulgando a Gürtell. ¿Recorda vostede o señor Pablo Crespo? (*Aplausos.*) Estase xulgando neste momento. ¿Recorda vostede o señor Pablo Crespo, o responsable de organización do Partido Popular de Galiza? ¿Lémbralo? Un señor que acaba de recoñecer diante do xuíz os delitos de fraude fiscal e de branqueo de diñeiro da trama do Partido Popular. Están vostedes para falar de pancartas. (*Aplausos.*) Iso si que é estar desconectado da realidade, absolutamente desconectado; é vivir noutro planeta.

Fala vostede do Servizo de Gardacostas. Di vostede que Galiza non necesita pedir competencias, porque Galiza é pioneira en materia de salvamento marítimo. Poderíamos falar largo e tendido de todas as deficiencias que ten o Servizo de Gardacostas de Galiza. Para exemplo, moitas das iniciativas que temos levado á Comisión 8ª sobre, por exemplo, por poñer un, a privatización absoluta dos medios de helicópteros... (*Murmurios.*) Non, é que non sei por que lle dá á cabeza, é que o propio presidente Rueda recoñeceu publicamente que a empresa fora sancionada en varias ocasións precisamente por incumprir o contrato; entón, non lle dea á cabeza. Vostede sabe que hai deficiencias e moi graves, sábeo. Ben, iso podémolo tratar á parte.

E logo, claro, que nos veña aquí poñer o exemplo da xestión no caso dos pellets é para botar as mans á cabeza, un caso onde vostedes pasaron días tirando a pelota uns aos outros e onde



os concellos tiveron que facerse os competentes absolutamente en todo, porque o Goberno galego non existía (*Aplausos.*); e cando existiu foi para reclamarlle case naves espaciais ao Goberno, non lle chegaban os medios que pedían nin para toda Europa. Foi absolutamente penoso o desenvolvemento desa competencia por parte do Goberno galego.

Mire, señor Fidalgo, na tramitación da Lei do litoral vostedes esgrimiron durante meses o argumento do agravio por parte do Goberno central, que aprobaba o traspaso da competencia do litoral ao País Vasco pero non a Galiza. Durante meses acusáronnos aquí, e mentiron unha e outra vez, de votar en contra da Lei do litoral, de non estar —leo literalmente— a carón dos galegos e de Galiza. O propio presidente da Xunta acusou o Goberno central de ensañamento —isto é textual, jeh!, señor Fidalgo: contra Galiza— e mesmo nos exixiron que pediramos desculpas polo noso posicionamento na lei; un posicionamento que non foi en contra —acaba de dicilo vostede na súa primeira intervención, creo que é a primeira vez que llo escoito—. Nós non temos nada en contra —todo o contrario— de que esa materia estea transferida a Galiza. Nós mesmos incluimos precisamente esa transferencia en numerosas peticións de traspasos, tanto aquí como en Madrid. E ¿sabe o que votaba sistematicamente o Partido Popular? Que non, votaba sistematicamente que non. E a nosa abstención, señor Fidalgo —que xa o explicamos no seu día— non vén porque esteamos en contra de que Galiza teña esa competencia. A nosa abstención foi porque —e agora xa o estamos comprobando— moito temíamos o desenvolvemento e a utilización que ía facer o Partido Popular precisamente desa transferencia: blindar determinados usos, como o turístico ou o industrial, da costa; incluír como un sector estratéxico a eólica mariña, impulsando instrumentos como o catálogo de bens, que só responden a intereses especulativos e pretende privatizar edificios históricos. E todo isto en detrimento precisamente da función produtiva das rías, todo isto en serio menoscabo das actividades produtivas tradicionais: o marisqueo, a pesca sustentábel, a acuicultura extensiva, fronte a actividades contaminantes —que esas si son a súa bandeira— e agresivas, como a mina de San Fins, como a mina de Touro ou como a implantación —erre que erre— de Altri. (*Aplausos.*)

Esas son, señoría, as actividades que vostedes reservan para o noso litoral, para o seu empeoramento definitivo e para a súa privatización, para favorecer os intereses das súas empresas amigas. Por iso, non apoiamos esa lei —non a transferencia, senón precisamente o que temíamos, e estase cumprindo— do Partido Popular.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato.

A vostedes, señorías, non lles importa nada, absolutamente nada, o noso litoral nin a seguridade no mar. Vostedes só utilizaron os argumentos da discriminación e o do agravio cando lles conveu. Euskadi neste momento ten a competencia —ou vaina ter proximamente— en salvamento marítimo.

E remato facéndolles unha pregunta: ¿por que agora, señorías do Partido Popular, é fulcral para vostedes que non haxa agravio e que non haxa discriminación cando se nalgún lugar ten sentido que reclamen as competencias de salvamento marítimo é en Galiza? O Partido



Popular é quen leva dezaseis anos sendo o verdadeiro motor e o verdadeiro cómplice da discriminación de Galiza.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

Votación dos textos lexislativos

O PRESIDENTE: Procedemos á votación do texto lexislativo. Pechen as portas, por favor.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37; abstencións 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei orgánica.

O PRESIDENTE: Continuamos desenvolvendo a orde do día. Pasamos ao punto segundo, comparecencias.

Comparecencia do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar das accións que está a desenvolver esta consellaría na procura de reter e sumar talento cara á cobertura de postos vacantes no eido laboral

O PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González Vázquez.

O CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (José González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas, señorías, moi bo día a todos e todas. Estarán de acordo comigo en que, dentro do ámbito do emprego, un dos grandes retos —ademais, é unha problemática xeneralizada non só en Galicia, senón tamén España, e eu diría que en Europa— é, sen lugar a dúbida, a falta de man de obra, xunto coa cobertura de vacantes.

Ao respecto, en xaneiro deste mesmo ano comparecín aquí por petición propia para falar da nosa estratexia e dar conta das medidas que estabamos tomando para facer fronte a este desafío: retención e suma de talento. E hoxe, señorías, convencido da necesidade —sempre traslado— de render explicación diante deste Parlamento e, sobre todo, do enriquecedor que espero que resulte este proceso, quero dar traslado do camiño que está a seguir Galicia e que seguirá no futuro neste ámbito.

Certamente, aquela dicotomía da que falabamos a comezos deste ano segue presente, pois seguimos asistindo, por unha banda, á falta de man de obra e, por outro lado, continúa



tamén existindo unha importante porcentaxe de xente en busca activa de emprego, aínda que podemos dicir que estamos no mellor dos escenarios en canto ás cifras tanto de paro como de afiliacións.

Neste sentido, identificamos a cobertura de vacantes laborais como un desafío que resulta tan estrutural como común aos diferentes mercados de traballo, aos que queremos dar resposta para que o tecido empresarial galego siga sumando competitividade. Nesta tarefa, unha das prioridades das que falamos en xaneiro era poñer en contacto esta falta de man de obra e determinar onde estaban os sectores máis afectados; polo tanto, axudámonos —como non pode ser doutro xeito— dos axentes sociais, e determinamos certas carencias no Catálogo de postos de difícil cobertura. De feito, en xaneiro, expresáballes a nosa vontade de propoñer a súa actualización ao Goberno central. Hoxe xa o fixemos e formulámoslles o interese por actualizar este catálogo ao Servizo Público de Emprego estatal, co obxecto de optimizar esta ferramenta —digo da man dos representantes dos empresarios e dos traballadores—.

Tamén dende o Goberno galego somos conscientes de que a Administración debe velar pola eficacia das políticas que se poñan en marcha. Somos conscientes, señorías, de que como Administración, en consenso co resto de institucións públicas, debemos facilitar e non estorbar o traballo das empresas, verdadeiras creadoras de emprego e riqueza, e, de feito, traballamos man a man con elas, sempre nun proceso de diálogo e escoita activa, e tamén cos representantes dos traballadores, e abordando con estes axentes as ferramentas que impulsamos para afianzar o mercado laboral.

Deste xeito, vimos traballando nunha Galicia que forma, que retén e que suma talento, co foco posto en mellorar as posibilidades da poboación en busca activa de emprego, pero tamén de cara a atraer talento de galegos e galegas do exterior, ademais de persoas de terceiros países que estean interesadas en traballar aquí.

Vou, en primeiro lugar, dar conta do que levamos feito e do que imos facer no ano 2026 no ámbito da formación; desa Galicia que forma, porque é un feito innegable que se queremos abordar con éxito o reto da cobertura de vacantes laborais, debemos afondar, en primeiro lugar, na formación e mellorar a empregabilidade das persoas demandantes de emprego e tamén da xente que está traballando, efectivamente. E vou, como xa fixen en xaneiro, trasladar, en primeiro lugar, a importancia e flexibilizar esa formación; polo tanto, falaremos aquí de microcredenciais.

Para impulsar a empregabilidade real das persoas demandantes ou daquelas ocupadas que intenten ou que queiran mellorar a súa situación laboral hai que apostar por unha formación flexible. E, neste ámbito, a aposta de Galicia é, sen ningunha dúbida, as microformacións. É dicir, a formación inicial das persoas é importante, pero hoxe tamén hai un consenso en que debe considerarse que é o comezo dunha vida enteira de aprendizaxe constante. Esa aprendizaxe permanente é un elemento fulcral de todas as políticas de formación actuais, e non ía ser menos das políticas da Xunta.

Estamos facendo, por iso, un esforzo sen precedentes para flexibilizar a formación para o emprego, apostando —como lles traslado— polas microcredenciais como unha ferramenta



fundamental da nosa oferta formativa. Ademais, é unha demanda dos diferentes sectores e tamén é unha recomendación da propia Unión Europea. Hai unha recomendación do Consello de Europa ao respecto. Xa pasaron máis de dous anos desde a aplicación desa recomendación, pero non se produciu ningunha regulación de microcredenciais a nivel estatal. Con todo, Galicia iniciou xa a tramitación do marco galego das microcredenciais para o traballo no pasado 8 de setembro, e prevemos, señorías, que as normas que regulan as microcredenciais para o traballo en Galicia estean aprobadas no mes de decembro deste mesmo ano, do ano 2025.

Ademais, señorías, dende xaneiro podo trasladarlles que comprobamos, efectivamente, o bo funcionamento das microformacións. Lémbrolles que no ano 2024 firmamos convenios con diferentes clústeres, que aproveitaron os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia para poder facer esas microformacións adaptadas ás necesidades das empresas que forman parte dos ditos clústeres. Pois ben, no ano 2025, grazas a ese bo funcionamento, acadamos unha aportación adicional por parte do Ministerio de 7,5 millóns de euros; fondos do MRR que non se estaban executando noutras partes de España, pero que foron executados en Galicia a través desa relación, deses convenios cos clústeres e coas microcredenciais. (*Aplausos.*)

E tamén lles traslado que este esforzo seguirá no ano 2026, no que orzamos, nos orzamentos do ano 2026, outros cinco millóns de euros para poder seguir facendo esas microcredenciais; neste caso, nun piloto para competencias dixitais especializadas. Eu quero dicirlles con toda a contundencia que non queda máis que avanzar nese eido da flexibilización da formación para o emprego. Pero, ademais, esa formación pola vía das microcredenciais ten que axudarnos tamén a abrir as portas a aquelas persoas que están en situación irregular; persoas estranxeiras que están en situación irregular, pero que demandan traballar. Esas microformacións están sendo utilizadas en Galicia a través do arraigo para a formación, e somos a única comunidade autónoma que utiliza esas microcredenciais. Falarei máis deste programa ao longo da comparecencia.

Quero seguir tamén trasladando as accións que executamos durante este ano para o emprego; é dicir, 14 millóns de euros en accións formativas a demanda do tecido produtivo. Dícialles antes que a formación ten que ir pola vía da flexibilización, pero tamén adecuarse o máximo posible ás demandas do tecido produtivo. É dicir, temos que facer unha formación á carta; se queren, unha formación de curta duración, unha formación flexible e, como digo, adaptada a esas necesidades.

Tamén temos nese eido o Bono Talento Empresa, con 1,6 millóns de euros, que nos permite a impartición de microcredenciais dende as empresas, ou fomos capaces de crear unha rede de centros asociados de formación para o emprego que se centran especificamente nas especialidades máis demandadas; é dicir, non damos formación que non requiran as nosas empresas, os nosos traballadores, senón que nos adecuamos ás súas necesidades.

Dentro desta liña tamén me parece interesante destacar o bo funcionamento das unidades formativas nas empresas, que neste ano 2026 volverán contar cun orzamento de 8 millóns de euros. É dicir, aquí o que buscamos é a cualificación profesional de persoas traballadoras desempregadas, pero orientándoas á mellora das competencias profesionais necesarias para o desempeño dos postos de traballo que van ser obxecto de contratación polas empresas que



teñen acceso a estas unidades formativas. É dicir, flexibilizamos de novo a formación para o emprego, buscando potenciar esas competencias e habilidades dos traballadores, que ligan logo a eses postos de traballo que lles están asegurando ás empresas que poñan en marcha estas unidades formativas.

Outra cuestión na que estamos tamén —e ten que ver coas entidades locais— son tanto os obradoiros como os programas integrados de emprego. Neste ano 2026, tanto para os programas integrados de emprego como para os obradoiros van 44 millóns de euros; quere dicir que imos facer un impulso moi importante para mellorar a empregabilidade das persoas participantes, apostando pola formación práctica e ligándoas ás empresas do ámbito comercial ou do ámbito espacial, que ten que ver con eses obradoiro de emprego para, como digo, mellorar esa empregabilidade.

E outra cuestión que me parece importante tamén é orientalas o máximo posible ao eido rural. Polo tanto, quero dicirlles que a metade das prazas dos obradoiros deste ano estarán destinadas á formación agraria, clave para o desenvolvemento rural e tamén para a prevención de incendios. Por suposto, a empregabilidade funciona tamén moi ben no ámbito dos programas integrados de emprego; tamén neste ano 2025 tivo un orzamento importante que se vai volver repetir no ano 2026.

Isto todo, señorías, en canto á formación que estamos impartindo, tanto para persoas desempregadas como tamén para persoas que estean traballando e que queiran —como digo— mellorar a súa empregabilidade, a súa situación laboral.

Pero tamén temos que apostar por reter o talento co que conta Galicia. É dicir, todas as nosas políticas teñen que estar encamiñadas á creación dunha ponte efectiva que case de xeito máis eficiente a oferta e a demanda, que potencie a nosa forza laboral interna. E aí estamos con diferentes actuacións, que eu enunciei aquí xa en diferentes ocasións, pero que quero trasladarlles tamén como se comportou no ano 2025.

En primeiro lugar, a modernización do Servizo Público de Emprego, no que se refire ás súas infraestruturas. Temos en marcha o Plan de infraestruturas da Consellería, que este ano contou cunha partida importante; no ano 2026 levará tamén orzados 7,5 millóns de euros.

En segundo lugar, o bo funcionamento da ferramenta informática EMI —faleilles en diferentes ocasións dela—, que sincroniza a oferta coa demanda de emprego en tempo real. Xa a temos operativa nas 54 oficinas de emprego de Galicia, e tiñamos un obxectivo —que llo trasladé aquí, neste Parlamento— de 75.000 perfilados. Estamos por riba dos 79.000, case estamos nos 80.000 perfilados. E no ano 2026 continuaremos mellorando esta ferramenta.

O Programa de seguimento intensivo da demanda de emprego. Temos que facer especial fincapé, especial atención, na xente que está nas listas do paro. É esencial coñecer o perfil destas persoas e, cando estean nalgunha situación complicada, coñecer exactamente o que está pasando. O certo e verdade é que este programa intensivo leva atendido a máis de 60.000 persoas, e conseguiu que 14.000 delas foran contratadas e que 12.000 se desen de baixa precisamente por ese traballo que estamos facendo. O obxectivo non é outro —como



digo— que prestar especial atención e poñer o foco nas persoas que sexan demandantes activas de emprego.

Tamén temos programas de colaboración coas entidades locais. Antes falaba dos obradoiros de formación, pero no que se refire á retención de talento, quero destacar de xeito especial o Aprot rural, que deu —como saben— moitos postos de traballo este ano, moitos traballos no ámbito da prevención de incendios. Por iso, neste ano 2026, tamén imos reforzar esta liña coa creación da figura da persoa coordinadora en materia de prevención de incendios e cunha nova dotación ao Aprot doutros sete millóns de euros, ata chegar aos 20 millóns de euros. Como digo, isto permite a contratación de xente por parte das entidades locais, persoas desempregadas, e moitas delas van estar dedicadas á prevención de incendios. *(Aplausos.)*

Señorías, a xeración de postos de traballo nas entidades locais, que tamén se acaba co Programa Cooperas, este ano contará con 15 millóns de euros —cando falo deste ano, refírome, pola cercanía do orzamento, ao no ano 2026—, co obxecto de favorecer o emprego público institucional para persoas desempregadas. Pero dentro dese reforzo da forza laboral interna, loxicamente, tamén temos que ter un papel no apoio aos autónomos —tan importantes no tecido económico galego— co emprendemento. Como saben, asumimos un compromiso electoral de que todas as ordes de axuda dos autónomos se recollen nunha única orde para darlle precisamente ese carácter de administración facilitadora á Administración autonómica. Ese paquete de 40,7 millóns de euros que xa se fixo nunha orde única o ano pasado vaise seguir mantendo con algunhas das medidas, como pode ser o Bono Autónomo e o Programa Nova oportunidade, entre outras liñas. Saben, señorías —recórdollelo—, que temos unha Axencia de Impulso ao Emprego Autónomo Horizonte 2027, que está cumprindo os seus fitos; pero non nos conformamos, temos que reforzar, se cabe máis, o apoio a este colectivo tan importante en diferentes ámbitos da nosa economía. Esa estratexia vai contar no ano 2026 cun orzamento de 2 millóns de euros.

No que se refire ao emprendemento, creo que hoxe xa non se discute a forza que está tendo —nese emprendemento que defendemos dende a Xunta de Galicia— o emprendemento ligado ao territorio, os polos de emprendemento. Son 15, espallados polo territorio, dos cales, excepto o de Ferrol, o resto están —como digo— no territorio rural; e creo que estamos facendo un esforzo moi importante para apoiar un emprendemento ligado ao territorio, un emprendemento que xere postos de traballo nese territorio, naqueles sectores nos que os nosos recursos teñen máis forza; e, señorías, esa rede de polos leva atendido preto de cinco mil proxectos dende a súa posta en funcionamento. *(Aplausos.)*

Nesta liña de retención de talento, apostamos tamén pola mocidade, como non pode ser doutro xeito. Saben que dende a Consellería —aínda que falemos da Consellería que leva Xuventude, é a propia Xunta— se puxo en marcha o Plan estratéxico de xuventude 2025-2027. Nel a Consellería de Emprego inclúe a Estratexia mocidade activa, que recolle todas aquelas achegas destinadas a impulsar o emprego xuvenil en Galicia. Por darlles algún exemplo de programas, que ademais están funcionando moi ben, están: o Programa de primeira experiencia profesional das persoas mozas, que comporta un orzamento no 2026 de 6,3 millóns de euros —é dicir, mantemos o orzamento—; dentro do Programa Galicia Emprega, temos o apartado específico de mozos, que está dotado con 3,5 millóns de euros; ou



o Programa Investigo, ligado tamén á innovación para a contratación de xente moza, que contará cun orzamento de 4,8 millóns de euros.

E nesa liña de mellorar a forza laboral interna, tamén temos que atender a igualdade laboral. Eu creo que Galicia se significa aí claramente coa liña de axudas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas, que volve estar dotada con 1,7 millóns de euros; e tamén nos incentivos á contratación, a de Galicia emprega muller, estará dotada con 7 millóns de euros.

E vou, se lles parece, nesta comparecencia, ao terceiro bloque. Galicia forma, Galicia retén o seu talento, pero tamén Galicia ten que atraer e sumar talento. É dicir, se Galicia no século XX foi unha Galicia de emigración, este século XXI ten que ser —creo que todos estaremos de acordo— o do retorno. Por tanto, aquí imos falar das políticas a favor do retorno da colectividade galega do exterior, pero tamén —e creo que isto é relevante— a favor das persoas estranxeiras que queiran vir traballar a Galicia, tanto dende o punto de vista de que traballen nas nosas empresas como de que tamén emprendan en Galicia. E hoxe, señorías —creo que todos coincidimos—, Galicia é unha terra de oportunidades. Queremos que tanto a colectividade galega do exterior —é dicir, emigrantes galegos e tamén descendentes destes que noutroa buscaron oportunidades fóra da súa terra e aos que tanto lles debemos— así como aquelas persoas que desexen vivir e traballar aquí poidan sumar o seu talento e capacidades ao mercado laboral, contribuíndo a cubrir vacantes —que é un dos retos importantes—, pero tamén a afrontar o propio reto demográfico.

Déixenme que lles dea conta do Programa Retorno cualifica emprego. Saben que dentro da Estratexia Galicia retorna, o Retorno cualifica de emprego é un programa que trata de poñer en conexión as nosas empresas que demandan postos de traballo cos galegos e galegas do exterior que, efectivamente, por diferentes circunstancias, queren voltar a esta que é á súa terra e, ao mesmo tempo, sumar talento ao noso mercado laboral. Pois ben, como saben, no mes de marzo tivemos unhas feiras de emprego en Arxentina e Uruguai cun éxito extraordinario de asistentes. Hai máis de 3.500 persoas galegos e galegas do exterior que compareceron nesas feiras, e máis xente que se anotou, non só neses países, no programa. Polo tanto, o que estivemos facendo durante estes meses é casar os currículos deses galegos e galegas do exterior coas demandas das máis de 120 empresas que se anotaron ao Retorno cualifica emprego. Pois ben, señorías, no día de hoxe o programa estaba dotado para chegar a 200 persoas, e entre esta edición e a edición pasada imos xa en máis de 350 persoas, galegos e galegas do exterior, que están vindo con contratos de traballo garantidos xa polas nosas empresas. *(Aplausos.)* Antes de que remate o ano chegaremos nesta edición ás 200, que, sumadas ás 150 do ano anterior —como lles digo—, serán unhas 400 persoas. E cando digo 400 persoas, permítanme que aclare que son 400 persoas, en moitos casos familias, porque o galego e galega do exterior normalmente vén coa súa parella e vén tamén cos seus fillos. En definitiva, o que buscamos é acadar resultados pegados á realidade de cada territorio, detectando esas empresas que demandan man de obra e ao mesmo tempo tamén facendo especial fincapé —como digo— para atraer ese talento das galegas e galegos do exterior. Pois ben, ante o bo funcionamento desta estratexia, o vindeiro ano manteremos —como non pode ser doutro xeito— o Programa Retorno cualifica emprego.



Pero estamos con máis medidas para apoiar o retorno dos galegos e galegas do exterior. Eu destacaría as axudas ao retorno, con 2,8 millóns de euros, e as becas Beme. Señorías, este sábado eu vou ir recibir os 250 licenciados galegos e galegas do exterior, que veñen facer posgraos a universidades galegas. Facemos aí unha aposta de 2,5 millóns de euros, pero somos conscientes do éxito desta aposta porque, cos datos de edicións anteriores, vemos que o 80 por cento deses becados quedan en Galicia, contribúen á nosa actividade económica. Eu teño que pedir aquí —e sería unha das cuestións que deberíamos debater entre todos— que se apure por parte do Goberno central a homologación dos títulos universitarios destes becarios. De media, señorías, un estranxeiro que ten que homologar o seu título en España —un estranxeiro ou unha persoa que vén de fóra, que vén cun título dunha universidade estranxeira; que, neste caso, os galegos do exterior non son estranxeiros— tarda cinco anos, e isto é absolutamente inasumible. Quero dicir aquí que, polo menos no caso das becas Beme, deberíamos de acadar o obxectivo de que a homologación de títulos universitarios se producise antes de que rematasen o seu posgraio, para que despois non estivesen en traballos que non se corresponden coa súa cualificación.

Tamén —como lles dicía antes—, eses galegos e galegas do exterior, ou os nacionais de terceiros países que veñen aquí, teñen que vir ou poden vir non só traballar en empresas galegas, senón a autoempregarse, a traballar autónomamente ou ao emprendemento. E quero destacar aí que dende a Secretaría Xeral de Emigración contamos cun orzamento de novo de 1,2 millóns de euros para apoiar precisamente ese autoemprendemento. Aquí hai xente, como todos somos deputados e deputadas, que ve claramente ese emprendemento de galegos e galegas do exterior, e en certas partes do territorio está tendo xa moita transcendencia. Eu creo que é moi importante o valor engadido que nos dá toda esa xente, porque, se algún día tiveron que emigrar, tamén tiveron, na maioría dos casos, que emprender. E creo firmemente que a nosa terra está chamada a ser un referente dese emprendemento vinculado ao territorio; e nese emprendemento vinculado ou ligado ao territorio, o talento foráneo é fundamental. O que buscamos é un emprendemento escalable, innovador, adaptable, circular, sustentable e consciente dos valores únicos que atesouramos; e ese emprendemento pódese facer dende Galicia para o resto do mundo, por suposto, tamén.

Nesta parte, quixera anunciar —dado que estamos vendo que a atracción de talento nos está funcionando ben, sobre todo no que se refire aos galegos e galegas do exterior; logo referireime tamén ás persoas estranxeiras— que neste ano 2026 imos poñer en marcha, de xeito acorde co carácter facilitador deste goberno, unha oficina de atracción de talento na cal se aglutinarán todas as medidas destinadas aos galegos do exterior que decidan retornar para traballar en Galicia, pero tamén a aquelas persoas —como dicía— de terceiros países que escollan Galicia para procurar emprego. Certamente, a demanda de persoas galegas do exterior que desexan retornar ou, en xeral, que deciden emigrar está á altura da necesidade do contexto demográfico da nosa comunidade, polo que entendemos dende a Xunta de Galicia que é necesario crear esa entidade que absorba todo este traballo con plena eficacia e coordinación.

E tamén teño que dicirlles —antes de rematar, señorías— que, loxicamente, nesa atracción de talento ten que haber oco para o talento estranxeiro, sobre todo de cara á cobertura de vacantes do mercado laboral. A atracción do talento do estranxeiro resulta fundamental para facer fronte a este e a outros retos do noso futuro inminente, pero tamén é fundamental, se-



ñorías, a súa integración sociolaboral. Polo tanto, nesa procura de talento de terceiros países, non só lle reclamamos esa axilidade na homologación dos títulos ao Goberno central para favorecer a inserción laboral das persoas, como digo, que veñen a España ou, neste caso, a Galicia con esa titulación superior, senón que demandamos —seguro que o coñecen, e así o trasladamos hai xa uns meses— o traspaso das competencias exclusivas en materia de autorizacións iniciais de traballo; unha solicitude que se ten formulado ao Executivo e cuxo fin último responde á vontade de facer fronte ao colapso administrativo do Estado neste ámbito, reducindo os prazos e facilitando a incorporación do talento do xeito máis rápido posible, con seguridade xurídica, ao mercado laboral de Galicia. Fíxense, non só solicitamos este traspaso para a tramitación e resolución das autorizacións iniciais de traballo por conta allea e propia e dos permisos para actividades laborais de tempada, senón tamén para facer a xestión de contratacións en orixe e as relacionadas cos permisos derivados do arraigamento sociolaboral e socioformativo, así como a tramitación das autorizacións vinculadas a estadias de longa duración por razóns de estudo, mobilidade do alumnado, voluntariado ou formación.

Ten que quedar claro, señorías, que o traspaso destas competencias é un paso clave para potenciar iniciativas pioneiras que impulsamos de cara ao desenvolvemento e ao establecemento de mecanismos que faciliten esa incorporación de traballadores de terceiros países. E tense que facer con dous criterios, na nosa opinión: dando seguridade xurídica, dando certeza, en canto aos prazos, ás nosas empresas, e tamén co apoio das administracións dos países de procedencia. E tamén lles informo de que ao longo deste ano 2025 firmamos acordos —protocolos de acordo— con catro países de América Latina, precisamente para fomentar esa contratación en orixe; e incluso, se fose necesario, para facer a formación previa nos países de orixe dos traballadores estranxeiros que vaian vir a Galicia. Eses catro países son: Colombia, Honduras, Ecuador e Paraguai.

Referíame ao principio da comparecencia á xente que está en situación irregular pero que é demandante activa de emprego, que quere, efectivamente, traballar. E creo que aí Galicia é pioneira na posta en marcha do Programa de arraigo para o emprego. Empezamos ou arrancamos no ano 2023 con entidades do terceiro sector. A primeira edición foi un éxito evidente, conseguimos tanto as autorizacións de residencia como as autorizacións de traballo da práctica totalidade daqueles que se acolleron ao programa, e imos seguir no ano 2026, cun 1,25 millóns de euros. Neste ano 2025, estamos finalizando o programa e imos acadar a integración sociolaboral; é dicir, son persoas en situación irregular, cunha mínima formación en microcredenciais, da man de entidades do terceiro sector e apoiados polas empresas que os van contratar. Estamos conseguindo que teñan esa contratación e que estean aportando, efectivamente, á economía galega e saíndo da súa situación de irregularidade. *(Aplausos.)* Señorías, son 180 persoas, e temos a dificultade de que o Goberno central quere cargarse este programa. Polo tanto, pedimos tamén aquí o apoio do Parlamento para que poidamos seguir mantendo as microformacións neste eido tan importante, que lles recordo que é conseguir ou acadar o obxectivo de que persoas en situación irregular se poidan regularizar pola vía da formación para estar canto antes traballando.

Remato xa a comparecencia centrando, señorías, aquilo no que me gustaría coñecer tamén a súa posición e ver en que podemos avanzar. En primeiro lugar, como saben, centramos os nosos esforzos no que se refire á atracción de talento —a este terceiro punto— e a unha



cuestión tamén de gratitude cos galegos e galegas do exterior: a Estratexia Galicia retorna e fundamentalmente o Retorna cualifica emprego. E no caso das persoas estranxeiras, nós apostamos aquí e impulsamos —queremos impulsar— esa inmigración ordenada e regular da man das nosas empresas, co foco posto en América Latina, por unha cuestión de arraigo, pero tutelando todo o proceso de contratación, tanto dende a orixe —para o cal queremos chegar a eses acordos coas administracións dos países de procedencia— como ata a resolución de toda a tramitación administrativa, por unha cuestión de seguridade xurídica para as nosas empresas e tamén por unha cuestión de aportar prazos. E por iso lle demandamos ao Goberno central que nos ceda as competencias en materia de autorizacións de traballo.

E para aqueles que están xa en Galicia, nacionais de terceiros países, pero que están en situación irregular, propugnamos que se nos siga permitindo manter a liña da formación para o arraigo, para que poidamos acadar ese obxectivo de que cunhas formacións o máis flexibles posible, da man das empresas que os van contratar e co apoio ás entidades do terceiro sector, poidamos regularizar a súa situación.

En definitiva, os tres piares da nosa política de emprego nestes momentos —como lles trasladei, e dei conta do traballo que estamos facendo no ano 2025— son: por unha banda, a formación continua das persoas traballadoras desempregadas —é dicir, a potenciación da nosa forza laboral interna—, a retención do talento que xa existe en Galicia —que o hai, señorías, e é moito— e, por último, a atracción de talento foráneo para cubrir as necesidades da nosa economía, atendendo tanto ás demandas dos postos de traballo das nosas empresas como tamén a ese emprendemento, que estou seguro de que todos defendemos, ligado ao territorio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

É a quenda dos distintos grupos parlamentarios.

Indícame o voceiro do Grupo Mixto que renuncia á súa intervención.

Damos paso, entón, do Grupo Parlamentario Socialista, á señora Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días, conselleiro.

Señorías.

Conselleiro, vaille sorprenden, pero non podemos comezar esta intervención —esta comparencia— sen lembrar a catástrofe incendiaria que este verán devastou Galicia, en concreto a nosa provincia, Ourense. Non podo facelo sen dicir, con claridade, que un dos responsables dalgunhas das causas dese desastre é vostede, conselleiro. O abandono do rural, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a falta de planificación e de ordenación forestal



—¡si!— e a ausencia das políticas reais (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de prevención non se improvisaron, señorías do PP, son a consecuencia de anos de desleixo político. O hoxe conselleiro de Emprego foi conselleiro do Medio Rural dende setembro de 2018 ata abril de 2024, e esa herdanza vai no seu haber. O que ardeu non foi só o monte, ardeu tamén a credibilidade dun modelo que nin planifica nin prevé. (*Aplausos.*) O que pasa, conselleiro, no noso rural tamén é emprego perdido. Cada hectárea abandonada é unha actividade que desaparece.

Pasemos agora ao motivo formal desta comparecencia: falar de emprego. Esta fin de semana fomos testemuñas das declaracións do presidente Rueda e dos conselleiros, que fixeron un *tour* turístico por toda Galicia anunciando as distintas novas dos orzamentos, e estamos todos moi contentos. Rueda, concretamente, despois do Consello da Xunta, dicía que o orzamento en materia de emprego subía. Aínda que vostede hoxe deu moitos datos —eu pensei que os daría na comparecencia que se celebrará proximamente, para concretar os orzamentos da Xunta de Galicia para este ano 2026—, resulta que nós os tivemos, obviamente, onte ás 12 da mañá. Xa vimos que o orzamento en materia de emprego baixa, mentres os orzamentos da Xunta de Galicia, que Rueda anuncia, son os máis altos da historia. É dicir, son os máis altos da historia para uns, pero para o emprego baixan en case dous millóns de euros. Pérdese un peso relativo, en referencia a outras consellerías, dun 0,12; por iso, creo que igual o motivo é que, como a execución da Consellería de Emprego é tan baixa, xa, obviamente, lle recorta o señor Corgos para que esa merma sexa menor.

É certo que comparecía vostede en xaneiro para dar conta da procura de man de obra cualificada para cubrir vacantes en sectores estratéxicos. Nove meses despois, parécenos perfecto que volva ratificar esta cuestión, pero dende o Partido Socialista de Galicia entendemos que tivo tempo de rectificar, de planificar e de reformular o que non funciona, pero prefería o titular da efectividade. O resultado, pois, é un *déjà vu* político, o mesmo discurso. Basicamente, é o mesmo problema con poucas solucións. Segundo os datos oficiais do INE, reflexados na prensa galega tamén, Galicia acadou un récord histórico de vacantes: máis de 7.600 postos sen cubrir en 2024 e máis de 10.000 durante o ano 2025. No cuarto trimestre de 2024, chegabamos a 12.728 vacantes, coas oficinas de emprego aínda cheas de xente buscando traballo. Temos paro e temos vacantes e, cando iso sucede, conselleiro, o que falla é o sistema público de emprego de Galicia.

O problema é vello e xa tratado por este grupo parlamentario. Vostede sabe perfectamente que o tratamos e que presentamos moitísimas iniciativas para que se solucionase esta cuestión. Foron iniciativas en positivo, que, por suposto, o Partido Popular rechazaba unha tras outra. A situación laboral galega está sostida —certo é— pola inmigración en gran parte, mentres a mocidade galega marcha. Tamén escoitei con agrado que vostede non segue a consigna do presidente do seu partido, Feijóo, en relación aos emigrantes. Vexo que vostede —iso é de alabar— quere a protección desa emigración, ou iso espero. Os contratos espero que sexan —e que o procure— dignos e con salarios adecuados.

Como dicía, na prensa publicábanse uns datos demoledores: entre agosto de 2024 e agosto de 2025, as afiliacións á Seguridade Social medraron en 18.300 persoas, pero máis da metade desas altas corresponden a traballadores estranxeiros, e foron eles, os migrantes, os que sal-



varon os números do RETA, porque, sen a súa achega, o balance dos autónomos galegos sería negativo. Espero que non se ocupen só do sector da migración como man de obra barata.

Ao tempo que chegan profesionais de fóra, marchan os nosos, sobre todo menores de 45 anos. O Sepe confirma que a taxa de mobilidade interautonómica, que era do 4,3 en 2015, pasou, nada máis e nada menos que a 6,5 en 2024. É un incremento do 45 por cento, señor conselleiro, despois deste relato de programas que nos fixo hoxe. No último ano formalizábanse 722.000 contratos en Galicia, pero 56.700 foron saídas cara a outras comunidades. É un saldo negativo de 18.600 persoas, o equivalente a 350 traballadores que marchan cada semana a Madrid, Cataluña e Andalucía, que son os destinos principais. A mocidade é a máis móbil, cunha taxa próxima ao 7 por cento. Dito doutro modo, Galicia capta profesionais, pero perde moitos máis polo camiño. É a cuarta comunidade con peor saldo do Estado, e mentres vostedes falan de retorno, Feijóo xa lles deixara unha maleta feita, recorden.

Os socialistas advertiamos desta situación no ano 2011, e catorce anos despois aquí seguimos, señorías do Partido Popular, cun mercado laboral pouco dinámico —dino as organizacións sindicais—, un rural esmorecendo e unha mocidade emigrada. Son catorce anos perdidos, cunha Xunta incapaz de anticipar nin adaptar as políticas públicas ao cambio demográfico e produtivo.

Repasemos un pequeno catálogo. O Retorna cualifica emprego, do que falaba vostede, non ten unha avaliación pública sobre cantos seguen traballando un ano ou dous anos despois de que rematasen esa formación nin sobre a calidade deses empregos. Sen avaliación, señor conselleiro, non hai política, hai publicidade.

Pola contra, o Goberno central planificou a nacionalización dos descendentes de emigrantes de terceira xeración, porque aquí só falou dos deberes do Goberno central, pero non do que está a facer. O presidente Pedro Sánchez cumpriu cunha débeda histórica que este país tiña coa emigración, polo que os beneficiados, como saben, son moitos netos de galegos e de galegas que poden vir a Galicia en idade produtiva. Eu pregunto: ¿que plan ten Galicia para que estes nacionalizados se asenten na nosa comunidade, conselleiro?

Os bonos Talento Empresa son unha microformación, unha boa ferramenta para actualizar coñecementos, pero incapaz de mudar un modelo produtivo se non se vincula a ocupacións deficitarias e non ofrece unha acreditación recoñecida.

Sobre a primeira experiencia profesional, ¿sabe vostede, conselleiro —pódeme contestar na segunda intervención—, cantos destes mozos e mozas rematan o contrato da primeira experiencia e se incorporan ao mercado laboral? Ademais —pregunto—, ¿por que non se vincula esta primeira experiencia tamén ás entidades locais? Poderían contratar enxeñeiras, arquitectos, avogados, avogadas, peóns... ¿Non o cre útil para esta primeira experiencia laboral?

Respecto do Programa Talento 30, tampouco hai indicadores públicos, nin unha memoria de inserción nin unha avaliación independente. O máis preocupante é que a Xunta carece dunha diagnose real. Non existe, por exemplo, un plan galego de emprego Talento 2025-2030, que imos propoñer, que mapee perfís por comarca e por sector. Non fala nunca do emprego co-



marcalizado, por comarcas ou por territorios. Non ten datos nestes plans de taxas de substitución, de necesidades formativas ou de vinculación con vivenda e con transporte. Outras comunidades si o fan, como Euskadi ou as Illes Balears. Estas teñen plans medibles e revisables e Galicia, en cambio, segue vivindo de notas de prensa tras notas de prensa.

Permítanme pór realidade a esta comparecencia. Sobre as horas habituais de traballo, a medida real do emprego con Feijóo e con Rueda perdía o 6,1 por cento do seu volume de traballo, mentres o Estado aumentábaa un 3,2 por cento. Isto equivale a 111.924 empregos a tempo completo menos; unha cifra que define unha era, señor conselleiro. O detalle é demoledor. Na agricultura, na gandería e na silvicultura —recórdolle que foi conselleiro hai dous...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ...días —e xa remato— dáse un 25,3 por cento de horas menos en Galicia. A escaseza de man de obra é un síntoma dun sistema roto despois de tantos anos olvidando as políticas activas de emprego.

Seguirei na segunda intervención. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Tomás Fernández Alfonso.

RAMÓN TOMÁS FERNÁNDEZ ALFONZO: Bo día a todos e a todas.

Bo día, señor conselleiro, e benvido ao Parlamento.

Comparece hoxe vostede aquí para falar das actuacións do seu departamento para reter e sumar talento e para dar cobertura ás vacantes existentes no noso país. É obrigado comezar por describir o escenario laboral e de emprego no que o Goberno galego e vostede teñen que actuar. Eu voulle dar unha serie de datos; datos oficiais que describen a nosa realidade laboral con máis exactitude e con máis profundidade que as cifras de paro rexistrado.

En primeiro lugar, está a taxa de actividade, que, no caso galego, o dato máis relevante é que vostedes tratan sempre de ocultala. A taxa de actividade é a porcentaxe de poboación en idade de traballar que traballa ou que está desempregada, buscando emprego. A nosa taxa de actividade é, desde hai moitos anos, a segunda máis baixa do Estado español, por debaixo do 50 por cento, pero ademais mantén unha tendencia decrecente; é dicir, o número de persoas traballando ou en disposición de traballar non chega á metade da poboación en idade de traballar. Non só é das máis baixas do Estado español, senón que, ademais, continúa minguando.

En segundo lugar, como xa se dixo aquí, falamos do número de horas traballadas. Este é outro dato que describe a situación mellor que a taxa de paro, porque é un dato que non está afectado polos contratos a tempo parcial. Pois ben, o número de horas traballadas é hoxe un 16 por cento máis baixo que no ano 2008. Así que, se poñemos estes datos en relación, dános



que temos menos xente traballando ou en disposición de traballar e, ademais, traballan menos horas.

En terceiro lugar, mencionamos a mobilidade laboral, que tamén se comentou aquí. Isto é o número de persoas que veñen traballar a Galiza desde outras comunidades autónomas e o número de persoas que marchan a traballar fóra. Aínda o pasado día 16, a prensa facíase eco dos datos de mobilidade laboral publicados polo SEPE —mobilidade interautonómica—, que deixan o seguinte resultado: somos a cuarta comunidade autónoma con maior saldo negativo. De feito, a prensa resumíao co seguinte titular: «Por cada dúas persoas que chegan, marchan tres». Por certo, ¿en que sectores é maior esta mobilidade? Pois, éo entre a poboación moza e, sobre todo, entre o persoal directivo, os técnicos e os profesionais, que duplican a taxa media da mobilidade.

A situación da mocidade na Galiza é tan dramática que xa case non hai palabras para describila. Fíxese que no ano 2000 máis dun 18 por cento da poboación traballadora tiña entre 18 e 25 anos; no ano 2023, non chega ao 9 por cento —menos da metade que vinte e tres anos antes—, e os salarios que cobran tamén baixaron; se antes eran case a metade do que cobraba unha persoa asalariada, hoxe non chegan ao 38 por cento do salario medio.

Señor conselleiro, o emprego xuvenil está literalmente en perigo de extinción, pero ten certa lóxica. ¿A vostede parécelle que cobrar menos do 38 por cento dun salario medio, que xa é baixo, pode incentivar a alguén a buscar emprego? O seu goberno e o seu departamento actúan, sobre todo, subvencionando a contratación por parte das empresas, pero renuncian expresamente a actuar para mellorar as condicións laborais, e esta é unha das razóns —de feito, unha das principais razóns— polas que estamos como estamos; chámase precariedade laboral, e iso é o que provocan as políticas do Partido Popular, as súas políticas económicas, industriais, enerxéticas, laborais, etcétera. Están expulsando vostedes os traballadores e traballadoras por falta de oportunidades laborais e por falta de condicións de traballo dignas.

Vén vostede falar de retención de talento e de cubrir vacantes, mais o que están a provocar é unha auténtica fuga de talento. (*Aplausos.*) Repito: menos poboación activa, menos horas traballadas e tres persoas traballadoras que marchan por cada dúas que chegan. ¿Por que? Pola precariedade. Esta é a marca do PP, son vostedes o partido da precariedade. E voulle poñer dous exemplos concretos de dous ámbitos moi diferentes pero da máxima importancia os dous para o noso país, e, de feito, para calquera sociedade.

En primeiro lugar, o emprego no sector dos coidados, o SAF e as residencias de persoas maiores; o paradigma de emprego precario, duro, mal pagado, pouco considerado, inseguro e completamente abandonado polo Goberno galego. Un emprego refuxio do que o persoal escapa en canto pode e un sector onde non se dan cuberto as vacantes por máis cursos que dean —cursos que se enchen, por certo, non coma outros—. Hai fuga de talento ao máximo nivel cara a outros sectores e cara a outros territorios. Mais, ¿que fai o Partido Popular diante das reivindicacións do persoal, que reclama mellorar as súas condicións de traballo? Boicotealas, pisotealas. ¿Pode explicarnos como pode o Goberno galego falar de reter talento e de cubrir vacantes ao mesmo tempo que alimenta a precariedade das traballadoras do sector dos coidados e pisotea os seus dereitos? Non é de estrañar que non poidan nin miralas á cara. (*Aplau-*



sos.) E vostede, como conselleiro de Emprego e autoridade laboral na Galiza, é un dos principais responsábeis desta situación; non o único, desde logo. A responsabilidade é do Goberno todo, e do presidente Rueda en primeiro lugar. Mais o certo é que tanto vostede como a conselleira de Política Social están chegando a límites nunca antes vistos de odio —porque non hai outra palabra—, de auténtico odio a estas traballadoras. Nunca antes un goberno actuou con tanto odio contra un colectivo de traballadoras; outra marca do Partido Popular.

E outro exemplo que quería traer hoxe aquí é o dos traballadores e traballadoras do CTAG, o Centro Tecnolóxico da Automoción da Galiza, e quero comezar por saudar o grupo de representantes do comité que nos acompañan desde a tribuna: sexades benvidos.

Este centro tecnolóxico vén sendo coñecido como a xoia da coroa do sector; unha fundación constituída por varias das empresas máis importantes do sector, a comezar por Stellantis, e que conta no seu padroado coa propia Xunta de Galiza. O anuncio de medidas de regulación de emprego que van desde o despedimento de 150 persoas á aplicación dun ERTE de 110 días para o resto do persoal provocou a maior das preocupacións en todo o sector e sobre todo na comarca de Vigo. A estas medidas hai que engadir que no último ano pasaron de 1.100 empregos a 900; perderon 200 empregos, señor conselleiro, case todas baixas voluntarias producidas despois dunha modificación das condicións de traballo; unha fuga de talento producida tamén polas condicións de traballo.

Supoño que estará vostede temendo que a intención de suspender os contratos durante 110 días —é dicir, durante medio ano— de todas as persoas non afectadas polos despedimentos poida producir unha fuga de talento ao nivel do filme *A gran evasión*, porque supoño que terá vostede moi presente que, por exemplo, no último ERE no sector na empresa Akwel Vigo, onde despediron máis de 80 persoas a través dun ERE que cubriron con voluntarios e voluntarias, mesmo o persoal directivo estaba entre esas persoas que se apuntaron voluntarias para marchar.

Hai preocupación no sector da automoción, señor conselleiro, e este anuncio do CTAG non fai máis que ratificar os peores agoiros; e un dos motivos de preocupación é, precisamente, que na comarca de Vigo coñecen ben cal é a política industrial do Partido Popular. Aí está a crise do sector naval da ría de Vigo, que perdeu miles de empregos sen que movesen vostedes un dedo; por non mencionar o desastre de Pemex. E no sector da automoción, a falta aínda de que nos anuncien un Pemex, o único que anunciaron foi un plan director que todos os traballadores e traballadoras saben que é papel mollado, que non é máis que unha sucesión de brindes ao sol, de previsións forzadamente optimistas e, sobre todo, a constatación de que o Partido Popular non ten plan ningún para resolver a crise do sector. Non hai nese plan director ningún compromiso real ou concreto, ningún, ningún proxecto que poida mudar a tendencia ou as expectativas. Como tampouco hai solución á precarización galopante das condicións de traballo no sector, que está resolvendo —por dicir algo— os problemas da transición tecnolóxica e os desaxustes de emprego a base dos ERE e dos ERTE; é dicir, á conta dos empregos e dos salarios dos traballadores e traballadoras, mentres vostede e o Goberno do PP miran para outro lado.

Díganos, señor conselleiro de Emprego, que ten pensado facer para conseguir reter, sumar talento e cubrir vacantes sen actuar sobre as condicións de traballo, sen plans industriais



reais e alimentando a precariedade dos sectores máis importantes da nosa sociedade. Díganos como ten pensado actuar, cando menos nestes dous exemplos que lle puxen: os coidados e a automoción.

Máis nada polo de agora e obrigado. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Bos días, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

«Catástrofe incendiaria». Señorías, vostedes oíron coma min o que dixo a deputada do Partido Socialista nesta Cámara. Iso é o que pensa o Partido Socialista dos lumes deste verán. Benvidos á realidade, señora Rodríguez Dacosta, benvidos ao que sempre dixo o Partido Popular. (*Aplausos.*) Estamos de acordo con vostedes, aínda que despois volveu ao catecismo sanchista porque se deu conta do que dixera. Eu entendo que lle moleste tamén que os conselleiros esta fin de semana fosen falar cos cidadáns e que lles fosen dicir que Galicia vai seguir funcionando a partir do día 1 de xaneiro, porque en Galicia imos aprobar uns orzamentos, e entendo que lles moleste porque vostedes non van poder facelo; porque aprobar uns orzamentos, señorías, para dar solucións aos problemas de todos os cidadáns é o que menos lles importa ao señor Sánchez e ao Goberno do Partido Socialista a nivel estatal nestes momentos.

E mire, señor Alfonso, eu pregaríalle que mirase algún concello de Ourense, agora que ten tempo, gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, e que mirase o que é pisotear os dereitos das traballadoras de axuda no fogar. Pregaríalle que o mirase. (*Aplausos.*) E non vou entrar nos datos, porque repiten unha e outra vez esas críticas que fan a todas as medidas que está a adoptar o Goberno galego e de verdade que parecen escritas por Tezanos. Polo tanto, eu non vou afondar neles porque non son datos, son consignas e para nada describen a realidade de Galicia. A min gustaríame saber se van seguir recitando o catecismo nacionalista e o catecismo que traen aprendido do sanchismo ou se algún día van ser capaces de ter o valor de mirar e de contar os datos reais do que está a acontecer en Galicia, sen *photoshop* electoral, porque, ao final, os datos matan o seu relato e en Galicia estase a reducir nestes momentos o desemprego a un ritmo moito maior ca no conxunto do Estado.

Eu agradézolle, conselleiro, que hoxe viñese aquí comparecer con datos, con planificación e coa honestidade de quen sabe que gobernar non é facer ruído, senón resolver os problemas diarios das galegas e dos galegos. Hoxe falamos de emprego, de vacantes, de talento, pero o debate eu creo que é máis fondo e que temos que reflexionar todos se queremos un país que viva do esforzo ou un país que viva do relato e da confrontación e se queremos o país da responsabilidade ou queremos o país do barullo das liortas e das pancartas. Porque, señorías, neste país —e témolo visto nestes últimos meses— hai dúas formas de entender o talento. «Talento» non significa o mesmo para todos. Hai un modelo de talento que, por desgraza,



coñecemos ben ultimamente en España, que nada ten que ver coa definición que está escrita no dicionario e que está respaldado por este lado das bancadas. *(A deputada Noelia Pérez López sinala coa man un lado do hemiciclo.)* Talento para eles é cobrar dun ministerio sen ir traballar: «*Nunca me llamaron para ir a trabajar*», dijo Jéssica después de dos años. Talento é chegar a dirixir unha cátedra sen ter nin sequera a titulación necesaria para poder cursala. *(Aplausos.)* Talento é que che fagan unha praza a medida, dicir que resides en Portugal para pagar menos impostos e estar agochado portas adentro na Moncloa, ¡vamos! E talento é vivir cinco anos a base de «chistorras» en sobres, sen tocar un euro do teu soldo. Iso si que é embutido ibérico, señorías, con denominación de orixe, e unha burla a todos os cidadáns que teñen que facer sumas, sumas e sumas nestes momentos para chegar á fin de mes. Ese é o talento de moda hoxe en España, con marca Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, unha cultura do talento totalmente pervertida.

E logo está o talento do que falamos nós, do que fala esta bancada e do que fala o Partido Popular, *(A deputada Noelia Pérez López sinala coa man o outro lado do hemiciclo.)* o talento do mérito, da formación, da responsabilidade e do esforzo; o talento do mecánico do Porriño, do mariñeiro de Burela, dun gandeiro de Manzaneda ou dunha persoa que ás 5 da mañá levanta a persiana dunha panadería en Ourense. Ese é o talento silencioso que está a sosteñer Galicia nestes momentos, o que madruga, o que medra, o que se arrisca, o que produce e o que preocupa ao Goberno galego, e é o que están asfixiando cada día un pouco máis desde o Goberno de España. *(Aplausos.)*

Mire, falou vostede de vacantes, un problema para o tecido produtivo galego que está lastrando a súa competitividade. Tamén falou de medidas, de medidas que cos novos orzamentos se van seguir adoptando para buscar solucións, porque para nós si é fundamental aprobar eses orzamentos. Galicia vainos ter de novo no prazo fixado e van estar á disposición dos cidadáns para que poidan seguir funcionando o día 1 de xaneiro. Pero o problema das vacantes, como quixo manifestar aquí o deputado do Bloque Nacionalista Galego, nin é un fallo puntual nin é un problema de Galicia; é unha falla estrutural, e o problema naceu co señor Sánchez en Madrid. Desde o ano 2018 incrementáronse en España un 40 por cento o número de vacantes. ¿Iso tamén o provocou o grupo do Partido Popular, señor deputado do Bloque Nacionalista Galego? Estamos a vivir nun país que lidera o paro en Europa e que ao mesmo tempo non é capaz de cubrir medio millón de postos de traballo. O problema non o crea o tecido produtivo galego, non o crea a Xunta de Galicia; o problema créao un goberno que renunciou hai tempo a pensar en termos de produtividade, en termos de formación e en termos de futuro. Hoxe temos un sistema estatal de emprego esgotado, un Sepe colapsado, programas de orientación que non orientan e formación que non responde nin ás necesidades das empresas nin ás necesidades dos traballadores. E, a pesar de terllo trasladado ao Goberno do Estado, como ben dixo o conselleiro, seguen a mirar para outro lado. Pero o señor Sánchez, respaldado polo Partido Socialista de Galicia e polo Bloque Nacionalista Galego, continúa aprobando leis estériles, reformas ideolóxicas e sobrevivindo a base de titulares de cesións e de chantaxes. Non hai nin unha soa estratexia nacional de talento, non hai un plan para cubrir as vacantes críticas e, o que é peor, non se escoita as comunidades autónomas, que son as que mellor coñecen o territorio e as necesidades dese territorio. Non contamos co apoio do Goberno central, e iso non é unha sorpresa xa para o Grupo Popular, pero, por desgraza, tampouco contamos cos grupos que respaldan o sanchismo desde Galicia.



¿Cantas veces pedimos nesta Cámara flexibilizar os fondos de formación para adaptalos ás necesidades das empresas e dos traballadores? Pois ímoslles dicir aos cidadáns o que fixeron o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego: non apoíalos. E iso resúmese, señorías, en que non queren que Galicia avance; resúmese niso. Hoxe viñeron aquí criticar o Goberno galego e criticar o conselleiro. ¿Pero vostedes, de verdade, se cren lexitimados para falar de creación de emprego e de retención de talento? Porque non o están, señorías do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Mire, eu preguntolles —pódenme responder, que despois teñen outro turno—: ¿que está a facer o Goberno de España? Porque reitero que o problema das vacantes non é un problema exclusivo de Galicia. ¿Onde está o Plan nacional contra as vacantes? ¡Se nin sequera recoñecen o problema! Isto (*A deputada Noelia Pérez López mostra un documento.*) é de hai dous meses: «*El Servicio Público de Empleo estatal alerta del problema intersectorial de las vacantes, que niega Yolanda Díaz*». O primeiro paso para poder poñerlle solución é recoñecer o problema que fixeron vostedes por conectar a formación e o emprego. ¿En que consiste a estratexia do Partido Socialista do talento? Non me van contestar, e non me van contestar porque non hai ningún plan, non hai ningunha cifra, ningunha medida nin ningunha solución para este problema.

Como dicía ese refrán, «nin comen nin deixan comer». ¿Como empezaba e como remataba? Porque cando aquí temos reclamado máis flexibilización dos fondos de formación, vostedes din, coma sempre: «non»; cando pedimos máis fondos para axudar o emprendemento, ese que vostedes están a asfixiar, vostedes din «non»; cando pedimos o que lles quitan aos autónomos para a formación e dicimos que non están formando, vostedes din «non»; e non están votando en contra do Partido Popular, están votando en contra do futuro de Galicia, poñéndose do lado de Pedro Sánchez, en contra das galegas e dos galegos.

Mentres vostedes seguen e fan seguidismo de Pedro Sánchez, o que lles veu dicir aquí o conselleiro é que Galicia actúa —deixouno claro— formando talento. Apostamos por esas microformacións, por esas microcredenciais, que, como lles dixo o conselleiro, vostedes se negan a recoñecer. Seguimos retendo talento, e para iso modernizamos o Servizo Público de Emprego galego, creamos o Emi, implantamos o compromiso de actividade e apoiamos os autónomos, eses que vostedes achicharran a impostos mes a mes. Galicia segue sumando o talento. E tivemos a valentía —acábano de dicir— de pedir ao Estado o traspaso das autorizacións iniciais de traballo para migrantes. Queremos ordenar que poidan traballar e non deixalos á súa sorte nin mirar cara a outro lado, como fan vostedes. ¿Que fixeron vostedes polos migrantes? ¡Pero se os están a apartar do mercado laboral porque as oficinas de convalidación de titulacións levan anos colapsadas e sen ningunha intención pola súa parte de buscar unha solución para iso!

E permítanme unha reflexión dirixida á bancada do Bloque Nacionalista Galego, porque é chamativo que veñan aquí criticar a quen está a traballar. Canto máis intentan traer a Galicia esa *kale borroka* vasca, canto máis intentan alabar eses réximes autoritarios e ditaduras e máis utilizan a coartada da soberanía para tapar iso que están facendo... Eu querría saber onde deixan a soberanía cando van a Madrid defender os intereses dos galegos. Ao mellor, déixana quedar no Padornelo.



Ten moita razón o presidente Rueda cando di...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, por favor.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: ...que moi bravos aquí e moi mansos en Madrid.

Remato xa, señora presidenta.

Está claro que hoxe quedou demostrado que hai dúas formas de entender a política: a de gobernar, que é a de Galicia, que asume responsabilidades, aproba os orzamentos e dá respostas aos cidadáns, e a do Goberno central, respaldado polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego, que están dispostos a tragar co que sexa. E isto, ademais de inxusto, empeza xa a ser perigoso.

Señor conselleiro, non perda a ambición que nos transmitiu hoxe, porque desde esta bancada seguimos crendo no valor da educación...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: ...do esforzo e do traballo ben feito.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (José González Vázquez): Grazas, señora presidenta.

Eu empezaría dicindo: ¿que hai do meu libro? Despois escoitar os voceiros da oposición, creo que o Parlamento e as comparecencias debían servir para debater sobre as cuestións que estamos explicitando. Eu creo que cumprimos o noso papel se vimos aquí en xaneiro, anunciamos que imos facer e despois vimos dar contas ao respecto.

Señora Rodríguez Dacosta, hai que ter cuajo para que, no inicio da intervención —volvoo dicilo outra vez, ¡hai que ter cuajo!—, me determine de responsable dos incendios. Ben, eu teño que dicir que si, pero hai que ter cuajo; dígollo así: ¡hai que ter cuajo! ¡Que a min me determine como un dos responsables dos incendios...! Dígolle que eu estou moi orgulloso dos seis anos que fun conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia (*Aplausos.*), ¡tremendamente orgulloso! E estou moi orgulloso tamén do traballo que se fixo neste ano. Pero, mire, a que non debería estar tan orgullosa, señorías, é unha voceira que representa un partido que desapareceu en materia de incendios logo do ano 2018. Aprobamos un ditame histórico... Si, señoría, si, veña aquí dicir que non se cumpriu, que lle podo dicir unha por unha —que aínda me acordo, porque teño bastante boa memoria— todas as medidas que se aplicaron, todas as que están recollidas en toda a lexislación. Digo que aprobamos un ditame entre o Partido Popular e o PSOE e fomos



capaces de ter altura de miras fronte aos de sempre, que teñen que estar en contra de todo. Traballouse aí da man, pero este é o Partido Socialista que temos agora. Eu preguntome que aportou en materia de loita contra os incendios este partido dende o ano 2018. Por certo, tamén se abstiveron —porque non lles deixaron xa votar porque cambiou a dirección naquel momento— na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que, como digo, foi un esforzo importantísimo para afrontar un problema que sabemos todos, señorías, que é estrutural e que require moito esforzo por parte de todos para cambialo. Se fixésemos ese esforzo e nos deixásemos de tanta paisaxe apocalíptica, como fai o señor Alfonso, pois igual poderíamos —seguramente— aportar máis aos cidadáns galegos. *(Aplausos.)*

Pero eu voume referir ao meu libro, como dixen antes. Primeiro, quero dar un dato, señorías. Alégrame, polo menos, que o Partido Socialista recoñeza que temos un problema de vacantes e que temos un problema tamén, evidentemente, de mellorar a situación dos traballadores, pero hai falla de traballadores por parte das nosas empresas. E eu dígolle que os datos están desactualizados. Son máis de 12.000. Tampouco eu podo dar con certeza os datos, porque a CEG fala de 15.000, pero eu o que advirto, falando cos empresarios —por certo, son unha parte, señor Alfonso, do mercado laboral, e non só hai que falar dos traballadores, dos representantes dos traballadores, que é o que fai o sindicato afín a vostedes, senón que hai que falar tamén dos empresarios, que son os que crean emprego—... Non imos ir crear emprego só a través da Administración pública, teremos tamén que falar cos empresarios, e creo que o diálogo social produtivo é importantísimo, pero falando coas dúas partes, non impoñendo, como fan alá no Ministerio de Traballo de Madrid.

Dentro do pouco que falou —ben, falou máis que o Bloque— da comparecencia, falou dos emigrantes. Vamos ver, eu quérolle aclarar que podo estar máis de acordo ou menos de acordo coa política que se ten feito en relación cos descendentes dos emigrantes, co que é a lei, que di que remata o prazo —digamos— de nacionalización no 2022, pero eu quérolle recordar que todos eles, sexan de primeira, segunda ou terceira xeración, son galegos e galegas do exterior. Polo tanto, tamén eses que se están nacionalizando agora, se son galegos, poden participar nos programas de galegos e galegas no exterior.

E di que fagamos esa contratación, pero para que teñan salarios adecuados, como dando a entender que non teñen salarios dignos eses emigrantes. Ben, eu teño que recordarlle que cando se contratan veñen con contratos de traballo en sectores en que hai convenios colectivos, e neses convenios colectivos, evidentemente, están marcadas tamén as condicións laborais. Pero o que si lles recordo tamén é que o seu goberno, o Goberno central, o que pode facer canto antes é axilizar a homologación de títulos universitarios, porque iso si que provoca que a xente que vén de fóra estea en infratraballos. É xente extraordinariamente formada, con licenciaturas, con másteres, no caso das becas Berme, que logo teñen que traballar en traballos de pouca cualificación porque, por culpa do Ministerio de Educación, non temos os títulos homologados. Tardamos de media, señora Rodríguez da Costa, cinco anos. Se fai favor, recórdelle tamén ao seu partido en Madrid que o axilicen, porque aí si que imos contribuír a mellorar a empregabilidade destes traballadores.

Soltou varias veces que non hai avaliación pública. Eu recordeille en xaneiro —e, se non, dígollo tamén—, que é público. Hai un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela,



que está traballando na avaliación *ex post* dos programas da Xunta de Galicia; en concreto, estamos —agora lle vou dar os datos ao respecto— traballando no funcionamento das oficinas de emprego e tamén nos obradoiros e nos cursos de formación para desempregados.

O dato que temos nós, sen esa avaliación externa, é que o 95 por cento das persoas que veñen a través do Programa Retorno cualifica emprego —tome nota— continúan en Galicia logo do primeiro ano, na mesma ou en indiferente empresa, pero o certo e verdade é que son galegos e galegas que veñen quedar definitivamente en Galicia. Polo tanto, eu pregúntolle tamén á bancada do Partido Popular algo. Todos deberíamos estar satisfeitos de que funciona ben o Retorno cualifica emprego, porque creo que unha das cuestións máis relevantes que ten Galicia é a súa relación coa diáspora —eu que son tamén conselleiro da Emigración—. Temos unha débeda de gratitude con todos os que se foron e cos seus descendentes, e está-mola pagando na medida das nosas posibilidades, entre outras cousas, con este programa, que funciona ben. ¡Home!, estaría ben recoñecelo; incluso para eles creo que sería moi enriquecedor recoñecelo por todo o Parlamento galego. (*Aplausos.*)

En canto ao programa de primeira experiencia profesional, que tamén mencionou vostede, tamén temos un número moi alto de traballadores xoves que se incorporan logo á empresa, pero, aí si lle digo —íao comentar o luns na comparecencia de orzamentos, pero xa llo adianto— que este ano imos ligar os incentivos de contratación precisamente a todos estes tipos de programas. É dicir, a xente que se forme cos programas da Consellería —repetireino tamén porque creo que é unha boa medida— vai estar, logo, priorizada na primeira experiencia profesional e tamén nos incentivos á contratación. O que buscamos é que aquel que leva formación e que se está desenvolvendo ben nestes diferentes programas leve como unha mochila de cartos públicos para axudar á súa contratación indefinida.

E propoñía que houbera unha primeira experiencia profesional nos concellos. ¡Home!, eu creo que xa chega bastante a dos funcionarios que foron creados durante estes anos por parte do Goberno central. En todo caso, a min interésame moito máis que a primeira experiencia profesional, como non pode ser doutro xeito, vaia destinada ás empresas.

Co señor Alfonso é o de sempre. Eu, como xa non veño moito por aquí, esquecinme un pouco —cando estou fóra— da paisaxe apocalíptica que sempre pon enriba da mesa o Bloque. En calquera cousa da que se fale, aquí todo está horrorosamente mal, todo cae e, por certo, todo é culpa do Partido Popular e do Goberno da Xunta, e non hai máis debate. (*Aplausos.*) Pero, ¡home!, claro, di que o que facemos nós é apoiar as empresas e que renunciemos ás melloras das condicións laborais. ¡Home!, enténdame unha cousa, somos o Partido Popular, claro que estamos a favor das empresas, pero defendemos tamén os traballadores. Eu defendendo o diálogo social e defendendo a representación das empresas e dos traballadores, porque creo que o mercado laboral necesita dos dous.

Vostede ten unha liña moi cercana á CIG, que ademais está tratando de destrozar todo o mercado laboral galego. Eu creo que deberían facer unha reflexión ao respecto. Os empresarios temos que —evidentemente, entre todos— cumprir as condicións que se poñan enriba da mesa nos convenios colectivos —digo os empresarios—, e os traballadores temos que cumprir as condicións colectivas dos convenios colectivos. Hai unha negociación, pero logo



o que non se pode facer é rebentar esas negociacións. E dígoo con toda claridade: creo que todos debemos ir da man en mellorar o mercado laboral e creo que hoxe Galicia está no bo camiño nese sentido.

E como son de dar datos tamén, porque vostede vén sempre coa taxa de actividade, pois imos dar datos aquí para aburrirnos un pouquiño tamén respecto dos datos, porque o mercado laboral galego non funciona ben e resulta que hai moitísima demanda de traballo, pero ao mesmo tempo tamén hai moita necesidade de postos de traballo. Pero é que, ademais, os datos son os que son e non se poden retorcer. Respecto do nivel de desemprego de Galicia, claro, el dixo: non imos tomar a taxa de paro. Se estivese mal a taxa de paro, xa verían vostedes como o primeiro dato que daban aquí os do Bloque era a taxa do paro. Pero hai que dicir que o nivel de desemprego é o máis baixo nun mes de setembro dende o ano 1996, señorías. Pois ese é un dato que está aí, e non estamos presumindo del, pero dicimos que é grazas ao bo traballo das empresas e tamén dos traballadores que están buscando emprego. É dicir, en doce anos reducimos o paro rexistrado en 150.000 persoas (*Aplausos.*) Baixa o desemprego a máis ritmo que na media nacional —pero iso tampouco está ben— e baixa o paro nas catro provincias, nas sete cidades e en todos os sectores económicos.

Outro dato que a min me parece relevante, se me apuran —e podemos debater aquí un pouco seriamente sobre todas estas cuestións—, é o das afiliacións: un 1.104.002 —por dar todos os datos— afiliados á Seguridade Social. É o mellor setembro da serie histórica, señorías. Poderemos dicir que as cifras do paro non están moi ben, pero a cifra das afiliacións, señor Alfonso, sería bastante relevante, ¿non? En concreto, nun ano, desde setembro do 2024 a 2025, houbo 18.156 novas afiliacións. ¡Home!, se iso non é dicir que o mercado laboral galego é dinámico, entón, eu xa non entendo absolutamente nada. (*Aplausos.*)

Despois chámame a atención —bueno, agora dirá que só ten 10 minutos para comparecer— que fale de tres sectores. Aquí estabamos falando do mercado laboral galego e centrou o tiro, para arrimar a ascua á súa sardiña, en tres sectores. Eu, por citarlles algúns —ademais tamén por respecto, evidentemente, aos traballadores que están arriba—, direi o que estamos facendo, polo menos dende a Consellería de Emprego. Enténdese que este é un traballo conxunto por parte da Xunta de Galicia, e que tamén forman parte desta ecuación a Consellería de Economía, como non pode ser doutro xeito, e a Consellería de Política Social, no caso do SAF, na atención aos coidados.

No caso do SAF, o Issga que, ata onde eu sei, depende da Consellería de Emprego, acaba de presentar un protocolo de prevención precisamente para esas problemáticas —ás que vostede aludía— de posibles danos ás persoas do SAF. Recórdolle tamén —ao mellor non é do seu ámbito, da súa portavocía— que lea o Anteproxecto de lei de cooperativas, que levamos o outro día ao Consello da Xunta e que está en fase de alegacións. ¡Sería bo que alegasen! A ver se aí facemos un apoio entre todos e nos poñemos de acordo porque, por primeira vez en Galicia, defínense as cooperativas de coidados, precisamente, para procurar unha vía dun novo modelo dos coidados e da atención aos maiores. Promovemos que se creen esas cooperativas para poder, como digo, orientar eses coidados. Polo tanto, por contestarlle a vostede, dígolle que niso estamos traballando.



En canto ao CTAG —a ver se o expreso con claridade—, creo que, cando vostede describe esa paisaxe apocalíptica, este é un dos exemplos precisamente de retención de talento. Sabe vostede que aí, ademais, a maior parte son enxeñeiros. Coido que o CTAG é un exemplo de como un sector como o da automoción, tan dinámico en Galicia, axudou a mellorar o seu funcionamento. E creo, pero ao mellor non teño razón, que todos deberíamos coincidir en que o que ten un problema é o sector da automoción europeo, que ten, clarisimamente, que facer fronte ao exceso de lexislación e ao exceso de exixencias que estamos tendo, en comparación con outros que, pola outra banda, están entrando cos seus vehículos sen absolutamente ningún tipo de cortapisas. Refírome aos coches que veñen importados, sobre todo no ámbito eléctrico. Creo que aí ten que facer unha reflexión o sector da automoción europeo. Isto é un síntoma dunha das rexións —iso si, importante— de Europa, pero estámo-lo vendo en toda ela.

Por darlle tamén os datos, na Consellería de Economía, sabe que temos o Plan director da automoción. A vostede non lle serve. Xa dixo aquí que non valía absolutamente para nada. Tamén lle anuncio que, por parte da Consellería de Emprego, acabamos de solicitar —ademais, tivemos reunións cos representantes dos traballadores e tamén co propio CTAG para ver, sobre todo, a recualificación profesional da xente no caso de que haxa un ERE e teñamos que buscarlle unha posible saída, xa que aí nós podemos actuar pola vía da formación—, e cito, o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización de Traballadores Despedidos, precisamente, para o sector da automoción galego. Buscamos ter fondos fortes para darlles un acompañamento personalizado no caso da recualificación, que é o traballo que eu entendo que ten que asumir a Consellería de Emprego.

Déixenme que cite o terceiro sector, porque hai por aí tamén deputados que son da comarca de Vigo, e non todo o da comarca de Vigo ten que ver co Bloque. Eu creo que o sector do naval hoxe —fálase aquí de Pemex, porque sempre temos que ir tirando de atrás, e eu podería coller os datos tamén do Bipartito, aínda que non era o meu obxectivo— ten bastante carteira de pedidos e está en bastante boa situación; polo menos, así nolo transmiten... Claro, nós falamos cos empresarios, pero tamén escoitamos algún traballador, e así nolo transmiten. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Vale, pois aclároo!: para ser claro, non falamos con algún traballador, falamos cos representantes dos traballadores que se que- ren reunir con nós; é dicir, con Comisións Obreiras, coa UXT e cos representantes dos tra- balladores como os da CTAG. Os que nunca se queren reunir con nós son os da CIG, jeses nunca! (*Aplausos.*)

Como digo, en liña co que trasladei ao principio e por seguir con esta intervención, eu creo que aquí, no Parlamento de Galicia, o Goberno tamén ten que vir render contas. Eu tratei de render contas do traballo que estamos a facer na formación e advertín de que creo que es- tamos avanzando de xeito importante na flexibilización, sobre todo coas microcredenciais. Eu pido o apoio da Cámara para que poidamos canto antes, e sobre todo no ámbito do Mi- nisterio de Educación —saben que os fondos finalistas da Consellería proveñen do Ministerio de Educación e do Ministerio de Traballo—, flexibilizar eses fondos e que nos o Ministerio nos dea máis liberdade, señores do Bloque, á Autonomía galega para poder utilizar eses fon- dos para mellorar a nosa formación; que non sexan tan centralistas nese ámbito; e que, polo tanto, haxa esa flexibilización. Sobre todo, demando tamén que poidamos adicalos a cubrir



as necesidades actuais dos traballadores, por exemplo, dos traballadores que están neste momento nunha situación complicada e que queremos recualificar. Pido, polo tanto, que poidamos destinar con axilidade eses fondos a esa recualificación.

No que se refire á retención de talento, máis alá, como digo, da paisaxe apocalíptica que nos deu o Bloque, eu creo que as cousas se están facendo ben nese ámbito. Temos diferentes programas e tamén un dinamismo do mercado laboral galego que nos permite ser optimistas nese ámbito. Sobre todo no eido de atraer talento, creo que aquí a folla de ruta está totalmente explicitada e que non hai ningunha discrepancia, señora Rodríguez Dacosta, respecto do que di o meu partido a nivel nacional. Nós apostamos por unha inmigración regular, ordenada e co maior arraigo posible. Tiramos primeiro, por suposto, dos galegos e das galegas do exterior da man das nosas empresas, ou dos que veñan aportar a través do emprendemento, e pedimos, por suposto tamén, que veñan con seguridade xurídica e cun certo compromiso en canto ao cumprimento dos prazos. Polo tanto, temos que volver demandarlle aquí ao Goberno central que axilice, canto antes, a translación da competencia en materia de autorizacións de traballo á Xunta de Galicia, porque lles podo asegurar que o imos facer moito mellor do que o están a facer as oficinas de estranxeiría estatais. *(Aplausos.)*

Dígolles que por iso este ano, señorías —remato xa—, para adiantarnos a esa transferencia da competencia, crearemos no organigrama da Consellería de Emprego esa Oficina de Atracción de Talento que, estou seguro, vai ser capaz de acadar ese obxectivo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos.

Entendo que o Grupo Mixto segue renunciando á súa intervención. *(Asentimento.)*

É a rolda do Grupo Parlamentario Socialista, señora Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, di que teño «callo», e repetiuno dúas veces, por dicirle que vostede era un —jun!— dos responsables do acontecido este verán. Eu creo que o que non ten é sentido da responsabilidade, porque eu non minto cando digo que foi conselleiro, case seis anos, de Medio Rural e que o abandono do rural e a falta de planificación —creo que os plans de ordenación dos recursos forestais aínda non están feitos, e moitas cousas máis— veñen de atrás, non veñen dun ano. Eu creo que, ás veces, hai que recoñecer os acertos, pero tamén os erros.

Falaba vostede dun ditame, do Ditame do ano 2018. ¡Claro que si! O Partido Socialista de Galicia foi o único partido que foi quen de aprobar un ditame que ía cambiar un modelo, un modelo que non cambiaron. Sen embargo, o Partido Popular, cando pedimos unha comisión, simplemente, de seguimento —non de investigación e non parlamentaria— para que se realizase un seguimento deste ditame, votaban que non. Na comisión pasada, na Comisión do rural, cando preguntaba e lle pedía que o grupo de Goberno me indicase que medidas se cumpriran deste ditame, non foi quen de contestar. Pois, algo pasa nese senso.



Se imos á comparecencia do emprego —sigo falando da radiografía do mercado laboral—, falaba —cando tiven que cortar— de que na agricultura se perdera un 25 por cento das horas traballadas, pero é que na industria foi case un 17 por cento e en enerxía, concretamente, un 38,2 por cento. Traduzo claramente: hai un desmantelamento dun sector estratéxico. En hostalería, perdeuse case un 4 por cento. O máis grave, que é o que dicía, é que levan catorce anos sen corrixir esta deriva.

A construción agora fala de que precisa máis de 8.000 postos de traballo; o metal fala de que serán 5.000 nos próximos dous anos; a hostalaría de que ten vacantes crónicas; e os transportes de que non cobren os relevos... Pódeme dicir na segunda quenda que tipo de cursos se están a realizar para condutores de camión e para transportistas, porque saben que son moi demandados e podería dicirnos se esa demanda está cuberta e tamén se se imparten para mulleres en sectores subrepresentados coma este. O sector primario está a esmorecer e seguimos con 120.000 persoas demandantes de emprego.

Señor conselleiro, hai algo que vimos reclamando por activa e por pasiva: un programa estable, de formación en competencias, clave para as persoas paradas sen o título da ESO. Vostede sabe que hai moitísimos parados en Galicia que non teñen ese título e que non poden acceder aos cursos de nivel 2 ou 3. A súa posibilidade de reingreso no mercado laboral, obviamente, convértese en cero. Sen eses cursos e sen ese chan, non vai haber nin itinerario nin inserción nin oportunidades. Vostede segue sen resolver esa carencia e parece que nos orzamentos deste ano hai máis do mesmo. Por iso, necesitamos esa diagnose e esa avaliación.

Pedimos, como medidas en positivo: un plan galego de emprego e de talento 2025-2030, cun mapa de perfís con vacantes, con obxectivos medibles e con revisión anual; un programa permanente de competencias clave, conselleiro; recuperar os pactos territoriais de emprego ou un mecanismo que os iguale —non é o mesmo que os polos de emprendemento, nin moito menos, que optaron por outro modelo moi distinto e con menores resultados—; a transparencia e a avaliación pública de cada programa —entendín que vai facer a Universidade de Vigo unha avaliación pública—; e a execución orzamentaria plena, conselleiro. Tamén me gustaría que me indicase, xa que falaba de obradoiros na primeira intervención e falaba duns cambios, que cambios se van producir nese sistema de formación e de emprego, porque non me quedou claro.

Vostedes están a executar pouco, a anunciar moito e a avaliar nada. Nos últimos anos, a Xunta deixaba sen executar un de cada tres euros en políticas activas de emprego, e as consecuencias son visibles: un mercado laboral precario e inestable, unha mocidade que segue facendo as maletas —esas que lles deu Feijóo— e unha pirámide laboral invertida, na que por cada 100 persoas que se xubilan, só entran 17 novas. A realidade é clara e preocupante: Galicia perdeu, como dicía, o 6,1 por cento do seu volume de traballo desde o 2008 ao último ano pechado, o 2024. O que dicía: son 110.000 empregos a tempo completo menos.

Vostede e a anterior conselleira, nalgunha ocasión, falaban de «falta de vocación». O que cremos é que se trata de falta de políticas efectivas de coordinación e de execución. Galicia non pode permitirse, conselleiro, máis décadas perdidas. Non podemos seguir a exportar talento nin asumir que cada ano marche máis xente nova da que entra. O seu modelo é o da



subexecución, o da improvisación e o do titular; pero o país precisa —Galicia precisa— planificación, avaliación e ambición. Así que, cando nos diga coma hoxe que, «agora si, temos programas que van funcionar», permítame que, en principio, desconfíe.

Galicia non precisa máis fotos nin anuncios, precisa feitos, datos e resultados, e os datos non son bos, como reflectín na miña intervención. Se vostede non é capaz de cambiar este modelo...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ...dígolle que os que sofren —xa remato— son os galegos e as galegas.

Remato dicindo que a un político se lle pode valorar por tres cousas: polo que pensa, polo que di ou polo que fai. Xa vemos como queren os do Partido Popular verse valorados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Do grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonso.

RAMÓN TOMÁS FERNÁNDEZ ALFONZO: Bo día de novo.

Antes de contestar un par de cousas, dígolle que desde o BNG —a ver se me dá tempo a todo— non podemos participar nun debate sobre o emprego e as condicións laborais sen falar da sinistralidade, que é a máxima ou a mellor expresión da calidade do emprego, mais tamén o mellor reflexo das políticas laborais de calquera goberno, e aí tamén falla o Partido Popular. Non o di o BNG, dino os accidentes e as mortes no traballo que se producen todos os anos na Galiza, sempre á cabeza do Estado español. Esta é unha situación que atenden vostedes do xeito máis burocrático posíbel. Fíxese que cando a Xunta comparece en comisión para falar das campañas de prevención de riscos pasan dúas cousas moi significativas: primeiro, mandan á xerente do Issga —é dicir, os auténticos responsábeis da Consellería escapan da prevención de riscos— e, segundo, a xerente do Issga non é quen de dicirnos canto invisten nenas campañas, porque as afrontan —cito literalmente— «con medios propios»; o que traducido quere dicir: sen recursos suficientes para facer campañas que cheguen realmente ao tecido produtivo; algo que, por certo, é evidente para todos os traballadores e traballadoras.

E isto vai seguir igual polo menos este vindeiro ano 2026, na medida en que manteñen o Issga co mesmo raquíutico orzamento e continúan vostedes —os máximos responsábeis políticos da Xunta— escapándolle a un dos grandes problemas da prevención, que é o enorme grao de tolerancia social e política cos incumprimentos en prevención; un problema que vostedes alimentan e engordan co seu comportamento e a súa renuncia expresa a ter ningunha implicación activa en prevención de riscos.

E tamén é moi sintomático que vostede considere que falar das condicións laborais non é «falar do seu libro» —lémbrolle que é vostede conselleiro de Emprego—, do mesmo xeito



que considera que traer ao debate dous sectores fundamentais para a nosa sociedade, precisamente para ilustralo e ver en que se traducen as súas políticas, considera que non é do seu libro; políticas que son —repito— de expulsión de talento. Supoño que falar de Venezuela e da ETA si é falar do seu libro. (*Aplausos.*) En fin, nós desde o BNG si vimos aos debates falar do que toca, falar das condicións laborais.

E en canto ao sector da automoción, nós facemos a seguinte reflexión: ¿como pode ser que en plena transformación tecnolóxica do sector da automoción o noso centro tecnolóxico de referencia, a xoia da coroa, estea reducindo persoal? Se isto non é un síntoma claro de que o Goberno galego carece de iniciativa e de que está literalmente a velas vir, que veña Deus e que o vexa; máis aínda sendo un centro no que a Xunta ten participación e no que hai pouco acaba de investir 4 millóns de euros nas súas instalacións. ¿Como pode producirse este anuncio de regulación no CTAG sen que fagan vostedes nada? ¿Como pode permitilo a Xunta de Galiza? Estas son as súas políticas, non de retención de talento, senón de expulsión de talento.

En canto ás traballadoras do sector dos coidados. Dixen que nunca antes se vira un goberno actuar con tanto odio contra un colectivo de traballadoras, e os feitos están aí para ratificalo. Non só non as reciben vostedes e non moven un dedo para mellorar as súas condicións de traballo, senón que boicotean as súas lexítimas e xustas demandas.

Pero van vostedes máis aló: atención ao protocolo, do que presume vostede. Despois do asasinato dunha traballadora no seu posto de traballo, despois de que o sector alzase a voz para denunciar a falta de seguridade das traballadoras, o que fai a Xunta, a súa consellaría, é pasarlle un protocolo de traballo á Fegamp; un protocolo non vinculante, non obrigatorio e, polo tanto, inútil. É dicir, a resposta da Xunta a este gravísimo e difícil problema é pasarlles a pelota aos concellos; ou, dito doutro xeito, a resposta da Xunta foi: sálvese quen poida, pero nós primeiro. (*Aplausos.*)

Demostran vostedes día tras día que non consideran as mulleres traballadoras suxeitos con dereitos, nin as consideran interlocutoras válidas e lexítimas, nin sequera consideran vostedes que as súas necesidades deban ser obxecto de atención e de preocupación do Partido Popular.

Por certo, para rematar, non sei como se atreve vostede a falar do sector naval de Vigo como modelo de resolución óptima dunha crise. Están na comarca de Vigo escoitando agora mesmo cos pelos de punta. Fíxese que non só se perderon miles de empregos no sector naval, senón que se precarizaron as condicións de traballo até límites insospeitados. ¿Sabe vostede que hai algunha empresa do naval vigués cobrándolles os EPI aos traballadores? ¿Sábeo? Por certo, traballadores inmigrantes.

Este é o reflexo das súas políticas: traballadores pagando polas botas de traballo. Agora diga que isto non é do seu libro.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Grazas de novo, presidente.

Señor conselleiro, non lle valoran vir dar as liñas no mes de xaneiro nin que agora veña render contas, porque hai grupos que non están acostumados a que se faga iso nin nas súas formacións nin nos gobernos onde están presentes.

Neste hemiciclo hai quen pensa —unha minoría moi minoría, por certo— que a política consiste en repartir culpas, ¿non?, en vez de asumir responsabilidades. Acabamos de velo agora.

Dicía a deputada do Partido Socialista que o sector primario está a esmorecer. Eu creo que algo terá que ver isto, señora Rodríguez (*A deputada Noelia Pérez López mostra e le un documento*): «*Sánchez dispara los costes laborales en un 40 por ciento desde 2018*». ¿Ou isto tamén é culpa do Partido Popular? Digo eu que algo terá que ver isto con que estean a esmorecer algunhas empresas. Pero isto non é máis que unha mostra evidente da desconexión que existe entre o Partido Socialista e a realidade empresarial e laboral deste país. E tamén cren que a política consiste en poñer unha frase no Twitter —non lles vou dicir de quen estou falando— antes de buscar solucións aos problemas reais dos cidadáns.

E logo están os outros —tamén presentes neste hemiciclo—, os da paisaxe apocalíptica, que vimos hai un momento, os de que a culpa é toda do PP, os do «non» ou os das «empresas amigas» —que xa estamos un pouco fartos— e os da superioridade moral permanente; eses que ultimamente están instalados no radicalismo máis elevado e que cren que a política consiste en vir a este Parlamento a chamar «fascistas» a todos aqueles que non pensan coma eles: se prefires unha churrascada antes que ir a unha desas manifestacións de todo contra todo, convocada pola CIG, polo Bloque Nacionalista Galego ou pola UPG, pois es un fascista; non sei se algún de vostedes ve *Luar*, pero se ve *Luar*, ¡coidado!, que a UPG xa o detectou nos TDT e seguramente serán vostedes fascistas; (*Aplausos*.) e se loitas pola democracia e a liberdade e non aplaudes as ditaduras que a UPG e o Bloque Nacionalista Galego aplauden, pois es un fascista, aínda que sexas Premio Nobel da Paz. Exercen a política en función dos seus intereses partidistas, non dos intereses dos cidadáns, señorías. E o que non ven é que fóra desa política de ficción que teñen e da pancarta hai un país real; ese país no que ás 6 da mañá se levanta a persiana dun taller, un bar ou unha explotación agrícola; persoas ás que lles dá igual o Twitter, que non queren nin ruído nin confrontacións impostadas, como anunciaba hai uns días o Bloque Nacionalista Galego que quere facer en Galicia, e que o único que piden é poder traballar, estabilidade e que non lles poñan máis paus nas rodas.

Esas persoas teñen un nome, chámanse «autónomos», dos que nada faloron ningún dos dous grupos da oposición hoxe, e non faloron porque non poden falar. Porque España desde hai sete anos converteuse nun país caro, pero, sobre todo, para quen traballa, para quen arrisca, para quen non ten vacacións, para quen non ten substitutos nin ten baixas, pero si ten moita burocracia, moitos impostos e moitas inspeccións.

Pégalles a risa, pero ¿saben por que non faloron dos autónomos? Porque non poden falar. Aquí só veñen falar do que lles convén e retorcen os datos como lles convén. Pero dos autó-



nomos hoxe non lles convén falar porque á última hora de onte tiveron que recuar coa subida das cotas, porque quedaron sós no último sablazo aos autónomos. Non me miren con esa cara os deputados do Bloque Nacionalista Galego, porque están sostendo o Goberno do señor Sánchez nestes momentos e tamén algo terán que ver vostedes. *(Aplausos.)* Recuaron non por convicción, recuaron por medo. Pero que saiban os autónomos que foi unha rectificación parcial e moi pouco transparente. *(Murmurios.)* Señor Seara, vostede non estaba no debate. *(Murmurios.)*

A proposta de onte só é para o ano 2026... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: ¡Silencio!

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Ben, a vostede pégalle a risa ao falar de autónomos. ¡Pois que lle siga pegando! *(Murmurios.)* A proposta de onte non é só para o ano 2026, non sabemos que queren facer no 2027 e no 2028, nin canto tardarán en buscar outro xeito de sablealos.

E despois veñen aquí dar leccións de solidariedade. ¿Sabe o que pasa? Que a solidariedade do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego neste país, curiosamente, sempre a pagan os mesmos, deses dos que vostedes non falan.

Mire, eu voume facer eco do refraneiro popular outra vez. Hai un refrán que di que «*En terra de lobos, hai que aullar coma todos*». Non sei se vostedes o coñecen... E como vostedes son de pancarta, pois eu hoxe tráiolle dúas, para que saiban que desde o Partido Popular tamén sabemos sacalas. Dúas para falar de quen vostedes non quixeron falar, pero cunha diferenza: a diferenza é que non son pancartas contra Galicia, senón en defensa de Galicia; non son pancartas contra a creación do emprego, senón en defensa dos empregos de Galicia. *(A deputada Noelia Pérez López mostra unha pancarta.)* Porque non se pode vir aquí, señorías, pedirles aos autónomos cada vez máis e darlles cada vez menos. Porque se os autónomos paran, señorías, para este país. Non o olviden; non olviden iso os das bancadas que están sostendo o Goberno do señor Sánchez, señorías. *(Aplausos.)*

Os autónomos que facturen menos de 85.000 euros ao ano non terían que aplicar o IVE nas súas facturas. Iso significaría menos carga administrativa e tamén maior competitividade. En Galicia afectaría preto de cen mil autónomos. Pero, señorías do PSOE e do Bloque, ¿é tan difícil traspasar unha medida e unha directiva europea? ¿É tan difícil copiar o que funciona? Vostedes saberán por que non o están facendo e por que non confían nos que producen...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Remato xa, señor presidente.

Eu podería traer moitas máis pancartas hoxe de cando votan en contra de cada orzamento de Galicia, de cando votan en contra de cada medida de promoción do emprego ou ata de cando non lle pedimos cartos e só lle pedimos, como lle dicía o conselleiro maior, flexibilidade para adaptala á realidade do mercado laboral de Galicia e ás necesidades dos galegos e das galegas, pero vostedes tamén votan en contra.



Eu lamento, señor conselleiro, e sinto a incoherencia do Bloque de hoxe, que son moi valentes en Galicia, pero moi mansos en Madrid cando toca plantarlle cara ao señor Sánchez...

O PRESIDENTE: Grazas.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: E tamén lamento a actitude do Partido Socialista, que está convertido nunha sucursal de Pedro Sánchez nestes momentos en Galicia.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da comparecencia, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

O CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (José González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Ben, escoitei outra vez as súas intervencións —como non pode ser doutro xeito— con atención. Entón, hai algunha cuestión á que se referiron que si que me suscita... A pena é non ter outro debate, pero deixáremolo para a próxima comparecencia ou, se non, para o luns 26, que volvemos falar de orzamentos.

Señora Rodríguez Dacosta, falaba vostede dunha das cuestións que eu máis poño enriba da mesa e que creo que todos deberíamos consensuar. Falaba das dificultades que teñen os desempregados sen título da ESO para acceder a determinadas itinerarios formativos. ¡Ostras! Levo dicindo creo que dende que son conselleiro de Emprego que temos que ir a unha flexibilización, que ten que ver moito, por exemplo, coas microcredenciais. Aí van estar reguladas as microcredenciais sen necesidade de titulación. O que necesitamos, señora Rodríguez Dacosta, é que o entendan os que recadan os fondos finalistas, que son o Ministerio de Educación e o Ministerio Traballo. Teño que dicir que é bastante máis flexible o Ministerio de Emprego nestes momentos que o Ministerio de Educación. Pero, en todo caso, que flexibilicen a formación para que poidamos facer iso que di vostede. Ese é un caso, é un exemplo máis, das dificultades que estamos tendo para adecuar a formación ás necesidades reais, por unha banda, dos traballadores —que, por certo, nos acordamos sempre dos traballadores— e tamén das empresas.

En canto aos obradoiros —eu adiántollo—, vamos ver, hai dúas liñas fundamentais. En primeiro lugar, priorizamos a formación práctica —parécenos que nos obradoiros fai falla moita máis formación práctica— e, ao mesmo tempo, tamén imos incentivar moitísimo a contratación deses traballadores de obradoiros. O obxectivo é que deixen de estar continuamente nos obradoiros —hai algunha limitación incluso de número de obradoiros ao respecto—. A idea é que, canto antes, se poidan incorporar as empresas, sobre todo do ámbito territorial onde van eses obradoiros. Lémbrolle que temos 87 obradoiros no conxunto de Galicia —é dicir, que están moi territorializados os obradoiros—, e imos incentivar máis a contratación pola liña de axudas ás empresas que fagan esa contratación. Explíqueille antes, señora Rodríguez Dacosta, que imos levar unha mochila de cartos públicos; é dicir, imos in-



centivar tamén nos diferentes programas que temos de incentivos á contratación —valla a redundancia— a contratación deste tipo de persoas que están participando nos nosos programas de formación.

Respecto do mantra da non execución, eu aquí non vou entrar, por non aburriros xa no que son os fondos. Señoría, os fondos dos que se nutren os programas de todas as comunidades autónomas son fondos finalistas recadados polos ministerios que se nos remiten con utilización plurianual. Isto, ¿que quere dicir? Que, sen ir máis lonxe, temos, por exemplo —incumprindo unha lei de xeito flagrante, como suelen facer aí, no Goberno central—, que a semana pasada o Ministerio de Educación distribuíu os fondos para o ano 2025. Señorías, tomen nota, en outubro do ano 2025 mandáronnos —agora estou falando de memoria, igual me equivoco— creo que foron 70 millóns de euros para que executemos no ano 2025. Eu creo que o están facendo para que despois veña a señora Rodríguez Dacosta dicir que aquí non somos capaces de executar. (Aplausos.) ¡Pero, como imos executar fondos para o 2025 que nos distribúen nunha conferencia de outubro de 2025! E dicía antes o da lei porque teñen a obriga legal, segundo a Lei xeral presupostaria —que a utilizan para o que lles convén, non para facer presupostos nin para cumprir a Constitución—, pero di que se teñen que distribuír no primeiro trimestre, o cal ten bastante sentido común. Pois foron distribuídos hai unha semana.

Polo tanto, o ano que vén vostede vai achacarme que non executei eses fondos. Pero, señorías, son plurianuais, pódoos executar no ano 2026. Se queren ter un debate serio sobre execución, imos ver cantos cartos quedan sen executar das ordes que convocamos; miren a formación para desempregados e verán como a convocatoria está xa esgotada, e todas as convocatorias que sacamos, todas; esgótanse os cartos. Polo tanto, o que lle digo é que aclaren dende o punto de vista técnico —os que están falando— a que se refiren cando falan de inexecución.

Hai outro matiz, señorías, na liña de favorecer ese programa de atracción de talento —que antes no debate me esquecín de trasladar e creo que é unha novidade importante—, que é que imos apoiar todo o que ten que ver coa rehabilitación de vivendas destinadas a traballadores que participen nestes programas. Este ano, esta liña de gasto —que vai saír por anticipado no 2026— ten 1,5 millóns de euros. Nós cremos que vai ter bastante efecto no territorio porque o que imos procurar é darlle solución nese ámbito a un problema como é o da vivenda.

Señor Fernández Alfonso, vamos ver, eu, cando dixen o de «falar do meu libro» era porque a comparecencia é clara ao respecto e viña falar das medidas que teñen que ver coa retención e atracción de talento e con dar contas do que se fixo no ano 2025. Non digo que os sectores dos que vostede falou aquí non teñan importancia, pero son unha parte do conxunto do debate. Igual que o tema da sinistralidade, que eu xa intuía que ía saír, porque, ademais, poñen enriba da mesa a sinistralidade, pero non asumen que hai que facer un debate conxunto, como tamén temos posto enriba da mesa no diálogo social, que é falar de prevención de riscos laborais e falar, por suposto, de sinistralidade. E aquí digo con claridade como conselleiro de Emprego que nos preocupa calquera accidente laboral e que temos que traballar para resolvelo, e estou seguro de que aí —supoño— coincidimos todos, pero o que digo é



que no diálogo social estamos abordando a prevención de riscos laborais, a sinistralidade e, por suposto tamén, o absentismo laboral, que é a outra cara da moeda e que hai que telo en conta.

Eu o que lle digo é que nesa Mesa de diálogo social se encargou... Por certo, señora Rodríguez Dacosta, o que fai as análises *ex post* da Consellería é a USC, a Universidade Santiago Compostela. Se dixen a de Vigo confundínme, porque lle digo que se encargou un informe de absentismo a dúas universidades, á Universidade de Santiago Compostela e á Universidade de Vigo, para ver o que temos que traballar e mellorar en prevención de riscos laborais, e na súa consecuencia, o ten que ver coa sinistralidade, pero tamén co absentismo.

Miren, de aí xa lle podo anunciar que o Goberno da Xunta de Galicia, da Consellería de Emprego, vai poñer en marcha unha estratexia de benestar laboral. É certo que temos que traballar moito nese ambiente de benestar laboral. Creo que debemos ir da man. E, por suposto, temos que falar moito cos representantes das empresas e cos representantes dos traballadores. Aclaro que en Galicia o diálogo social só ten dous sindicatos representantes dos traballadores: a UXT e Comisións Obreiras. A CIG rexeita sistematicamente estar na Mesa do diálogo social e, polo tanto, non imos poder falar con esa parte dos representantes dos traballadores.

Outro exemplo no que nos poñemos de acordo en materia de sinistralidade cos representantes dos traballadores —excepto coa CIG, que tampouco está aí— é na Fundación Laboral da Construción, que conta cunha representación das empresas, pero tamén dos traballadores, con Comisións Obreiras e UXT. Acabamos de firmar hai un mes o programa Benseguro —seguro que vostede o coñece— que ten por obxecto tratar de paliar a sinistralidade nun dos sectores —digamos— máis afectados por esta cuestión. É un programa que conta con 200.000 euros e que vai a unha participación. Nós poñemos, evidentemente, o apoio financeiro, pero o que está desenvolvendo ese programa —e a min gústame especialmente— é o propio sector, como digo, da man dos empresarios, pero tamén dos representantes dos traballadores. Eu animo a todos os representantes dos traballadores a que participen nestes programas.

E, por último, o Issga. ¡Home!, eu creo, señoría —polo que eu levo na Consellería e coñezo—, que o traballo do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral está unanimemente recoñecido no conxunto de todo o Estado español, de todas as comunidades autónomas. Somos un exemplo e unha referencia. Creo que o orzamento que el chamou raquíutico son case oito millóns de euros. ¡Home!, estamos facendo moitas campañas de prevención —vostede sábeo— e estamos incidindo naqueles ámbitos nos que hai unha maior sinistralidade, e digo: todo o que fagamos neste ámbito é pouco, e témolo que facer da man os tres, as tres partes, as administracións implicadas, os empresarios e tamén os representantes dos traballadores.

En definitiva, non vou quedar sen contestar cousas que se poñen enriba da mesa, pero tampouco vou quedar sen dicir que o obxecto da comparecencia estaba bastante centrado. Eu creo, por volver insistir, que aquí falei do que estamos facendo en formación e reclamei maior flexibilidade, e creo que aí incluso nos podemos poñer de acordo co Partido Socialista ao respecto, apoiando claramente as microcredenciais como unha liña desa flexibilización, e tamén que debemos adecuarnos o máximo posible ás necesidades actuais das empresas. A min sorpréndeme ver determinados ámbitos, como poden ser os certificados de profesio-



nalidade, porque, miren, se hoxe mesmo aquí quixésemos entre todos crear un certificado de profesionalidade porque é bo para algún sector das nosas empresas, para algún sector económico da nosa economía, probablemente tardaríamos tres anos en telo incluído no catálogo. É dicir, que temos pouca flexibilidade e pouca axilidade na formación, e isto é fundamentalmente mellorable no ámbito do Goberno central, porque son os que teñen a chave dos fondos finalistas, que son cos que financiamos esa formación.

Retemos talento. Expliquei aquí suficientemente todo aquilo que estamos a facer para esa retención de talentos, pensando especialmente na mocidade, e, por suposto, atraemos talento co foco posto nos galegos e galegas do exterior, pero tamén nas persoas estranxeiras. Esas persoas estranxeiras teñen que vir aquí de xeito ordenado e regular, da man das nosas empresas e, por suposto, dándolles seguridade xurídica tanto ao traballador que vén como tamén ás empresas. Por iso reclamamos e demandamos as competencias en permisos e autorizacións de traballo.

E unha última cuestión —tamén para min moi relevante—, no caso da xente que está en situación irregular: ¡por favor, que nos deixen seguir co Programa de formación para o arraigo!, que ten amosado o seu éxito en Galicia —xa digo, case 300 persoas regularizadas—, traballando en firme, e temos moitas dificultades para poder seguir facéndoo por culpa da normativa estatal. (Aplausos.)

Polo tanto, señorías, eu creo firmemente —e xa remato— na capacidade que ten o Parlamento para que veñamos aquí expoñer o que estamos facendo, pero, dende logo, para que, se é posible, teñamos un debate, co ánimo de mellorar e beneficiar o máximo posible os cidadáns galegos.

Moitísimas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. Mixto, por iniciativa do deputado Armando Ojea Bouzo, sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas

O PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Popular, do Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



1. *Seguir potenciando a atención integral ás persoas maiores, reforzando a coordinación entre a atención primaria, hospitalaria e os servizos de atención domiciliaria.*
2. *Continuar impulsando a formación e incorporación de profesionais da especialidade de xeriatria nos equipos asistenciais de cordo coa dispoñibilidade de especialistas.*
3. *Avaliar tecnicamente a viabilidade da creación dun servizo de xeriatria na área sanitaria de Ourense, cando os recursos humanos e organizativos o permitan, e integrar esa posibilidade na planificación sanitaria ordinaria».)*

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta Moción.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 6, que terá o seguinte contido:

«6. Mentres non se proceda á creación do servizo hospitalario de xeriatria na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, a Xunta de Galicia constituirá de forma inmediata, coa dotación orzamentaria e de persoal adecuada, unha unidade específica de xeriatria con sede no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), que garanta unha atención especializada, integral e de calidade ás persoas maiores da provincia. Así mesmo, esta unidade deberá promover a coordinación asistencial cos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras, co obxectivo de avanzar cara á implantación progresiva dun servizo hospitalario de xeriatria de referencia para o conxunto da área sanitaria».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva. ao remate. un novo punto co seguinte texto:

«6. Após a Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, iniciar os trámites para a dotación de servizos de xeriatria nas demais áreas sanitarias que non contan co mesmo, atendendo ás taxas de envellecemento da poboación».)

O PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

O tema mediático de hoxe é a presentación —onte— por parte do Goberno dos orzamentos para o ano 2026. Desde logo, sen tempo suficiente para analizar toda esa documentación, como tamén xa se falou diso, o que si podemos é ir facendo algunhas valoracións con base



nos grandes números. Vemos que, desde o punto de vista do gasto territorializado, a provincia de Ourense segue a ser a que menos cartos recibe das catro provincias galegas. E tomo datos dun medio de comunicación, porque parece ser que os medios de comunicación ultimamente reciben a información da Xunta antes ca nós. Tamén é verdade que xa llo dan mastigado porque, se fan a perspectiva desde a que publican esas informacións, verán que suelten a mesma perspectiva que dá o Goberno.

Vemos que a provincia de Ourense recibe 1.733 millóns de euros, fronte á da Coruña, que recibe 5.507, ou á de Pontevedra, por exemplo, que recibe 4.083; é dicir, que recibe menos da metade. Os medios de comunicación, polo menos as edicións locais de Ourense e a prensa de Ourense, hoxe á mañá fan énfase no mesmo argumento que adoita facer o conselleiro de Facenda, que é que a provincia de Ourense recibe o maior investimento per cápita. É a desculpa de sempre. Voulle volver repetir que canto máis despoboadada estea unha provincia o lóxico é que teña maior investimento per cápita. Non é ningunha vantaxe. Se nun pobo, nunha zona despoboadada, hai que manter un colexio e hai que manter un centro de saúde para catro rapaces ou para tres persoas maiores, loxicamente, o gasto per cápita é moito maior que nunha zona poboada de xeito máis ou menos normal. Pero iso non é ningunha vantaxe, todo o contrario; adoita ser un síntoma negativo que o investimento per cápita sexa maior. Como volvo repetir, normalmente é cuestión do despoboamento por falta de oportunidades e de investimento en infraestruturas verdadeiramente produtivas.

Como diso imos falar suficientemente —suficientemente nunca se fala, pero de xeito máis extenso— nos próximos días, voume centrar na cuestión da moción, que non é máis que un caso particular do que estamos falando en termos xerais, que é a discriminación de Ourense e da provincia de Ourense, neste caso das súas tres áreas sanitarias, en relación con outras zonas da Autonomía. E nesta moción trae causa unha interpelación que xa se debateu a semana pasada neste pleno, e digo a semana pasada porque de xeito excepcional, como saben, tanto a semana pasada coma esta houbo pleno, o que adoita non ser habitual.

Non nos convenceu a resposta que nos deu o señor conselleiro, porque dalgunha maneira falaba de seguir traballando do mesmo xeito e non de implementar, nas áreas sanitarias da provincia de Ourense —Verín, Valdeorras e o contorno da propia cidade—, ese tan necesario —estimamos, e parécenos de xeito xustificado— Servizo Hospitalario de Xeriatria. O señor conselleiro veu dicir que o resto dos servizos hospitalarios, en afortunada coordinación, suplían ese servizo, e eu, como lembrarán, díxenlle que, se iso fose así, nos pasasen o servizo de Vigo para a Ourense, xa que era o mesmo, e que quedasen alí cos servizos coordinados do resto das especialidades; que nos mandasen o Servizo de Xeriatria Hospitalaria para Ourense. Loxicamente, engadín que era unha mera brincadeira —se se lle pode chamar así—, porque, loxicamente, non pretendemos quitarlle ese servizo a ninguén, senón que o que pretendemos é telo tamén na provincia de Ourense.

Polo tanto, vou facer lectura —lectura comentada— dos cinco puntos dos que consta a moción. Queremos que se inicien de xeito inmediato os trámites necesarios para a creación do Servizo Hospitalario de Xeriatria na Área Sanitaria de Ourense. Xa se xustificou de xeito suficiente, creo, dicindo que, como sabemos todos, a provincia de Ourense é a máis envellecida da Autonomía e unha das máis envellecidas do mundo, incluso.



Outro punto sería incorporar nos orzamentos xerais unha partida específica destinada á posta en marcha e á dotación inicial deste servizo. Agora veremos se nos orzamentos que analizaremos durante estes días se contempla esa posibilidade.

Loxicamente, outro sería asinar os recursos humanos e materiais adecuados para o correcto funcionamento da unidade, contando cos profesionais da especialidade de psiquiatría e co equipamento preciso, de xeito lóxico. Lembremos que a especialidade de xeriatria é unha especialidade MIR, e, polo tanto, por algo será que existe como especialidade; será porque ten determinadas especificidades máis alá da suma de competencias que pode haber noutras áreas médicas. O todo é máis que a suma das partes, que dicía non sei quen hai moitos séculos.

Outro sería fixar un calendario, un cronograma —do que tamén xa falamos—, público e vinculante, que estableza as datas de inicio das obras, a dotación dos espazos e o prazo previsto para a entrada en funcionamento do servizo. Eu facía brincadeira o outro día con que ese servizo posiblemente o precisarei eu en determinados anos —dicíao só como anécdota—, tendo en conta que o *baby boom*, ao que eu pertenzo, provocará que nos próximos anos se incremente incluso máis a proporción de persoas maiores na provincia de Ourense —tamén noutros espazos, loxicamente, pero na provincia de Ourense de xeito especial—; polo que o cronograma é fundamental para saber para cando o podemos ter.

E logo, no quinto punto o que pedimos é poder facer un seguimento na comisión pertinente, que é a Comisión 5ª, do grao de execución desas actuacións que pedimos na Comisión.

Volvémolo repetir: contextualizamos a discriminación no que se refire a este servizo de hospitalización xeriátrica na provincia de Ourense; contextualizámolo nunha visión global de discriminación da provincia, da que sempre nos facemos eco —e seguiremolo facendo, probablemente, tal e como pintan os orzamentos de 2026, que non parece que esa tendencia vaia reverter de xeito significativo—.

Esperamos o apoio do resto dos grupos da Cámara nesta moción, especialmente de quen ten máis probabilidade de que a Xunta lle faga caso, que é o Grupo do Partido Popular. Sei que hai tres mocións que foron levadas á Mesa no momento inmediatamente anterior ao inicio do pleno; esencialmente, no caso do PSOE e do Bloque, son as mesmas que se levaron xa á Comisión na que se tratou todo isto. No caso do PP, houbo algún cambio significativo en relación coa emenda que se presentou na Comisión, pero, en todo caso, será na segunda intervención cando faga algunha referencia e me posicione ao respecto destas emendas.

Nada máis. Moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días de novo.



¿Ourense está discriminada pola Xunta de Galicia nos orzamentos do ano 2026? Si. ¿Ourense necesita xeriatria e con urxencia? Pois si, porque a provincia de Ourense presenta o índice de envellecemento máis elevado e unha das taxas de lonxevidade máis altas de todo o Estado. Esa é unha realidade que todos coñecemos, pero que o sistema sanitario galego segue sen asumir con feitos. E non falamos dun reto futuro, senón dunha situación presente hoxe en Ourense, porque máis do 35 por cento da poboación ten 65 anos ou máis. Esta realidade demográfica debería implicar unha resposta asistencial diferenciada, adaptada ás necesidades da poboación maior, pero o que temos, señorías, é todo o contrario: unha provincia que non dispón nin dun servizo nin dunha unidade hospitalaria de xeriatria, mentres outras áreas galegas —como mencionaba o anterior interveniente—, como Vigo ou Lugo, si contan con dispositivos específicos para atender as persoas maiores con enfoques integrais e multidisciplinares. Non é razoable que a provincia máis envellecida de Galicia sexa, precisamente, a que carece de atención especializada para os seus maiores. Isto é unha forma de discriminación asistencial que non se pode seguir xustificando.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario Socialista queremos deixar claro que compartimos plenamente o obxectivo desta moción, que é crear un servizo hospitalario de xeriatria na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Tamén para cumprir este obxectivo, presentamos unha emenda —pero de adición— que engade un segundo punto. O que propoñemos cremos que é sinxelo e sensato: mentres non se estableza o Servizo hospitalario de Xeriatria —que apoiamos—, a Xunta debe constituír de forma inmediata unha unidade específica de xeriatria con sede no CHUO e con coordinación asistencial cos hospitais de Verín e de Valdeorras. Esta unidade debe ter persoal e medios adecuados e poder comezar a traballar xa, sen ter que esperar por un cambio estrutural que a Xunta, no día de hoxe, nin sequera ten previsto —porque non o vemos traducido nos orzamentos deste 2026 para Ourense—. E insistimos niso porque sabemos que a creación deste servizo implica un proceso administrativo, e a Xunta de Galicia estas cousas lévaas de forma bastante lenta.

Queremos unha unidade específica, unha fórmula funcional flexible e viable que pode poñerse en marcha de inmediato dentro da estrutura actual e dependendo doutro servizo máis xeral —neste caso, sería Medicina Interna—. En definitiva, este é o primeiro paso realista para acadar o obxectivo final —como dicía—, que é a creación dese servizo que solicita esta moción.

O Grupo Socialista xa formulou esta mesma demanda dun servizo de xeriatria, e as respostas da Xunta de Galicia foron sempre as mesmas; imos lembrar unha. Isto era unha pregunta parlamentaria realizada polo meu compañeiro Julio Torrado, a 44187 concretamente, rexistrada o 5 de decembro de 2022. Preguntaba polos motivos de que o sistema público galego non tivese implantados servizos de xeriatria nas áreas sanitarias. A resposta da Consellería de Sanidade, asinada o 13 de decembro de 2023, foi a seguinte —e cito literalmente—: «O Servizo Galego de Saúde garante unha atención de calidade á poboación anciá polos servizos de Medicina Interna ou Internista e o profesional capacitado para a atención integral das persoas de idade avanzada». Engadían que en Galicia existen programas específicos de atención á cronicidade e ás enfermidades crónicas en idade avanzada. Pois ben, señorías, esa é precisamente a mostra do inmovilismo e da falta de visión que padecemos, porque atender persoas maiores desde Medicina Interna non é facer xeriatria; é simplemente facer o que se pode ante unha ausencia dun servizo especializado. A xeriatria non é só atender unha persoa



de idade avanzada; é un modelo asistencial integral que analiza a funcionalidade, a autonomía, o risco de deterioración cognitiva, a fragilidade e o seu contexto social; é un enfoque que busca mellorar a calidade de vida e evitar a dependencia, e non só curar unha enfermidade puntual. Por iso, señorías, aprobamos esa proposta e presentamos a emenda de adición.

Tamén o noso grupo presentou iniciativas que serán debatidas no Parlamento de Galicia para a creación inmediata —que ten relación co que falamos da poboación envellecida— dunha unidade integral de ictus, porque a Xunta de Galicia leva anos desatendendo estas necesidades. Onte liamos unha noticia de que en novembro se vai dotar Ourense desa unidade de ictus, pero temos que dicir que non é unha unidade integral. Partimos de profesionais que xa ten nestes intreos o propio servizo e, ademais, unha unidade de ictus integral evitaría derivar pacientes con ictus grave cara ao Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, para a realización de trombectomías mecánicas ou outros procedementos de neurorradioloxía intervencionista. Isto non o vai impedir a unidade que anunciaba onte o presidente Rueda. A isto tamén se engade un problema, que é a loxística e o transporte medicalizado dos pacientes; a pesar de activar este código ictus, segue sen funcionar correctamente, producíndose frecuentes atrasos no traslado ao CHUO e problemas recorrentes de cobertura médica. Esta situación, como comprenderán, supón unha perda de tempo asistencial crítico, pois os primeiros minutos tras un ictus son determinantes para a supervivencia e para as posibilidades de recuperación funcional.

Por iso, non deben confundir a cidadanía de Ourense con anuncios baleiros e deben acceder dunha vez a implantar a unidade integral de ictus e este servizo de xeriatría na provincia máis envellecida de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Iria Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Temos un país profundamente envellecido; por cada persoa menor de 16 anos, hai 224 que superan os 64 anos de idade. Dentro do Estado, só Asturias nos supera. As persoas de máis de 65 anos supoñen o 26,77 por cento do total da poboación galega. Estes datos son froito da converxencia de dous factores: por unha parte, a baixada na poboación moza, porque cada vez nacen menos crianzas; pero tamén que a mocidade continúa emigrando. Neste país soportamos a maldición da emigración, e é evidente que non existe por parte do Goberno galego ningunha vontade dun cambio de políticas, porque parece que non lles doe que a xente moza siga collendo as maletas e facendo a súa vida fóra de Galiza. Mais Galiza envellee porque tamén se incrementa a esperanza de vida, e isto non é algo malo, senón algo positivo que dá conta da calidade de vida da poboación, que foi mellorando ao longo dos anos. Estes índices veñen incrementándose progresivamente conforme se consolida esa



caída na poboación moza, vimos como foron ascendendo e vemos que a tendencia é que o continúen a facer no futuro.

Mais é preciso pór o foco en como se produce ese envellecemento. O incremento na esperanza de vida non significa que esta sexa sempre en condicións óptimas. Os datos apuntan que, de media, entre cinco e sete anos de vida van estar condicionados por algún tipo de deterioración, de discapacidade ou por algún tipo de necesidade de coidados. A senectude trae consigo características e casuísticas propias, como cuestións biolóxicas, porque existen multitude de patoloxías nas que a idade é un factor de risco en si mesmo, mais tamén porque a patoloxía non é igual nunha persoa moza que nunha persoa maior. Ademais, nunha persoa maior acostuman a coexistir varias patoloxías. Os fármacos tampouco actúan igual, e cómpre ter presente que esta é unha poboación que está frecuentemente polimedicada. Segundo a Organización Mundial da Saúde, a metade da poboación anciá utiliza cinco fármacos ou máis de xeito simultáneo, cos riscos que isto supón para a súa propia saúde.

Fronte a isto, a atención que se lle dá á xente maior por parte do Goberno galego deixa moito que desexar no plano social, coa ausencia absoluta de estratexias e actuacións para lograr un envellecemento activo e para reducir eses cinco a sete anos que comentaba anteriormente, nos que empeza a aparecer algún tipo de deterioración, e mais coa ausencia tamén de medios públicos para atender a dependencia.

Falarase na quenda de tarde máis en profundidade —na moción que trae o BNG a debate neste Parlamento—, pero cómpre non esquecer cal é a situación dos servizos de axuda no fogar, precarizados e afogados; dos centros de día públicos, inexistentes nunha boa parte de concellos; ou das residencias de maiores, privatizadas e convertidas nun caixón de xastre onde a Xunta de Galiza vai metendo todo o que lle molesta.

O mesmo acontece no plano sanitario: a atención primaria, no día de hoxe, non é quen de atender os problemas da poboación; a atención lonxitudinal cada vez é máis complexa, porque o raro é sermos atendidas sempre pola mesma médica de cabeceira; a actividade preventiva nas consultas de medicina de familia diminúe ao mesmo tempo que estas consultas se van masificando; o seguimento e a atención de pacientes crónicas —moitas destas, xente maior— son as primeiras en resentirse en conxunturas especiais —que cada vez son menos excepcionais—.

Cómpre ter en conta tamén cal é a situación dos propios servizos de medicina interna: precarizados —unha vez máis— e con cadros de persoal que non son suficientes para atender debidamente todas as pacientes que teñen asignadas. Son precisos os equipos multidisciplinares na atención primaria, mais tamén na atención hospitalaria, e son precisos os servizos de xeriatria, especializados na atención a persoas maiores, para darlles a mellor atención sanitaria. Do mesmo xeito que falamos da necesidade de que as crianzas e a poboación infantil sexan atendidas por pediatras polas súas peculiaridades e polas súas especificidades, o mesmo sucede coas persoas maiores. E ao Partido Popular écheselle a boca enunciando canto incrementan as cifras de pediatras no Sergas mentres que a poboación infantil diminúe. Despois habería que facer unha análise desas cifras, se son reais ou non, ou onde se van destinando, pero non imos entrar hoxe aí. Se mentres que diminúe a poboación infantil, vostedes presu-



men de que incrementan o número de pediatras, ¿que fai o Goberno galego mentres as taxas de envellecemento se incrementan ano tras ano?, ¿cales son os plans e proxectos do Goberno galego ante a perspectiva de que estas taxas sigan incrementándose?

Todo resólvese —e así o fixo tamén o conselleiro durante a interpelación da que deriva esta moción— botándolle a culpa a quen pase por diante, sobre todo á falta de médicos, como se houbese unha praga bíblica que os erradica da face da terra. Curiosamente, a sanidade privada non adoce de falta de médicos. Mais, ¿que previsión fixo o Goberno galego para ter xeriatras no Sergas, cando os datos e a súa tendencia apuntaban á situación que estamos describindo e que estamos padecendo hoxe? O certo é que en Galiza só existen dous servizos de Xeriatría: un na área sanitaria de Vigo e outro na área sanitaria de Lugo. Se ben estes servizos son importantes, son claramente insuficientes para a nosa realidade demográfica. Desde o BNG, apoiamos a creación e o desenvolvemento dun servizo de xeriatría na área sanitaria de Ourense, mais introducimos unha emenda de adición na liña de que Ourense sexa o seguinte chanzo mais que a posteriori estes servizos de Xeriatría se estendan a todo o país.

Non podemos pasar por alto que Ourense, precisamente sendo a área sanitaria que atende a poboación máis envellecida de Galiza, nin conta con este servizo de Xeriatría nin conta —como xa se fixo alusión na intervención anterior— cunha unidade completa integral de atención ao ictus, sendo esta unha patoloxía na que a idade é un factor de risco fundamental e que, ademais, é fonte nova de patoloxía e de dependencia. A pesar dos múltiples anuncios, volve non aparecer no Proxecto de orzamentos para o ano 2026.

Con todo, tampouco pasamos por alto a necesidade de que estes servizos cheguen a todos os hospitais. Por iso, desde o BNG imos apoiar esta moción do Grupo Mixto, do mesmo xeito que o fixemos hai escasos quince días na Comisión 5ª, e de xeito coherente co que sempre defendemos: que o sistema sanitario se adecúe á poboación que temos no día de hoxe e sexa capaz de actuar tamén de xeito preventivo para mellorar a calidade de vida das persoas maiores. Mais introducimos esta emenda porque cremos que, se ben é preciso comezar xa pola área sanitaria de Ourense, tamén é necesario atender as demais áreas sanitarias e implementar este servizo específico nos demais hospitais, nas demais áreas sanitarias, co obxectivo de garantir unha atención especializada a todas as persoas maiores en igualdade de condicións, independentemente de onde elas vivan.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero recoñecer o fondo da preocupación que expresa esta moción, como así o fixen na Comisión 5ª, cando se presentou unha iniciativa similar. Coincidimos plena-



mente en que Galicia, e moi especialmente as provincias de Ourense e Lugo, afrontan un reto demográfico de enorme magnitude. Afortunadamente, somos unha das sociedades máis lonxevas do mundo e ese é un logro colectivo que debemos de celebrar, pero iso tamén conleva unha gran responsabilidade, a responsabilidade de garantir que esa maior esperanza de vida se traduza en máis anos vividos con saúde, con autonomía e con dignidade.

Nesa tarefa, a atención sanitaria ás persoas maiores é clave. E saben —porque tamén o dixeran na Comisión 5ª— que son unha gran defensora dos xeriatras na atención do maior, porque a vin nacer, vira nacer no meu hospital en Lugo e sei de primeira man do que falo, da importancia que estes profesionais teñen no coidado da saúde dos nosos maiores. Todos estamos de acordo en que o envellecemento da poboación require adaptar servizos, reforzar a coordinación entre niveis asistenciais e incorporar o coñecemento específico dos profesionais da Xeriatria. Pero, dito isto, tamén é xusto lembrar que Galicia leva anos anticipándose a este reto.

Temos un modelo asistencial avanzado, baseado nunha visión integral da persoa, que combina a atención primaria, a atención hospitalaria, e a atención domiciliaria. O Servizo Galego de Saúde non improvisa, señorías; planifica e adapta continuamente a súa rede asistencial á realidade poboacional. E a provincia de Ourense é un bo exemplo disto. É a área sanitaria que conta con máis centros de saúde en toda Galicia, conta con sete equipos de soporte de atención domiciliaria —os ESAD—; con servizos de hospitalización a domicilio, tanto en Verín como en Valdeorras, como en Ourense, e cunha rede liderada por internistas que integra a atención a pacientes crónicos complexos e fráxiles. E, iso, señorías, é unha atención integral real aínda que neste momento, excepto no Barco de Valdeorras, non se conte con xeriatras.

E tamén temos que falar dese Plan estratéxico do paciente crónico complexo, que pronto será unha realidade. E permítanme un inciso aquí, en relación co que falou a señora Dacosta e tamén se comentou por parte do Bloque Nacionalista. Miren, a política sanitaria sería faise con planificación e non con titulares de última hora. A Unidade de Ictus de Ourense forma parte da planificación estratéxica do Sergas, que Galicia leva anos desenvolvendo. Son unidades nas distintas áreas sanitarias que se están implementando co obxectivo de garantir a igualdade, e, miren, iso non se fai nin en quince días, nin nun mes, nin en seis meses; custa moitos meses esta planificación, porque cada unidade que se abre ten que abrirse con garantías de que conta cunha perfecta adecuación dos espazos; cunha perfecta coordinación entre servizos, porque hai moitos servizos implicados nestas unidades —desde os servizos de Urxencias, pasando polos servizos de Neuroloxía, de Neurocirurxía, de Rehabilitación, de Coidados Intensivos, de Cardioloxía, e ata de Radioloxía Intervencionista—; cun apoio do traballo social; cunha formación específica de todos estes profesionais, e, por suposto, cunha dotación de tecnoloxía. Iso é o que significa abrir unha unidade de ictus; non un anuncio así que se lles ocorre.

Bueno, imos seguir co que nos trae aquí. Señor Ojea, eu non sei que lle ten que recriminar ao conselleiro. Puidemos escoitar todos a resposta da súa interpelación, na que falou do compromiso de dotar de xeriatras todas as áreas sanitarias de Galicia.

Hai unha cousa que debemos de saber: os xeriatras son fundamentais e eu —como dixeran— son unha gran defensora, pero non traballan illados. Hai que entender que a atención das



persoas maiores é necesariamente multidisciplinar entre todos os niveis asistenciais, empezando polos médicos de familia e outros especialistas, xunto con enfermeiros especializados, terapeutas ocupacionais, traballadores sociais etcétera. Todos forman parte desa engrenaxe que permite ofrecer esa atención de calidade.

Todos sabemos tamén que a Xeriatria é unha disciplina que achega esa visión integral da persoa maior, que axuda a priorizar tratamentos, a evitar ingresos innecesarios e a mellorar a calidade de vida, pero tamén sabemos que Galicia necesita máis profesionais desa especialidade, e por iso a Consellería de Sanidade leva anos traballando nesa dirección. E cada vez que falamos desa necesidade, señores da oposición aos que se lles enche a boca de falar aquí desa falta de especialistas, falando de formación, eu pediríalles que lle pidan ao Goberno do señor Sánchez que aumente esas prazas de formación nas especialidades que máis precisamos. Porque, miren, Galicia, na última convocatoria de MIR ofertou o 100 por cento das prazas de formación en Xeriatria que o Ministerio lle permite. Grazas a iso, contamos con catorce residentes formándose no noso sistema sanitario —falo de formación en Xeriatria—. Esa é a mellor garantía de futuro: formar profesionais e integrar a Xeriatria dentro dun modelo de atención transversal e coordinada.

Por iso, señorías, entendemos perfectamente o sentido da moción, pero non podemos apoiar literalmente esa moción. Non se trata simplemente de crear un novo servizo hospitalario sen unha planificación previa nin unha avaliación das necesidades concretas. O que propoñemos é seguir avanzando con rigor, fortalecendo os equipos existentes, incorporando xeriatras de forma progresiva e avaliando a creación de novas unidades cando existan recursos humanos suficientes e o contexto asistencial así o aconselle. Por iso, presentámoslles esa emenda transaccional, señor Ojea, que eu lle diría que, se a acepta, sería perfecto para todos: seguir potenciando esa atención integral ás persoas maiores, continuar impulsando a formación e a incorporación dos profesionais e avalar tecnicamente a viabilidade da creación dese servizo de Xeriatria na área de Ourense. Porque, con esta emenda, recoñecemos a importancia dos servizos de Xeriatria pero, señorías, non podemos esquecer nin menosprezar —como fai o PSdeG e o BNG— o modelo galego de atención que temos en Galicia; un modelo próximo, innovador e eficaz que chega a todos e a cada un dos fogares galegos.

Señora Carreira, a vostede, que é profesional da sanidade, lánzolle unha pregunta: ¿vostede cre que a área de Santiago —que penso que a coñece perfectamente— despreza os maiores ou que non están ben atendidos porque Santiago non conte con xeriatras?, ¿é vostede o que pensa? Mire, nós temos un sistema que aposta pola transversalidade, pola coordinación e pola eficacia e a eficiencia no uso dos recursos públicos. Escoitamos todos recentemente a xerente falar da ferramenta Telea, unha plataforma de seguimento domiciliario do Sergas que permite de forma integrada unir o Ianus 5 en control remoto seguro dos pacientes. Todas estas ferramentas xuntas fortalecen unha sanidade galega máis próxima, máis eficiente e centrada nas persoas, reducindo hospitalizacións e mellorando os resultados en saúde.

Ourense non está esquecida, señorías; Ourense é unha área prioritaria, con programas de seguimento domiciliario pioneiros, con atención próxima e humana e con profesionais extraordinarios que dan unha resposta diaria ás necesidades dos maiores. O reto demográfico é enorme, pero tamén é unha oportunidade para facer de Galicia un referente na atención



ao envellecemento. Temos tecnoloxía, planificación e compromiso, e, sobre todo, temos algo que non se improvisa: un sistema público de saúde forte, humano e preparado para os desafíos de futuro. Por iso, espero que se acepte esta emenda transaccional.

E simplemente para rematar e contestar...

O PRESIDENTE: Grazas. Remate.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...en medio segundo, señor Ojea. Estes son os orzamentos deste ano. *(A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un documento.)* A provincia de Ourense conta con 488 millóns máis que no ano 2025. Só por darlle uns datos: incrementábase un 41 por cento o investimento en bonos de dependencia, destínanse 800.000 euros a ese programa básico de familias con fillos en risco de exclusión... Mire, hai 35,6 millóns de euros para ese reforzo do Complexo Hospitalario de Ourense...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...700.000 euros —remato xa— para a mellora do hospital de Verín, ou máis de 1 millón de euros para o Centro Integral de Saúde. Ourense non está discriminado; a Xunta de Galicia, cando fai os orzamentos...,

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...pensa en todos e cada un dos habitantes desta comunidade.

Grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grupo autor da moción. Señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Saúdos de novo.

Ben, despois do que pasou na provincia de Ourense cos incendios, e despois do tremendo esforzo que calquera goberno responsable tería que realizar para reverter a situación desastrosa que trouxo como consecuencia, só faltaría —¡só faltaría!— que o orzamento global para a provincia de Ourense non aumentase un chisco. Loxicamente, aumenta bastante menos do que nós pensamos que debería aumentar para paliar a situación catastrófica provocada polos incendios. Xa dixen nalgunha comisión —e seguiremolo analizando no futuro— que os incendios afectaron o investimento en todas as áreas de goberno, en todas as consellarías. Todas as consellarías, dun xeito ou doutro, víronse afectadas na súa xestión polos incendios da provincia de Ourense e pola necesidade de restablecer, como mínimo, a situación que tiña a provincia. Como mínimo, claro, porque iso non sería suficiente; o que tratamos —como sempre dicimos— é de reverter a situación de discriminación. Entón, bueno, ¡só faltaría que non aumentasen algo os orzamentos!



E, claro, trátase de dar —non sei— unha especie de mimo simbólico presentando os orzamentos en Celanova. Ben, é un guiño, como se... Un caramelo ¿non?

Tamén temos que recordar que, con independencia de que o orzamento sexa pequeno, tamén o que despois importa é o seu grao de execución —tamén sempre quedamos curtos niso— e o grao de eficacia en gastar os cartos, porque os cartos tamén se poden gastar e se poden malgastar. Quero dicir, se a provincia de Ourense recibe unha cantidade escasa de cartos, e despois, aínda por riba, non se executan —como hai xa precedentes suficientes nese aspecto— ou se malgastan, pois aínda estamos peor.

Ben, imos ao tema das emendas, que xa dixeran que me ía posicionar. Ao Bloque direille o mesmo que lle dixeran na comisión. Loxicamente nós demandamos local, pero pensamos global. Quero dicir, cando pedimos ese servizo para a provincia de Ourense, para as áreas da provincia de Ourense, loxicamente, por sentido común, desexariamos que o tivesen todos aqueles lugares onde fose necesario. ¡Pero de Galicia, de España, de Europa e do mundo!, iso xa é por lóxica. Pero claro, focalizamos no que estamos pedindo, e, loxicamente, non imos aceptar a emenda. Porque, á parte de caer de caixón que desexamos o ben universal en todo o mundo, iso é como —xa lle dixeran na comisión— se vostede me pide arranxar un tellado nun centro educativo no lugar x, que eu tamén lle podo facer unha emenda: pois que se arranxen os tellados en todos os sitios onde o tellado está mal.

E, no caso do Partido Socialista, hai un cambio de contexto. Fixeron unha emenda que é similar á que se fixo na comisión, pero vostedes recordarán que na comisión dixeran que eu o que pretendía fundamentalmente aceptándolles a emenda era que se retratase o PP. Loxicamente a emenda do Partido Socialista ten bastante sentido común. Digamos que é realista: se non se consegue facer de xeito inmediato nas tres áreas sanitarias, que se vaia empezando nunha. É bastante realista e ten bastante —digamos— sentido común. Por iso, naquel momento, aceptei a emenda, porque permitía que se retratase mellor o Partido Popular, que votou en contra aínda facilitándolle a cuestión como se lle facilitaba coa emenda do Partido Socialista, que propuña empezar por unha área. Entón dixeran: vouna aceptar para que se retraten; e votaron en contra, co cal xa quedaron retratados. Pero agora non llela imos aceptar, xa digo. Hai un cambio de contexto e os cambios de contexto modifican o senso das palabras e o senso dos plantexamentos. Non é porque non nos pareza lóxica, que si que é lóxica e si que ten certo senso, pero imos manternos na nosa pretensión inicial de que as tres áreas sanitarias de Ourense reciban canto antes este servizo, toda vez que —como digo— o Partido Popular se retratou na comisión votando incluso en contra desta facilidade que se lle estaba dando.

E ben, o que si abrandou un pouco foi o Partido Popular. Porque o Partido Popular na comisión fixera unha emenda de substitución así máis simple, que viña dicir: seguir facendo o que estamos facendo. Ben, e votaron en contra. Viña dicir iso máis ou menos: seguir incrementando os recursos adicados etcétera, etcétera. E agora xa afinaron un pouco máis; onde había un só punto, agora hai tres. Manteñen como punto o que dicían na comisión —«seguir potenciando a atención integral...», «continuar impulsando...»— e logo engaden un terceiro punto que é: «avaliar tecnicamente a viabilidade de creación dun servizo en xeriatría...». «Avaliar tecnicamente a viabilidade». Ben, eu entendo normalmente a viabilidade



cando se fala de empresas, pero, ben, ¿por que non vai ser viable a creación dun servizo de Xeriatria?

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ARMANDO OJEA BOUZO: ¿Hai algún cambio na provincia de Ourense nas condicións físico-químicas, climáticas ou do valor da gravidade para que non funcionen os equipamentos? Non sei, non sei por que se necesita un estudo da viabilidade técnica da creación do servizo.

Loxicamente, tamén pensamos que é condición necesaria pero non suficiente...

O PRESIDENTE: Grazas...

ARMANDO OJEA BOUZO: ...a existencia de profesionais, pero pódese ir facendo en paralelo a busca de profesionais e a preparación dese servizo. Polo tanto, tampouco llela aceptaremos.

Non aceptaremos ningunha das tres emendas, cada unha pola súa causa, e esperamos que apoién igual esta moción.

Grazas. Perdón, presidente, polo...

O PRESIDENTE: Grazas.

Compensa de outras ocasións. (*Murmurios.*)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

¿Que oculta a Xunta de Galiza? ¿Por que o Goberno do Partido Popular oculta a este Parlamento, á cidadanía, aos medios de comunicación, á asociacións de todo tipo, a información e os datos sobre un servizo que custou aos galegos e galegas 7,5 millóns de euros? Esa é a pregunta que nós facemos desde o BNG con esta moción que presentamos no día de hoxe; unha iniciativa centrada en algo tan importante como a atención ás vítimas de violencia sexual e que ten dous puntos moi claros, moi concisos e tremendamente necesarios: un de transparencia democrática e de fiscalización e outro para rescatar os centros de crise 24 horas de atención ás vítimas de violencia sexual das mans privadas en empresas amigas do Partido Popular para o sistema público de atención ás vítimas de violencia.



Para que nos fagamos unha idea da dimensión da violencia sexual contra as mulleres e da escaseza en comparación dos recursos, temos que ver os números e os datos; números e datos que non quixo contestar nin responder, covardemente, a conselleira de Política Social e Igualdade —e poderíamos engadir «e Covardía»— no pasado pleno, parapetándose unha vez máis nas *fake news*, na demagogia e na difamación da oposición. Mais a realidade é que, cos datos na man, sabemos que en 2024 houbo en Galicia 880 delitos coñecidos contra a liberdade sexual. A propia Xunta recolle nos seus informes sobre a aplicación da Lei galega de violencia que os distintos programas específicos para a violencia sexual atenderon arredor de 130 vítimas. Pois isto é unha extrapolación ben sinxela. Isto sería o 14,7 por cento das vítimas que houbo en 2024; das vítimas —insistimos— que son oficiais, das vítimas que acudiron a unha institución xudicial e que, polo tanto, presentaron unha denuncia, porque sabemos, ademais, que a maior parte das denuncias de violencia sexual non chegan a presentarse, non chegan a acudir a un tribunal. Polo tanto —insisto— tendo en conta o número de vítimas oficiais que houbo nunha institución xudicial no ano 2024 e cantas foron atendidas por distintos programas da Xunta, non chegarían a un 15 por cento das vítimas de violencia sexual. Polo tanto, é evidente que precisamos máis recursos e revisar o funcionamento dos recursos que temos para ver se funcionan.

Insistimos en que é inxustificable a falta de transparencia do Goberno galego. A finais do ano pasado, cando decidiron privatizar un recurso que podían prestar directamente desde un servizo público, tiveron a contestación de máis dunha trintena de organizacións feministas e tamén do Bloque Nacionalista Galego como líderes da oposición. Vostedes decidiron seguir coa súa folla de ruta: privatizar nunha macro concesión para Eulen e OHL un servizo tan delicado que trata de dereitos humanos, cando había outras opcións. Vostedes —insisto— podían reforzar o sistema público, pero decidiron montar centros privados e montar, por riba, eses centros privados en edificios e instalacións sanitarias públicas. Inaudito o procedemento, inaudita a chapuza, que non quedou aí. Sabemos que os protocolos de relación cos CIM chegaron tarde, mal e arrastras, e que ata foron incapaces de sacar en tempo e forma a campaña de publicidade para dar coñecemento á cidadanía deste recurso.

Con estes precedentes, é evidente que isto apunta mal e este grupo parlamentario o que quere é facer o seu traballo. Facer o traballo que nos encomendaron os galegos e galegas, que é fiscalizar o Goberno, fiscalizar aquilo que funciona mal ou non funciona e presentar alternativas. Por iso, desde hai tempo, intentamos facer o noso traballo, intentamos facer seguimento dun recurso tan importante como os centros de crise e atención ás vítimas de violencia sexual. Para iso pedimos datos, e o que fai o Goberno galego é obstaculizar ese dereito á información e obstaculizar tamén o dereito de transparencia á cidadanía.

Non sorprende vendo o que vimos xa nas primeiras avaliacións da Lei de acompañamento. O Goberno galego primeiro cuestionou o Consello de Contas, despois o Consello da Cultura Galega, despois foron a polo Instituto Galego de Estatística, e agora o Goberno galego dedícase a quitarlle funcións á valedora do pobo para así tapar a súa falta de transparencia e a súa falta de rendición democrática. (*Aplausos.*)

Desde hai meses, este grupo parlamentario, e sabemos que, cando menos, tamén o xornal dixital *Praza Pública* e unha asociación específica dun sector concreto da nosa cultura, leva



tempo pedindo datos concretos. Nós queremos saber cal foi o número de persoas atendidas por cada un destes centros; queremos saber cantas vítimas de violencia sexual desagregadas por centros se atenderon e cantas eran menores; queremos saber cal foi o número de horas efectivas de atención psicolóxica, social, xurídica ou de todo tipo prestadas por caso, presencial ou telematicamente; cal foi a orixe das derivacións —se é que houbo unha derivación—, se foi policial, se foi desde un CIM, se foi desde algún outro recurso; queremos saber tamén que actividades de sensibilización se fixeron a partir destes centros, xa que, teoricamente, segundo os pregos de concesión, teñen deberes nesta materia, tamén no ámbito da investigación, e tamén queremos saber que acompañamentos se fixeron a familiares e persoas das contornas das vítimas etcétera. Polo tanto, insistimos: ¿que oculta o Partido Popular?

Primeiro denegaron os datos, despois contestaron evasivas e, agora, din que ata que pase un ano da posta en marcha do recurso non van dar datos. Está acabando xa o ano e poderían dar os datos, se quixesen, dos primeiros nove meses de funcionamento, da mesma maneira que, por exemplo, sabemos cal foi o dato total de denuncias no ano 2024, e temos xa o avance do primeiro semestre de 2025. Poderían facelo, o que pasa é que non queren. Queren atrasalo a xuño do ano que vén —a data na que habitualmente, cando non lles dá por atrasalo, presentan o informe xeral de violencia—, e sabemos que aí van subsumir os datos nunha xeneralidade. Nós temos dereito a saber territorialmente tamén como son estes datos, e iso é o que pedimos nesta iniciativa.

E non o pedimos por pedir. Pedímolo porque somos conscientes da debilidade deste recurso, porque somos conscientes de que falta persoal, de que coas *ratios* de persoal que vostedes incorporaron non se pode garantir unha atención suficiente e, polo tanto, queremos contrastar a información para ver como vostedes non están cumprindo co que lles obriga a lei e como están facendo o posible por que este recurso non funcione, única e exclusivamente por oposición ideolóxica.

Polo tanto —insistimos—, é o momento de que sexan transparentes e é o momento tamén, agora que remata o primeiro ano desde a posta en marcha do seu funcionamento, de que rectifiquen e reinternalicen no sistema público de atención este recurso. Polo tanto, propoñemos tamén nesta moción que se elabore unha proposta para tal efecto que se poida incorporar nos orzamentos do ano 2026, que se garanta a prestación desde o sistema público con persoal suficiente e que tamén neste proceso se faga o que non se fixo antes, que é contar coas asociacións profesionais que teñen que traballar neste ámbito.

Polo tanto —insistimos unha vez máis—, transparencia e compromiso cos servizos públicos, que é o que non fixo cando tomou esa equivocada decisión o Goberno galego de privatizar este recurso.

Contra a violencia machista, menos discursos e máis recursos e máis servizos públicos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario Mixto. *(O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe imos falar dos centros 24 horas, un recurso asistencial para mulleres vítimas de violencia sexual cuxa implantación nas diferentes comunidades autónomas creo que hai que recordar que é grazas á tan demonizada polo Partido Popular Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. E dígoo alto e claro e gustárame recalco, porque quero lembrarlle ao Partido Popular que o seu Goberno da Xunta pon en funcionamento este servizo porque o Goberno de Pedro Sánchez transferiu ás comunidades autónomas os fondos. Para Galicia, en concreto, 6 millóns de euros para a creación destes centros. E estes centros existen tamén porque están previstos nesta lei, que vostedes —ademais de votar en contra dela— demonizan constantemente. Repítoo para que quede claro, porque, se non existise, se non se aprobase esta lei, non poderíamos contar con este recurso, que é unha ferramenta clave para que as mulleres, despois de vivir unha agresión sexual, poidan ter lugares seguros onde ser escoitadas, acompañadas, atendidas, e sen xuízos previos, sen présas e sen ter que demostrar nada.

Imaxinen o duro que era ter que acudir a unha comisaría ou a un xulgado de garda e sentar á espera de ser atendida despois de sufrir unha situación así. Pois ben, a creación destes centros xa era unha exixencia do Convenio de Istambul e do Tratado europeo para loitar contra a violencia de xénero, contra a violencia cara ás mulleres, contra a violencia sexual; pero, agora, grazas a esta lei, é unha realidade.

Señorías do Partido Popular, fraco favor lle fan vostedes ás mulleres cando contan medias verdades sobre esta lei e sobre os recursos tan necesarios que regula, como este do que hoxe estamos a falar. É un recurso moi necesario, porque a liberdade sexual das mulleres segue a ser vulnerada cada día con condutas que van dende o comentario máis desprezable ata o alto índice de agresións sexuais que aínda sufrimos as mulleres. En Galicia, os xulgados galegos rexistraron case 1.000 denuncias por violencia sexual no ano 2024, e, aínda que a taxa de vítimas se situou en 3,5 por cada 10.000 mulleres en Galicia, que é a segunda máis baixa do Estado, o número segue a ser intolerable.

Segue a ser un tipo de violencia moi silenciada, porque, aínda que o outro día no debate a conselleira dicía que o 52 por cento das agresións sexuais que se denuncian son fóra do ámbito doméstico e alegaba falla de seguridade, a realidade é que os expertos din que non é así, que a maioría das agresións sexuais se producen dentro do ámbito doméstico ou familiar; o que pasa é que esas son a maioría das que non se denuncian. Polo tanto, sen denunciar, quedan silenciadas. Porque denunciar unha agresión sexual non é sinxelo. As vítimas moitas veces son cuestionadas, e o exemplo vímoloo aquí neste hemiciclo coa actitude do Goberno ante a denuncia ao exconselleiro Villares por agresión sexual, porque o presidente Rueda e



o PP reproduciron ao *dedillo* ese sinalamento da vítima, ese cuestionamento da denuncia e esa blindaxe e protección do maltratador; iso que tanto temen as mulleres vítimas de agresión sexual e que tanto lles disuade á hora de denunciar.

A todas as mulleres que sofren unha agresión sexual en Galicia, dende aquí quero aproveitar para dicirlles que as institucións xudiciais as amparan e que contan agora cunha lei que, ademais, as protexe, porque non as cuestiona, porque modifica a carga da proba cara ao consentimento. Polo tanto, ánimoas a denunciar. (*Aplausos.*)

E, por outra banda, en relación co debate do outro día, que estiven vendo na casa porque estabamos a facer folga nese momento, eu a verdade é que quedei abraida con algunhas manifestacións da conselleira; e non digo esas de que somos referentes e pioneiros en todas as cousas en Galicia, que xa estamos acostumadas. Digo literalmente unha frase que dixo a conselleira no outro día: «Galicia leva anos incrementando os recursos para a loita contra a liberdade sexual de dous xeitos, e o primeiro deles é a prevención e a sensibilización». Dixo que son ferramentas esenciais para reducir a incidencia.

Esta é unha mentira totalmente constatable, como xa informou este verán o Consello de Contas, porque vou lembrar que o Consello de Contas sinalou que no ano 2009 había arredor de 8 millóns de euros destinados á prevención da violencia de xénero en Galicia, mentres que en 2022 esta partida era de 2 millóns de euros. Polo tanto, foi unha redución progresiva nos últimos anos deste orzamento para a sensibilización e prevención. Pero, ademais disto, deixou totalmente en evidencia o director xeral de Violencia, que dixo no verán en resposta a este informe do Consello de Contas: «O número de asasinatos de mulleres vítimas de violencia de xénero non ten ningunha relación directa causa-efecto coa intensidade das políticas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero.» Polo tanto, minusvalorou a utilidade destas políticas. Entón, ¿en que quedamos, señorías do Partido Popular? ¿Cre este Goberno que as políticas de prevención son unha ferramenta esencial, pero levan anos reducindo o orzamento, ou non valen para nada e por iso o reducen? Deberían vostedes explicalo.

Por outra banda, a segunda mentira tamén constatable que dixo a conselleira foi que esta lei de protección contra as mulleres que sofren violencia sexual tamén regula unha serie de prestacións en favor das vítimas da violencia sexual para garantir a súa autonomía económica e para facilitar unha recuperación integral. Pois ben, falaba o outro día a conselleira de que existía en Galicia un orzamento dedicado a isto, dentro da partida de 313D, que era de 1.272.638 euros. Transcorridos nove meses dende a aprobación destes orzamentos, non se estableceron nin os criterios de repartición nin se repartiron estas axudas.

¿En que se amparaba a conselleira, o cal tamén sostivo o outro día a señora Arias no seu debate? En que non se podían facer efectivas estas axudas porque non se aprobaran na Conferencia Interterritorial os criterios de acreditación da condición de vítimas. Primeiro, isto non é certo. No mes de xuño, non se puido chegar a un acordo sobre os criterios de acreditación da condición de vítima na Conferencia Interterritorial. ¿Por que? Pola política obstrucionista do Partido Popular en todos os consellos interterritoriais, por mandato do señor Feijóo; ou mellor dito, por mandato da presidenta da Comunidade de Madrid, que é finalmente a que manda. Segundo, ante esta incapacidade de chegar a este acordo, a ministra, dende o Mi-



nisterio, informou as diferentes comunidades autónomas da posibilidade de que elas, en función do seu propio autogoberno, puidesen determinar estes criterios. A conselleira sábeo, pero mente. Polo tanto, non existe problema xurídico ningún para que dende Galicia se establezan estes criterios e se repartan ás axudas. Polo tanto, segunda mentira da conselleira.

E, por último, falaba tamén a conselleira de que había unha cantidade inxente de recursos destinados á prevención, e falaba dos centros Quérote e dos puntos lilas. Pero, ¿onde queda a educación afectivo-sexual esencial para loitar e para previr nun futuro as agresións sexuais ou todos os delitos que atentan contra a liberdade sexual das mulleres, que somos as principais vítimas?, ¿onde queda? Porque levamos anos dende o Partido Socialista insistindo na necesidade de que na educación regrada se inclúa a educación afectivo-sexual, e a Xunta non quere, non lle dá a gana de incluíla.

Para finalizar, nós queremos anunciar que imos apoiar esta iniciativa. Nós cremos que dende a oposición temos que ter dereito a poder fiscalizar como están a funcionar estes centros, porque estes centros son recursos esenciais, pero para que funcionen, necesitan unha atención psicolóxica, xurídica e social 24 horas ao día e 365 días ao ano. E iso é clave, porque non só basta con consignar nun escrito na lei eses dereitos, senón que despois hai que aplicalos, e para iso hai que escoitar as mulleres, hai que ter os profesionais axeitados e a disposición durante —como dicía— 24 horas do día, 365 días ao ano.

¿Para que? Para que as mulleres poidan seguir denunciando sen sentir medo e para que poidan seguir tendo dereito a vivir libres.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías, nada me gustaría máis que poder afrontar este debate coa rigorosidade e a seriedade que se merece unha cuestión tan importante como a necesidade de que todas as administracións poñan á disposición das vítimas de violencia de xénero os medios e recursos suficientes, tanto para a súa protección, como para a erradicación desta lacra. Pero resulta moi difícil afrontar este debate nestes termos cando, do outro lado, nos atopamos con todo o contrario, cunha esquerda carente de rigor, de seriedade e, o peor de todo, de coherencia á hora de reclamar eses necesarios recursos.

É unha esquerda, señorías, que —como lles dicimos moitas veces— son moi bravos en Galicia e moi mansos en Madrid. (*Aplausos.*) Só así se entende, señorías, que mentres aquí critican a Xunta destes centros de crise de 24 horas, non lles escoitase, señora Presas, ningunha crítica cando o Goberno central non aportou financiamento para a súa posta en marcha, se desentendeu da elaboración dos protocolos de actuación e se despreocupou de cal debía de ser a mellor ubicación. Igual que, mentres aquí reclaman á Xunta que poña á disposición



das vítimas máis recursos sabendo que Galicia é unha das comunidades con mellores recursos de protección, son incapaces de denunciar os recortes que aplica o Goberno central nesta materia, e mesmo os apoian.

E non, señora Castro. Nós, o Partido Popular, non podemos apoiar os recortes en dereitos, como a aprobación das leis que benefician agresores sexuais á custa de revitimizar as súas vítimas; os recortes na protección xudicial, como negarse a dotar todas as cidades galegas de xulgados específicos de violencia de xénero á custa de colapsar os existentes e privar as vítimas da xustiza próxima e eficiente que necesitan, e os recortes na seguridade, como o que supón a falta de efectivos policiais, cando sabemos que máis do 50 por cento dos delitos deste tipo —si, señorías— se producen fóra do ámbito doméstico.

Se realmente defenden que as vítimas contan con máis recursos, señorías do BNG e do Partido Socialista, aplíquense o conto e prediquen co exemplo alí onde gobernan. Porque supoño que saberá a señora Presas que o Concello de Cangas, por exemplo, do que tanto falan ultimamente, cunha alcaldesa nacionalista que vostedes defenden moitísimo, é o único da comarca do Morrazo que non está adherido ao sistema de protección VioGén, como tampouco está Ribeira, que ata hai pouco tiña un alcalde nacionalista que non moveu nin un só dedo para adherirse a este sistema de protección das vítimas. (*Aplausos.*) Iso si, estaba moi ocupado e preocupado en quitar o corazón e poñer un be, porque a ideoloxía do Bloque sempre está por riba de resolver os problemas das vítimas e, neste caso, das mulleres. Ata este mesmo ano tampouco estaba adherido o Concello de Lugo, que ata hai só uns meses era a única das grandes cidades de Galicia que non formaba parte da rede VioGén.

Por certo, señorías do BNG, xa que falamos de Cangas, a min chámame a atención que os que poñen o grito no ceo cando as protestas son contra eles, son os mesmos que chaman a axitar as rúas con este documento que coñecemos da UPG do 15 de outubro. (*Murmurios.*) Si, é da UPG, señora Rodil. ¡Teno que coñecer e estudar ao *dedillo*, ao *dedillo*, ou, se non, os coroneis, e máis ben a coronela, enfádanse! (*Aplausos.*) Miren, ¿a que chama a UPG? Pois chama á violencia, á manifestación e ao alboroto. E, ¿que propón no ámbito do feminismo, señora Presas? Pois mire, dedícalle seis liñas, única e exclusivamente. Impulsar novas e masivas mobilizacións sociais, e comezar polo próximo 25 de novembro; esa é a súa proposta no ámbito do feminismo, señorías. ¿Por que? Ben, porque a UPG se materializa na CIG, e eu sempre digo que a CIG ten un partido, que é o BNG. E o BNG foi ao País Vasco recibir instrucións de Bildu de instigar a *kale borroka* en Galicia e tamén a *kale borroka* no feminismo, señora Presas. (*Aplausos.*) ¡Esa é a súa proposta en materia de igualdade! Iso si, as manifestacións son lexítimas se son contra o Partido Popular e contra a Xunta. Agora, se son contra os alcaldes e alcaldesas da comarca do Morrazo, é hostigamento.

Mire, señora Presas, se vostedes queren menos discursos, fale cos alcaldes e alcaldesas de Brión, da Teixeira, de Cuntis, de Mazaricos —de Mazaricos—, de Camariñas e de moitos máis concellos gobernados polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, ou polos dous, que nin sequera contan cun centro de información á muller, e obrigan as súas veciñas a desprazarse a outros concellos para poder recibir os seus servizos.



Pero a vostedes iso dálles igual. Veñen aquí criticar a Xunta e sacar, como sempre, o comodín das privatizacións, ¿verdade? De feito, supoño que lles resulta doado facelo. ¿Sabe por que, señora Presas? Porque vostedes están moi familiarizados con este termo, e vou dicirlle por que. Foron vostedes en Santiago de Compostela, co alcalde Sánchez Bugallo, os que contrataron e privatizaron con Eulen, esa empresa tan demonizada, os servizos de Dinamización Social, Igualdade, Formación e Educación de Colectivos en Risco de Exclusión Social. ¡E, daquela, señora Presas, non estaban na oposición; estaban no Goberno! ¿E sabe quen era a tenente de alcaldesa? A señora Socorro García Conde; hoxe, xefa de gabinete da alcaldesa Goretti Sanmartín. E son vostedes tamén, os do Concello de Mazaricos ou os da Deputación de Lugo, os que privatizaron a rede pública de residencias da provincia. Lean o que di aquí, ¡eh!, a UPG. (*A deputada Paula Prado del Río mostra un documento.*). ¿Que di a UPG? Pois que hai que manifestarse en defensa do sistema público e de coidados, incluídas as residencias —páxina 7—. Tamén terán que ir facer algunha manifestación diante da Deputación de Lugo, diante do Concello de Mazaricos e diante de todos os concellos gobernados polo BNG que teñen privatizados servizos de coidados, señorías (*Aplausos.*).

Dito isto, tamén quixera recordar unha frase súa, señora Presas, no pasado pleno: «O corpo das mulleres palestinas está sendo usado como arma de guerra.» Ao fío disto, señora Presas, gustaríame que tanto vostede como o resto de deputados e deputadas do BNG amosasen a mesma firmeza, a mesma contundencia e a mesma sororidade, señora Presas, á hora de condenar a violencia exercida polo réxime ditatorial de Nicolás Maduro contra as mulleres de Venezuela. (*Murmurios.*) Si, fagan buf. A min gustaríame que, en vez de facer buf, alzaran a voz e se solidarizaran tamén con esas mulleres que só polo simple feito de manifestarse contra o réxime —e agora poden rirse e facer buf— tiveron que sufrir violencia sexual, de xénero, manoseos, casos de desnudez forzada, requisas corporais invasivas e ata a deneación dos dereitos reprodutivos. (*Aplausos.*) ¿Saben como está iso en Venezuela? Pois apliquen o conto.

Pero, tristemente, sei que non o van facer, porque para vostedes todas esas vítimas, señorías, son igual de fascistas que a Premio Nobel da Paz, a señora María Corina Machado, unha muller que, xunto á súa familia, leva anos sendo vítima de agresións, de hostigamento e de intimidación por parte do réxime de Maduro, só por defender os dereitos humanos, a liberdade e a democracia en Venezuela, e miles de mulleres hostigadas, violadas e agredidas sexualmente polo réxime do ditador Maduro, ao que vostedes apoian, señorías. (*Aplausos.*)

E remato xa.

Quixera pedir a votación por puntos. Coincidimos na necesidade de coñecer todos os datos dos programas e actuacións realizadas en cada un dos centros de crise. Eu celebro, señora Presas, que no pleno pasado a señora conselleira xa dixo que ía traer ese informe que estaban elaborando, un informe anual. Vostedes quéreno mensual, trimestral, semestral. Pois mire, un informe anual. Non hai ningún tipo de falta de transparencia, non hai ningún tipo de ocultación, señora Presas. A conselleira comprometeuse e nós imos apoiar o punto 1, se nos deixa votar por puntos.



E o punto 2 non o podemos aceptar, que diga que estes centos están privatizados, cando a realidade é que se trata de centros públicos e gratuítos que son supervisados, controlados e administrados pola Xunta de Galicia.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

PAULA PRADO DEL RÍO: Si, remato xa, señor presidente.

Eu, señorías, coincido coa UPG no seu escrito de xaneiro de 2025, cando dicía que o feminismo galego, concretamente o dos nacionalistas, vive nunha situación de desfalecemento e anemia. Tomen nota e traballen máis polo feminismo e deixen as manifestacións, o alboroto e a algarada para outras cousas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grupo autor da moción, señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Pois si, señora Prado, desde o Bloque Nacionalista Galego reivindicamos as mobilizacións do feminismo, mobilizacións nas que nin vostede nin eu poderíamos ser deputadas, ter dereito e voto e estar neste Parlamento, por exemplo. (*Aplausos.*) Si.

Mire, a rigorosidade e a seriedade no Partido Popular en materia de feminismo e de igualdade das mulleres xa hai moito tempo que a perderon, hai moito tempo que a perderon, e para mostra a súa intervención, que tivo que aproveitar os segundos de regate que lle concedeu o presidente do Parlamento para poder citar os asuntos dos que se falaba nesta intervención, nesta proposta de moción, no lugar de poder dedicarse a ela, porque preferiu facer o que fai o Partido Popular: *fake news*, difamación e algarada; vostedes si que fan algarada nas súas intervencións, señora Prado (*Aplausos.*)

Mire, o BNG traballa co mesmo rigor e coa mesma seriedade e coa mesma exactitude nesta institución e en todas as institucións, pedindo recursos en todas e afinando propostas políticas concretas para cada unha delas segundo o seu ámbito de responsabilidade, como facemos nesta iniciativa, dirixida a ámbitos que son responsabilidade da Xunta de Galiza, señora Prado, e vostede sábeo perfectamente, aínda que tente manipular a realidade.

En calquera institución, como fixemos, por exemplo, cando tivemos coñecemento dos problemas de Cometa e de VioGén, que, por certo, os de VioGén se teñen trasladado tamén reiteradamente neste Parlamento para que haxa pronunciamentos, e fixemos o noso traballo, por exemplo, no Senado e no Congreso das e dos Deputados, mentres o Partido Popular non rexistraba nin unha soa iniciativa ao respecto, por exemplo, señora Prado.

Así que aplíquense un pouco o conto e intenten traballar vostedes cun mínimo de seriedade nas institucións, no lugar de intentar empregar os problemas das mulleres como unha arma arboladiza, que é o que están facendo. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Si, si. Porque, en realidade,



o problema é que se están dedicando vostedes a facer oposición ideolóxica e cutre á entrada do consentimento no marco da lexislación, é o que están facendo. E logo veñen aquí, e no lugar de facer unha intervención seria e rigorosa, precisamente sobre o que se está tratando, veñen vostedes a facer o *check*, que poderíamos facer, no lugar do *check* de ser a cuñada de Nadal, o *check* de intervención do Partido Popular, que se o terrorismo e a violencia en todos os seus espectros, *kale borroka*, UPG, CIG, ataque a concellos do BNG, e incluso medramos, ademais, sen representación institucional, porque caeron uns cantos máis de rebote.

En fin, señora Prado, se quixera falar en serio dalgún dos temas que citou, como por exemplo dos CIM, podería falar desa privatización dos CIM móbiles que acaban de sacar vostedes no lugar de prestalo con traballadores e traballadoras do servizo das institucións públicas, outra macroconcesión por 1 millón de euros, señora Prado, que acaban de privatizar vostedes, ou do problema de financiamento que lles din os concellos reiteradamente que hai.

En todo caso, nós insistimos: queremos os datos, e querémolos xa, señora Prado; é que queremos os datos dos primeiros nove meses de funcionamento, tal e como levamos pedindo. Iso é un exercicio de democracia e transparencia, non hai por que esperar a un informe anual, porque é un ámbito que podemos fiscalizar perfectamente, señora Prado.

E queremos insistir en que hai que internalizar eses recursos dentro do sistema público, porque, si, eu creo que en algo tan delicado como unha agresión sexual hai que confiar en profesionais do sector público que teñan unha formación garantida, que teñan unhas condicións laborais dignas e que teñan tamén un coñecemento acumulado dentro dese servizo público, en algo tan sensible como as agresións sexuais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado

O PRESIDENTE: Procedemos agora, tal como informei aos portavoces e á Mesa do Parlamento, á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Moisés Rodríguez Pérez. Todo iso farémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento da Cámara, polo cal procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía do novo deputado. Segundo o procedemento, a formula é contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta que desta Presidencia lle imos formular. Prégolle que responda dende o escano á pregunta que lle vou formular.

Don Moisés Rodríguez Pérez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Si, prometo.



O PRESIDENTE: Grazas.

Pois, unha vez prestada a promesa, adquire vostede a condición plena de deputado. Benvido ao Parlamento. (*Aplausos.*)

Suspendemos a sesión ata as 16 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e once minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

O PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, coa moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as *ratios* de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Lembrarán o que dicía a conselleira na interpelación que formulabamos desde o BNG a pasada semana: que pediamos o seu cesamento «por facelo ben». Literalmente dixo: «Mire, señora Rodil, esta mesma mañá, non me estraña,...» —a min tampouco— «...o Bloque Nacionalista Galego pediulle ao presidente da Xunta o meu cesamento por facer o meu traballo, por facelo ben».

¡Curioso concepto de facer ben as cousas e de facer ben o seu traballo ten a conselleira de Política Social! ¿É «facelo ben» non actuar nunha residencia na que había gravísimas irregularidades até que a Inspección de Traballo ordenou pechar o centro, como aconteceu en Amoeiro? ¿É «facelo ben» que neste país haxa persoas maiores en situación de desnutrición, sen asear e comendo leite e patacas como único menú, como deu testemuño a Garda Civil? ¿É «facelo ben» que haxa traballadores explotados, en situación de irregularidade e traballando nun centro de servizos sociais en Galiza sen que a Xunta faga nada? ¿Non sabía a Inspección de Política Social cando entrou nesa residencia de Amoeiro, o 8 de setembro, o que alí estaba acontecendo? É un absoluto escándalo e un despropósito pero, sobre todo, é algo inadmisíbel que nunha democracia avanzada, nun país coma o noso, en pleno século XXI, poida acontecer algo semellante ao que se descubriu en Amoeiro. (*Aplausos.*)

Non é a primeira vez que pasa. Isto trouxémolo desde o Bloque Nacionalista Galego noutras ocasións: a de Xinzó de Limia, que se pechou apenas unha semana máis tarde; e antes, a de Pazos de Borbén, con 5 persoas pechadas nun alpendre para que a Inspección de Traballo



non vise que tiñan máis residentes que prazas autorizadas nesa residencia, unha residencia de maiores concertada con 22 prazas pola Xunta de Galiza. Cando a empresa privada copa un servizo público, como acontece no sector das residencias, onde máis do 80 por cento das prazas son privadas ou están privatizadas, pasan estas cousas. As empresas queren maximizar os beneficios á custa do que sexa, especialmente á conta dos dereitos das traballadoras e do benestar das persoas usuarias. Que pasen estas cousas —como en Amoeiro, como en Xinzo de Limia, como en Pazos de Borbén e como en todas as residencias de DomusVi—, como puidemos comprobar directamente, con moito esforzo e con moito traballo, deputadas e deputados do Bloque Nacionalista Galego durante a pandemia, non é facelo ben. Que pasen estas cousas é non facer nada.

Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego pedimos a semana pasada o cesamento da señora García á fronte da Consellería de Política Social. Hoxe pedimos que se remitan as actas e os informes dos servizos de Inspección en Amoeiro e en Xinzo. Se non hai ningún problema, se todo está ben e se se fixo todo «estupendísimamente», non haberá ningún problema para que este Parlamento coñeza eses informes e as actas de Inspección nos casos de Amoeiro e de Xinzo de Limia. Pedímolos tamén para que o conxunto da poboación deste país saiba que é o que fixo a Xunta de Galiza nestes casos en concreto e, tamén, naqueloutros que temos solicitado ao longo desta lexislatura. Pedimos o acceso ás actas, aos informes e aos expedientes sancionadores, se for o caso.

Eu quero lembrar que a Xunta de Galiza ten, por lei, a obriga de velar polos dereitos das persoas usuarias nas residencias e en calquera outro servizo de carácter social, independentemente do modelo de titularidade ou de xestión destes centros, sexan residencias públicas, privadas ou medio pensionistas. Señorías, resulta, cando menos, difícil de entender que o 8 de setembro haxa unha inspección de Política Social en Amoeiro, que non pase absolutamente nada e que un mes despois, o 2 de outubro, se decrete o peche dese centro por orde da Inspección de Traballo —que é outra administración, non é a Xunta de Galiza— e da Garda Civil. Entreguen as actas e os informes de inspección dos últimos cinco anos a esta Cámara: os de Amoeiro, os de Xinzo e os de todas as solicitudes de documentación que temos formulado desde o Bloque Nacionalista Galego.

¡Eu preguntome por que non o fan! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu levo rexistrado, cun artigo 9, a solicitude do acceso ás actas, aos informes de Inspección e aos expedientes sancionadores —se for o caso— desde que se iniciou esta lexislatura. ¿Que é o que oculta o Goberno do Partido Popular? ¿Que é o que intentan tapar, señorías? ¿O ben que o están facendo? Porque se todo está ben, ¿que é o que non se pode saber? ¿A «estupendísima» xestión do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza?

Pedimos hoxe, con esta moción desde o BNG, transparencia e o dereito de acceso á información pública. Esta é unha información extremadamente valiosa porque falamos de centros de servizos sociais onde residen persoas maiores. Trátase de persoas extremadamente vulnerables en moitos casos porque son grandes dependentes ou porque, mesmo nalgúns casos, están privadas da capacidade para obrar e para decidir por si mesmas. Pedimos o dereito á información, transparencia e máis persoal nos servizos de Inspección da Consellería de Política Social. Concretamente, pedimos duplicar o número de inspectores da Consellería.



Acaban de entrar os orzamentos para o 2026 e, de novo, vemos como o corpo do servizo de Inspección da Consellería de Política Social ten 26 persoas inspectoras para atender máis de 6.000 centros dependentes da Consellería de Política Social. Tenas non só para atender as residencias de maiores, os centros de día ou as casas do maior, senón para atender todos os servizos vinculados á protección de menores, aos servizos de atención á infancia, aos servizos de atención á dependencia e a calquera outro servizo de carácter social. Son 26 persoas para cubrir e para inspeccionar máis de 6.000 centros e servizos sociais, para velar pola garantía dos seus dereitos fundamentais e do seu correcto funcionamento. A maior parte dese corpo inspector está, por certo, en comisión de servizos. ¿Como van facer o seu traballo os inspectores e as inspectoras de Política Social nestas condicións?

Fagan a división de cantos centros de servizos sociais lles corresponde a cada inspectora e a cada inspector. Ademais de ter que asumir esa sobrecarga de traballo, teñen que pelexar, como elas e eles mesmos denunciaron, contra a propia Xunta de Galiza para poder facelo. Lembrarán como o denunciaron eles mesmos: *(A deputada Olalla Rodil Fernández amosa un documento cun titular e unha fotografía.)* «Inspectores acusan a Política Social de “filtrar” a centros de maiores a data das visitas e a Xunta di que menten». ¿Que fixo a conselleira de Política Social? ¿Investigou a denuncia que presentaran as propias inspectoras e os inspectores dependentes dela? ¿Investigou se era certo que se estaban advertindo e alertando centros dependentes de servizos sociais, residencias de maiores e centros de día de que se ían facer inspeccións? ¿Que fixo? ¿Investigou a denuncia? ¡Non! ¡Perseguiu a quen denunciou! *(A deputada Olalla Rodil Fernández amosa un documento cun titular e unha fotografía.)* «Política social abre expediente ao persoal que denunciou a filtración das datas de inspección ás residencias». ¡É de xulgado de garda, pero para levalos ao xulgado a vostedes! *(Aplausos.)*

Señorías, sacan moito peito e teñen moitas veces o persoal público na boca para intentar tapar con iso a súa incompetencia e a súa negligente xestión, pero despois vemos, cando rascamos un pouco fóra da propaganda, en que condicións ten que traballar ese persoal público para poder desenvolver o seu traballo e para cumprir coas súas obrigas laborais. Galiza precisa máis e mellores servizos de atención ás persoas maiores.

Iso pasa tamén —que é a segunda parte da moción que hoxe presentamos desde o BNG— por garantir boas condicións de traballo do persoal inspector e, sobre todo, das persoas que sosteñen co seu lombo os coidados e a atención das persoas dependentes nas residencias; é dicir, pasa por coidar a quen coida.

Non se pode ter a maior parte das traballadoras das residencias que existen en Galiza —falamos de 12.000 traballadoras das residencias privadas e insisto, a maior parte, por non dicir a práctica totalidade das residencias que existen en Galiza— cun convenio caducado desde hai máis dunha década, cobrando menos do salario mínimo interprofesional —só chegan a raspar ese SMI as que teñen quince ou vinte anos de antigüidade— e, moito menos, con *ratios* de persoal que deixan unha atención de 1 persoa auxiliar por cada 10 ou 12 persoas usuarias e, en quendas de noite, 2 persoas soas para atender centros residenciais con 152 persoas usuarias dependentes.

Todo isto está regado con máis de 100 millóns de euros públicos ao ano, o que fai directamente responsables a Consellería de Política Social e o Goberno do Partido Popular na Xunta



de Galiza das condicións e da situación na que están traballando estas mulleres. Todo iso pasa cunha Xunta, cun goberno do Partido Popular, mirando para outro lado e cunha conselleira que é incapaz, nin sequera, de recibir esas traballadoras, que o único que intentan é poder facer o seu traballo en condicións dignas e non de precariedade.

Trátase dunha batería de propostas —con isto remato— para dignificar os coidados e a atención residencial que reciben moitísimas persoas no noso país; para, sobre todo, garantir o dereito a coñecer —¡o dereito a saber!— que é o que está acontecendo neste país; e para dar resposta —¡cumprida e necesaria resposta!— á pregunta que formulabamos hai unha semana: ¿cantos Amoeiros máis haberá neste país?

Máis nada.

(Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

En datas recentes, como seguramente saben todos vostedes, a Xunta viuse obrigada a pechar dous centros de atención a maiores na provincia de Ourense: un en Cerval, no concello de Amoeiro; e outro encima de Ribeira, no concello de Xinzo de Limia. Detectáronse graves deficiencias na atención aos maiores que alí estaban residindo. Desde logo, de seren certas as afirmacións que se fixeron na prensa facéndose eco das denuncias e da Inspección, loxicamente, é algo inadmisibile.

Queremos pensar que esa non é unha forma máis de discriminación da provincia de Ourense. Non queremos pensar que esas deficiencias de control, esas deficiencias de inspección, por parte dos servizos pertinentes da Xunta de Galicia nesa clase de centros sexan exclusivas da provincia de Ourense. Non queremos pensar que o grao de discriminación chegue a ese punto e inclinámonos a pensar, máis ben, que esas deficiencias na inspección e no control son comúns ao resto da Comunidade Autónoma, como tamén se falou noutros casos en datas non moi lonxanas.

Loxicamente, pensamos que nunha situación de servizo óptimo iso non se produciría nunca. É perigoso que se detectase como consecuencia de denuncias particulares e privadas. Eu aquí paro a pensar naquilo que se dicía moitas veces nas películas de vaqueiros: ían dous vaqueiros por unha zona de indios e dicíalle un ao outro: «se ves un indio, se ves un, é que hai mil detrás das pedras». Aquí faime pensar que pasa algo parecido: se se detectaron dous casos, temos que temer que pode haber moitísimos máis que non se detectan.

Sobre todo, se fose certo —quixera pensar que non, pero todos sabemos que «onde non hai control suficiente, hai fraude», que é unha máxima que se repite sempre nos contornos



das auditorías e en todo control —, loxicamente, pensamos que os servizos de Inspección da Xunta de Galicia non son suficientes, na medida en que temos tantos centros públicos e de xestión privada con esa clase de servizos. Os servizos de Inspección terán que ser moito maiores do que son; traballar con moita máis frecuencia da que traballan; e, desde logo, traballar dun xeito que non dea lugar a sospeitas en caso de filtracións ou de avisos de datas de inspección por parte de ninguén. Esa é unha cousa que non queremos pensar, pero que os que estamos na xestión pública pois coñecemos casos así ás veces noutros servizos, desgraciadamente. Os que traballamos na xestión pública, no caso concreto, por exemplo, dos concellos, temos constancia ás veces de que existen esa clase de chivatazos, como se di no argot común, no ámbito doutras cousas: de licenzas, de actuacións da Policía Local e cousas así.

Entón, ben, loxicamente somos realistas e pensamos que esas cousas poden pasar e, precisamente por iso, se deseñan os sistemas de control e de inspección. Porque, se se deseñan e se crean eses servizos e se crea esa normativa, é porque o lexislador sabe que poden pasar esas cousas.

Entón, é inadmisíble que pasaran eses dous casos concretos dos que falamos, de Cervál, en Amoeiro, e de Cima de Ribeira, en Xinzo de Limia. E realmente non sei como cualificalo, pero é realmente preocupante que poida ser síntoma de algo máis grave e máis profundo, ou sexa, poida ser síntoma de que esas situacións se poidan estar dando en moitos outros lugares. E, polo tanto, os servizos de inspección da Xunta de Galicia teñen que incrementar a súa eficacia, o seu número de efectivos, a súa forma de traballar, que non poida haber filtracións nos labores de inspección.

E, desde logo, tamén hai outra cuestión importante, que é o xeito en que traballan as traballadoras —e digo traballadoras porque habitualmente son mulleres, aínda que tamén existen homes facendo ese labor, en moitos casos puramente vocacional—. Eu teño a miña nai nunha desas residencias, xa o meu pai estivo cando aínda non falecera, e coñezo de primeira man o inmenso labor que fan esas traballadoras, que están exixindo, con toda xustiza, desde moitos foros a regularización das súas circunstancias laborais adecuadas ao que deberían ser as circunstancias laborais do século XXI. Loxicamente son traballadoras que teñen que ser recibidas, elas ou os seus representantes sindicais, por parte da administración pública pertinente para reconducir ou redeseñar os seus marcos laborais, as súas normativas, que rexen a súa situación de traballo, os seus convenios, etc. E, desde logo, pois probablemente tamén fagan falta cambios normativos que fagan que non teñan que traballar nesas condicións —non vou dicir de escravitude, porque sería unha palabra demasiado forte— tan duras de ter que atender a un número moi superior de persoas ás que serían desexables para unha atención correcta, durante demasiadas horas, etc., etc.

Polo tanto, iso é o que lles tiña que dicir, e, desde logo, a Cámara debería coñecer o contido dos expedientes de inspección que teñen tido lugar e, desde logo, os que podían aparecer no futuro, por cuestións obvias.

Nada máis, moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Ben, eu creo que non é nada descabellado, señor Ojea, dicir que isto é unha escravitude. Non se preocupe polo termo, porque non está fóra da realidade, desgraciadamente máis ben está dentro da realidade. E basicamente porque o que hoxe vimos votar aquí ou vimos falar aquí con esta moción é sobre todo o reflexo dunha involución dos servizos sociais. Dixémolo nalgún pleno anterior ou comisión: isto está periclitado, como dicía un compañeiro meu, no sentido de que estoupou, estoupou o SAF e moitos outros dos servizos da Lei de dependencia; e iso está producindo que haxa unha involución, algo que non vimos ata o de agora ou que iso se sospeitaba e que, dalgunha maneira, hoxe salta á vista.

Eu sei que non o van recoñecer, que van falar doutro tipo de cuestións, pero basicamente esta é unha involución en toda regra.

E vou comezar cun exemplo, afortunadamente máis suave do que se falou hoxe aquí e do que se falou agora aquí, pero despois pasaremos ao caso de Amoeiro e de Xinzo.

Unha veciña da Costa da Morte solicitou a dependencia para a súa nai hai algo máis de dous anos. Hai uns meses veulle concedida. Na propia carta desa comunicación dicíanlle que tiña dereito a 7.000 euros aproximadamente e que a partir de agora tiña o famoso bono para coidados na casa. Claro, eses 7.000 euros non os vai cobrar nunca, porque ninguén lle dixo que durante todo ese tempo de espera tiña que ter contratado unha empresa regularizada co servizo ou co concello en concreto, ou co Servizo de Axuda no Fogar, unha empresa que estivera, por así dicilo, dentro das empresas que traballan en axuda no fogar e, polo tanto, tiña que ter unha factura. Iso para empezar. É dicir, o que están dicindo é: non preiteen vostedes, que vostede ten recoñecido este dereito, pero non o vai poder cobrar, porque ninguén lle dixo que tiña que ter antes unha factura para poder cobralo, e a partir de agora tome os máis de 400 euros e faga o que queira o que pode.

E esa é unha das realidades que está a acontecer, e iso é desinformación basicamente. Porque xa o dixemos aquí: Galicia é unha das comunidades que menos informa a aqueles que son posibles dependentes dos seus dereitos. Evidentemente, non teñen vostedes ningunha vontade de aumentar esa información porque terían máis demanda, como é evidente, pero é o que está a acontecer.

E logo temos este terrible caso, terrible caso, tanto das vivendas de Jardín, de Amoeiro, como da residencia San Gabriel, de Xinzo de Limia. Fainos pensar que estamos nunha situación decimonónica, algo que non viramos máis alá das novelas de Charles Dickens, pouco máis ou menos. Pero o que nos sitúa é ante unha irresponsabilidade manifesta, unha irresponsabilidade manifesta por parte da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

E hai unha maldade en todo isto, e é unha maldade que ademais tamén se está poñendo de manifesto a través de como estamos pensando os coidados dos maiores. Estamos pensando,



e ninguén nos quere sacar dese erro, en almacenalos en grandes residencias, en lugares alonxados de todo o mundo, alonxados dos seus centros de referencia e o menos visible posible. E iso é a práctica que nos está levando hoxe en día a través da Consellería de Servizos Sociais. Sobre todo porque estas persoas xa non teñen utilidade marxinal, son un gasto. E, como non somos capaces de quitarlles a utilidade marxinal, pois entón mellor que non aparecen dentro do sistema produtivo e que estean o máis afastadas posibles.

Pero, claro, despois están dentro dese conglomerado que non son as grandes, que son as privadas, ese conglomerado que depende das inspeccións da Xunta de Galicia; inspeccións —*vox populi*— das que sabemos que se avisa con anticipación cando van ir os inspectores ás privadas. Os directores adoitan ter unha chamada dicindo que tal día a tal hora vai a inspección. ¡Amigo!, pero neste caso saltaron outras alarmas e non foi a inspección a que foi avisar, senón que foi unha denuncia que fai que os pille por sorpresa, e desgraciadamente nos encontramos con ese escenario cruel, por non darlle outro cualificativo.

É máis: inspectores que no seu día, como xa se dixo, se atreveron a denunciar esta praxe foron apartados, foron expedientados pola propia Xunta de Galicia.

Entón, claro, se isto non é unha involución, se isto non é unha explosión en toda regra do sistema, eu non sei o que podemos pensar de todo isto.

Ademais, hai outra terceira pata, que é o persoal. Pero non só o persoal que está en dependencia, os que están en menores, os que están en discapacidade, todo ese persoal que está —vanme permitir a expresión— polo caldo en moitas ocasións, moitos deles vocacionais, outros, evidentemente, traballos feminizados, que non son capaces nin sequera de levar unha vida —digamos— regrada, no sentido de que os horarios non as maten vivas e que os salarios lles compensen minimamente o que están a facer. Entón, iso trátase dunha escravitude, como non se atrevía a dicir o señor Ojea, pero é unha escravitude en toda regra. Non fai falta que nos dean lategazos, os lategazos xa os reciben doutra parte. O que reciben é unha vida descompensada e uns salarios indignos.

E teñen vostedes todo este persoal, tanto os de dependencia como os de centros de menores, como os que traballan en centros de discapacidade, por baixo do convenio. E teñen vostedes aquelas ONG que traballan no eido da discapacidade e en menores pois facendo de financiadores do sistema, como adoitan facer os concellos, porque non teñen os recursos.

É dicir, se isto non é unha involución do sistema, se isto non é o peor momento que ten vivido a dependencia en Galicia, eu non sei que máis podemos esperar. Porque todo isto que vén acontecendo a contagotas hoxe témolo enriba da mesa, por non dicir que planificación temos para unha das zonas de Europa que máis poboación envellecida terá dentro de vinte anos.

Entón, eu tampouco sei se aquí evidentemente estas cousas teñen o efecto oportuno de pedir dimisións. O único que se nos pasa pola cabeza é que teñen vostedes unha achega de responsabilidade sobre o que está a acontecer, porque isto hai que resolvelo, isto hai que resolvelo. Non podemos soportar, a poboación non pode soportar que aquelas persoas maiores,



vulnerables, posiblemente con poucos recursos moitas delas, estean a padecer todo o que estamos vendo desde hai un mes cara a acá.

Entón, ben, vostedes verán como tratan de arranxar este tipo de problemas, que —xa digo— non é a primeira vez que salta. Vostedes foron coñecedores e a propia Xunta expedientou aqueles inspectores que se atreveron a dicir que algo non estaba ben no seu traballo. Así que nas súas mans está rectificar. Desde logo non vai ser porque non llelo teñamos dito aquí.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Un saúdo a todos os que hoxe nos acompañan.

Señora Longueira, con todo o respecto que lle teño a vostede e ao seu traballo, de verdade, creo que hoxe non tivo o seu mellor día e parte da súa intervención mesmo roza o esperpento.

E, señora Rodil, pídlle que respecte todas as persoas que traballan nos servizos sociais en Galicia e que fan un espléndido traballo, incluídos os inspectores de Política Social. *(Aplausos.)*

E pídlles que deixen de alarmar os usuarios e as súas familias lanzando falsas acusacións, todos os días, con calquera tema. Díganlles a eses usuarios, a esas familias, a verdade. Díganlles que o BNG non está neste Parlamento, nin fóra tampouco, para traballar a prol dos galegos e as súas necesidades, nin sequera para facer o lícito labor de control ao Goberno que lle corresponde como oposición. A razón de ser do BNG dende hai tempo, especialmente agora mesmo, é o conflito, o alboroto e a crispación, seguindo ao pé da letra as directrices da UPG. Porque, como di un informe, o informe do último comité central: «Nos conflitos créase conciencia, actívase o compromiso e fórxase militancia e organización». O BNG máis antisocial e machista da historia, convertido en mero palmero da CIG. Un BNG incapaz hai meses de reprobar esta viñeta machista *(A deputada Raquel Arias Rodríguez mostra un documento.)* da CIG contra a conselleira de Política Social polo mero feito de ser muller. *(Aplausos.)* Un BNG incapaz de condenar os ataques á que continuamente dende este momento está sometida a conselleira de Política Social por ser muller, unha conselleira que sufriu escrache hai uns días nos Premios Emilia Pardo Bazán, un premio adicado ás mulleres, e que volveu sufrilo esta mesma mañá nunha xuntanza coas empresarias galegas. Sempre con mulleres, sempre a CIG atacando mulleres en actos de mulleres e o BNG aplaudindo. *(Aplausos.)* O BNG cada vez máis machista, cada vez máis antisocial. Señora Pontón, señora Rodil, señoras do BNG, ¿ata onde vai chegar a súa submisión? ¿Ata onde? É unha submisión absoluta á CIG e á UPG. ¡A política social non lles interesa! Se lles interesase de verdade, o que estarían facendo vostedes sería estar en Madrid reclamando o que nos debe o Goberno: 2.500 millóns



de euros para a dependencia, o 50 por cento do que marca a lei. Lonxe diso, o que fai o BNG é protestar.

Cos datos do Ministerio na man, Galicia lidera nas *ratios* de atención ás persoas dependentes que xa teñen esa valoración, só que atende o 98 por cento. Somos os que maior número de persoas atendemos, xunto con Navarra. Galicia lidera tamén a redución das listas de agarda; no que vai de ano, con 37 días de descenso, mentres que no conxunto de España aumenta en 14 días. Dáse o máximo histórico de dependentes atendidos, que son 88.000. Estes datos conseguíronse, en boa medida, grazas ao plan de choque que o Goberno do Estado acaba de recorrer e o BNG aplaude que se recorra. Son moi feros sempre aquí e moi mansiños sempre xamais en Madrid. *(Aplausos.)*

Nós estamos na realidade galega e no día a día das galegas e dos galegos. Somos conscientes de que é necesario seguir mellorando e queremos facelo, pero para iso é preciso que o Goberno do Estado cumpra o que marca a lei, ¡tan só iso! Non me estraña, señora Longueira, que diga que estamos involucionando. O Goberno do Estado non é que non cumpra a lei, é que dende o ano 2024 diminuíu 1,5 puntos as aportacións á Lei de dependencia no conxunto do Estado, pero, ¡claro!, a Galicia, sempre tan ben tratada por Sánchez, ¡diminuíulle 5 puntos! Diminuíu 1,5 puntos en toda España e 5 cinco puntos en Galicia, e ¿vostede di que involucionamos? Se fose por Sánchez, si o fariamos; grazas ás políticas do Goberno da Xunta de Alfonso Rueda, non o facemos. Este é un goberno que non só aproba orzamentos, senón que dedica 3 de cada 4 euros a políticas sociais e que incrementou neste ano 100 millóns de euros para a dependencia. *(Aplausos.)*

Ao BNG todo isto non lle importa. O BNG está no catastrofismo, ¡no catastrofismo absoluto! Está niso e en irse reunir *(A deputada Raquel Arias Rodríguez amosa unha fotografía.)* cos seus colegas exetarras. ¿Foron para falar de dependencia? *(Murmurios.)* ¡Non! Foron recibir consignas de como organizar con eficacia as manifestacións, as algaradas e a crispación apoiándose na CIG. A iso foron porque, no fondo, ao BNG non lle interesa a situación que están a vivir as traballadoras das residencias e do SAF. As súas convocatorias da folga, as da CIG, teñen moito máis de estratéxicas que de reivindicativas e van coa mera esperanza de «a ver se pescamos algo en río revolto».

Respecto ao convenio colectivo, vostedes saben moi ben que a Xunta non ten capacidade para intervir, pero si a ten para mediar, e estao facendo. ¿A CIG está facendo todo o que pode para que ese convenio saia adiante, ou á CIG interésalle que iso estea aí paralizado e, mentres, vaise creando un caldo de cultivo e un malestar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Igual terían que responder: ¿que está facendo a CIG, señora Rodil? Eu non o sei, dígamo vostede. Despois de pedir, insistentemente, un protocolo para a seguridade destas traballadoras, cando a Xunta o fai, a petición da Fegamp —nesa mesa que hai na que están todos na Fegamp e que llo pide por unanimidade—, vostedes críticano sen sequera velo.

Respecto ás inspeccións, señora Rodil, eu teño unha dúbida: ¿vostedes queren que se fagan inspeccións ou non? Porque cando non se fan, quéixanse e cando se fan, tamén. *(Murmurios.)* Dende a Xunta témolo moi claro: queremos que os nosos maiores teñan os mellores coidados, cos mellores medios e que estean atendidos polos mellores profesionais. Por iso, cada



ano aumentamos os orzamentos e facemos periodicamente as inspeccións. As residencias que pecharon —dígollo tamén ao señor Ojea— pecharon porque a Xunta fixo as inspeccións, non porque fose a Inspección de Traballo —foi a Inspección de Política Social— nin, moito menos, porque fose a Garda Civil.

Se temos que falar de privatización, isto é «para nota». Os grandes privatizadores non lle son os da Xunta de Galicia, senón a Deputación de Lugo, que ten absolutamente todas privatizadas, e tamén a da Coruña. Xa agora llo dixo a Asociación galega na defensa do sistema público de dependencia e de discapacidade. Pídenlle que estas residencias deixen de estar privatizadas. Son unhas residencias que, por certo, están tan privatizadas que algunha, nalgunha ocasión, dedicouse a lavarlle a equipación ao equipo de fútbol da localidade tamén. ¡Miren se están privatizadas tamén nisto! Moi social é o BNG —¡tan social!— e resulta que o seu concello máis emblemático, o de Pontevedra, é o que menos fondos dedica de toda Galicia a políticas sociais —a metade que o do Ferrol— e é tamén dos que menos dedica de toda España.

Señores, isto non é preocuparse das políticas sociais, isto do que se trata é de intentar buscar o conflito, o alboroto e a crispación onde non a hai. Mellor lle iría se traballasen por Galicia e polos galegos e se preocupasen menos de seguir *a pies juntillas* a CIG e a UPG. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Saúdo tamén as persoas que están na tribuna de convidadas e agradézolles, antes de máis, o apoio a Democracia Ourensana e ao Partido Socialista, para non esquecerme.

Señora Arias, que veña falar vostede de recibir consignas, quen o único que fixo durante os oito minutos da intervención foi dedicarse a ler o argumentario do Partido Popular, francamente..., ¡francamente! (*Aplausos.*) ¡Fala de algarada! Fala de algarada, con toda esta sobreactuación, esa exaxeración e esa restra de mentiras na que navega o Partido Popular. Fano, ou intentan utilizalo, para tapar as vergonzas dun goberno —¡as vergonzas dun goberno!— que permite que haxa persoas maiores nunha residencia desnutridas, cun único menú de patacas e leite —¡patacas e leite!— e sen asear —¡sen a-se-ar!—, señora Arias. Vénme aquí con todo ese argumentario do Partido Popular para intentar desviar a atención e para que non falemos do que trae aquí o Bloque Nacionalista Galego hoxe: ¿en que situación se atopan as persoas maiores no noso país? ¿Que é o que está pasando nas residencias de maiores para que o 8 de setembro entre a Inspección de Política Social y *no pase nada* e, un mes despois, o día 2 de outubro, se decreta o seu peche —¡o peche!— para doce persoas que están nunha residencia e das que ten o Goberno do Partido Popular a responsabilidade de garantir que as súas condicións e os seus dereitos fundamentais estean garantidos? ¿Cal é o problema? Toda esta sobreactuación e esta algarada do Partido Popular é para non dicir que van votar en contra de que teñamos os informes e as actas dos servizos de inspección. (*Aplausos.*)



Toda esta sobreactuación e o argumentario do Partido Popular é para negarlle o dereito á información á cidadanía deste país e a este Parlamento. ¿Quere que fagamos o noso traballo? Permítannos acceder aos documentos, á información, aos informes e ás actas dos servizos de inspección. ¿Que foi o que viu Inspección da Xunta de Galiza o 8 de setembro, cando entrou pola porta da residencia de Amoeiro? Iso é o que eu quero facer, xa que é o meu traballo e é polo que as galegas e os galegos me pagan, por estar aquí. ¿Iso é culpa do Bloque Nacionalista Galego? Non, ¡non!

Aquí non se mandan as actas, non se mandan os informes, non se permite o acceso de deputadas e de deputados aos expedientes sancionadores de residencias públicas xestionadas por entidades privadas porque o Partido Popular veta o acceso a esa información. Entón, ¿fala de respecto polos traballadores? ¡O seu! Pedimos respecto polos traballadores e polas traballadoras dos servizos de Inspección. (*A deputada Olalla Rodil Fernández amosa un documento cunha fotografía e un titular.*) Foi a consellería do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza quen lles abriu un expediente, despois de que denunciasen que se estaban filtrando datos para impedir que puidesen facer o seu traballo. ¿Iso é tamén culpa do BNG? (*Aplausos.*)

Deixen traballar ás traballadoras e aos traballadores das residencias, deixen traballar ás traballadoras das residencias, señora Arias. A única vez que tocou o Goberno do Partido Popular, desde 1996, a orde que regula as *ratios* de persoas de atención directa nesas residencias de maiores non foi para darlles máis recursos, como di vostede, nin foi para garantirlles mellores condicións de traballo, senón para recortar o servizo de enfermaría 24 horas nas residencias de máis de 40 persoas usuarias. Non están traballando igual que hai trinta anos, están traballando en peores condicións, porque agora non só teñen que atender as persoas maiores dependentes; agora o Goberno do Partido Popular leva persoas con drogodependencias e persoas que teñen problemas de saúde mental ás residencias de maiores, sen ser estes os centros, nin sociais nin de atención integral, que necesitan.

Entón, señorías do Partido Popular, de verdade, aforren o argumentario, a sobreactuación e a exaxeración para intentar tapar as vergonzas do Goberno do Partido Popular. ¿Como é posible que no ano 2025, en pleno século XXI, peche unha residencia de maiores neste país porque nin os asean nin lles dan de comer, nin os teñen ben atendidos? ¡Home!, señora Arias, ¡de verdade!, ¿vostede quere dicir a min que entra o día 8 de setembro o Servizo de Inspección da Consellería de Política Social, *aquello era un vergel* e, curiosamente, vinte e tres días despois, aquilo era unha hecatombe? Alguén —¡alguén!— non estaba facendo o seu traballo. (*Aplausos.*)

Por iso, o que queremos ver son esas actas dos servizos de Inspección dos últimos cinco anos, porque houbo máis inspeccións e máis expedientes abertos que vostedes non deixan ver e que intentan ocultar. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate das mocións, procedemos á súa votación.

Pechen as portas, por favor.



Votación das mocións

O PRESIDENTE: Votamos, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario Mixto.

Non se aceptan as emendas do Grupo Popular, do Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Mixto, por iniciativa do deputado Armando Ojea Bouzo, sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Votamos a do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dona Olalla Presas. Foi solicitada a votación por puntos. (Pausa.) Non a acepta.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención das persoas vítimas de violencia sexual.

O PRESIDENTE: Están presentes 72 máis 1; afirmativamente votaron 35... (Murmurios.) ¿Que foi? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as ratios de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Rematou aquí a votación e, polo tanto, continuamos co punto cuarto da orde do día, que son as proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela

O PRESIDENTE: Hai unha autoemenda.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e deputado José Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Debe substituírse a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia, acorda, como Resolución:

1. Expresar a satisfacción pola decisión de outorgar o Premio Nobel da Paz 2025 a María Corina Machado, en recoñecemento á súa incansable defensa da liberdade, da xustiza e dos dereitos fundamentais, así como polo seu compromiso cívico de loita a favor da democracia en Venezuela.

2. Renovar o compromiso de Galicia coa liberdade, a xustiza e o Estado de Dereito, e expresar a confianza de que este galardón contribúa a abrir para Venezuela un horizonte de democracia, reconciliación e paz duradeira.

3. Condenar enerxicamente o réxime de Nicolás Maduro polo encarceramento de centos de prisioneiros políticos que se encontran detidos en condicións que vulneran as regras mínimas de Nacións Unidas para o tratamento dos reclusos.

4. Exixir a liberación inmediata e incondicional de todos os prisioneiros políticos e das persoas detidas arbitrariamente en Venezuela, así como o pleno restablecemento dos seus dereitos e liberdades.

5. Instar o réxime de Nicolás Maduro a que poña fin á súa política de represión e aos seus ataques contra a sociedade civil e a oposición, como acreditan os informes de Nacións Unidas nos que se recollen as graves violacións contra os dereitos humanos en Venezuela.

6. Instar a Xunta de Galicia a seguir desenvolvendo con total intensidade as medidas de apoio aos galegos residentes en Venezuela e ás entidades galegas presentes no país, ante a grave crise socioeconómica que sofren.



7. Instar a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que, en uso da súa competencia exclusiva en materia de relacións internacionais adopte as seguintes medidas:

a) Recoñecer a Edmundo González Urrutia como o lexítimo gañador das eleccións presidenciais do 28 de xullo de 2024 en Venezuela e, por tanto, como presidente electo e lexítimo de Venezuela.

b) Apoiar as medidas de presión e as sancións propostas pola Unión Europea contra o réxime venezolano -incluídos funcionarios de alto nivel, membros das forzas de seguridade, do Tribunal Supremo de Xustiza e ao propio Nicolás Maduro- ata tanto non se produza un proceso de apertura, liberalización e democratización das súas institucións.

c) Reafirmar o firme compromiso de España co labor da Corte Penal Internacional como un mecanismo crave para a loita contra a impiedade e o mantemento da paz e seguridade internacionais. Continuar apoiando de maneira decidida as investigacións en curso da Fiscalía do TPI respectando plenamente a independencia do devandito órgano na toma de decisións sobre a emisión de ordes de arresto. Así mesmo, seguir colaborando activamente co TPI mediante a tramitación de peticións de cooperación xudicial internacional e outras accións que reforcen o alcance das súas investigacións.

d) Ofrecer todo o apoio necesario, tanto institucional como loxístico, desde a Embaixada, os Consulados e a Consellería Laboral de España en Venezuela, a toda a comunidade española, residente nese país.

e) Axudar de forma decidida, responsable e prioritaria aos cidadáns españois –e en particular aos galegos residentes en Venezuela– a través dunha dotación inmediata e suficiente de crédito para o programa de “Prestación por Razón de Necesidade (PRN) para emigrantes españois no exterior”, lembrando que, segundo o propio Goberno de España, existen milleiros de solicitudes sen atender por falta de crédito.

Así mesmo, debe garantir unha cobertura sanitaria adecuada e estable aos emigrantes máis maiores, beneficiarios das PRN, xa que se trata dunha obriga legal do Estado español.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Permitan que comece saudando e dando a benvida a este Parlamento —que é o seu— aos representantes da comunidade venezolana aquí, en Galicia.

Dicía Camus que a tiranía totalitaria non se edifica sobre as virtudes dos totalitarios, senón sobre as faltas dos demócratas. Hoxe temos a oportunidade de saber en que lado da fronteira totalitaria nos situamos cada un: se militamos nas filas dos imperfectos demócratas ou se estamos a carón dos infalibles ditadores, porque, máis aló de ideoloxías, coincidiremos en que a diferenza entre uns e outros radica na capacidade de asumir naturalmente a discrepancia. Nin existe ditador disposto a asumir a opinión do discrepante nin existe demócrata digno de tal nome que se crea en posesión da verdade absoluta.



Na pasada semana tiveron lugar algúns feitos que, ao entender deste grupo parlamentario, están moi alonxados do sentir democrático, pacifista e solidario que comparte a inmensa maioría do pobo galego e que sitúan —ao noso entender— os seus autores nas filas do totalitarismo e do fanatismo: asistimos á reunión do BNG cos herdeiros ideolóxicos do terrorismo etarra; asistimos ao negacionismo do Bloque Nacionalista Galego sobre os atentados do 7 de outubro de Hamás; e asistimos á intolerable descualificación da gañadora do Premio Nobel da Paz deste ano, María Corina Machado, gravemente insultada neste hemicycle. Son tres feitos que creo que presentan un dobre obxectivo común: a manipulación da realidade política e a banalización do uso da violencia política por parte da esquerda, que parece disposta a xustificala cando a practican os seus aliados ou cando se practica contra os seus inimigos.

Esta iniciativa busca reafirmar o compromiso desta Cámara cos principios democráticos e coa solidariedade do pobo galego co pobo irmán de Venezuela, que continúa a padecer o terror e a opresión baixo o brutal réxime ditatorial presidido por Nicolás Maduro; un réxime corrupto e torturador, responsable do asasinato de opositores, responsable da detención en condicións inhumanas de centenas de presos políticos, responsable do maior éxodo da historia da humanidade e responsable de sumir a inmensa maioría do seu país nun inferno de fame, miseria e penuria sen precedentes. Esa é a realidade da Venezuela bolivariana. (*Aplausos.*)

Non estou a facer valoracións subxectivas, senón a describir unha realidade obxectiva recoñecida e denunciada pola comunidade internacional. O informe da ACNUR sobre a situación humanitaria no país describe unha realidade migratoria dramática: 7,9 millóns de persoas saíron de Venezuela buscando protección e unha vida mellor —7,9 millóns nun país de 28 millóns de habitantes—; hai máis de 1,3 millóns de solicitantes de asilo venezolanos no mundo; incluso a comunidade galega no país se reduciu de 46.000 a 30.000 galegos en apenas cinco anos.

Unha simple lectura do informe de Human Rights Watch sobre a situación do país sitúanos ante unha realidade humanitaria e política dificilmente asumible para calquera persoa que teña unha mínima sensibilidade social ou que aspire simplemente a chamarse demócrata. Leo: «Máis de 20 millóns de venezolanos viven en pobreza; 14,2 millóns enfrontan necesidades críticas. O 65 por cento da poboación perdeu ou esgotou os seus medios de vida de xeito irreversible. O 72 por cento non poden acceder a servizos sanitarios públicos. O 28,4 por cento dos dispensarios do país non dispoñen de medicamentos esenciais e, nos que hai, son inaccesibles para a maioría dos venezolanos. Máis do 26 por cento dos nenos entre 0 e 17 anos non acoden á escola debido a enfermidades e á falta de servizos básicos, alimentos e material escolar. A fame afecta 5,1 millóns de persoas, obrigando as familias máis desfavorecidas a optar por estratexias de supervivencia extremas, como, entre outras, saltar comidas ou intercambiar sexo por alimentos»... ¡Sexo por comida!, nunha Venezuela bolivariana na que o aborto está penalizado para as mulleres, que afrontan penas de cadea de entre seis meses e dous anos, e na que máis do 90 por cento da poboación non pode acceder a métodos anticonceptivos. Sinala o mesmo informe que tampouco están protexidos os dereitos de lesbianas, gais, bisexuais e transexuais, e advirte dun grave problema de protección das comunidades indíxenas, intoxicadas pola minería ilegal, consentida —cando non propiciada— polo Goberno, e incluso hai comunidades indíxenas desprazadas obrigatoriamente.



Se falamos de dereito político, a cousa non mellora. Un mes antes das eleccións do 28 de xullo do 2024, a Corte Internacional Penal autorizaba retomar a investigación sobre a comisión de crimes de lesa humanidade en Venezuela. Un mes despois desas mesmas eleccións, a misión de determinación de feitos da ONU acreditaba a comisión de graves violacións de dereitos humanos que replicaban patróns de conduta cualificados como crimes de lesa humanidade. Desde 2014, 15.800 persoas foron detidas por motivos políticos. Os asasinatos, as desaparicións forzadas, as detencións arbitrarias, as torturas e os malos tratos e a violencia sexual e de xénero son prácticas habituais contra os opositores ao Goberno de Maduro. A suspensión da liberdade de expresión, da liberdade de prensa, da liberdade de asociación e a persecución de sindicalistas, periodistas, adversarios políticos e activistas polos dereitos humanos son constantes. O propio informe sinala que o poder xudicial deixou de funcionar como rama independente en 2004. Ese poder xudicial á medida de Maduro permite que 93 das 101 mortes ocorridas durante as protestas dos anos 2014, 2017 e 2019 continúen sen ser sequer investigadas. Ese poder xudicial impón candidatos e directivas *ad hoc* a partidos da oposición, a sindicatos, a asociacións e incluso á Cruz Vermella; ese poder chegou a impoñer unha nova xunta directiva ao Partido Comunista de Venezuela —supoño que por non ser suficientemente comunista— e é capaz de suspender os efectos das primeiras primarias celebradas no país desde 2012 e de impor unha inhabilitación de quince anos á candidata que tiña o 90 por cento do apoio nesas primarias, María Corina Machado. Ese, e non outro, é o paraíso bolivariano co que conchaba o PSOE de Sánchez, de Zapatero, de Ábalos e de Koldo; ese PSOE que recibe con alfombra vermella e sala VIP a Delcy Rodríguez para descargar maletas de contido descoñecido nunha noite que ese socialista exemplar chamado Koldo non poderá contar xamais namentres viva. (*Aplausos.*) ¡Ese é o paraíso bolivariano que defende o BNG e que para os venezolanos non é máis que un inferno de represión, fame e miseria! Eu creo que nin Venezuela merece ese castigo nin Galicia merece a vergoña de que haxa deputados que apoién isto.

A pesar desta realidade opresiva e a pesar dos abusos e da brutalidade do réxime, é tal a farfura do país que a oposición foi quen de gañar as eleccións e forzar a Maduro a autoproclamarse presidente por decreto ilexitimamente, sen ofrecer resultados desglosados e sen amosar as actas do recuento electoral. Estas actas si foron recabadas por un grupo de democratas valentes que, con risco da súa vida, as recompilaron e as fixeron públicas para amosar que o presidente elixido nas urnas polos venezolanos se chama Edmundo González Urrutia. (*Aplausos.*) O triunfo desa oposición venezolana non sería posible sen o liderado dunha muller valente, galardoada co Nobel da Paz polo —abro comiñas— «seu incansable labor en prol dos dereitos democráticos do pobo venezolano e pola súa loita para lograr unha transición xusta e pacífica da ditadura á democracia». Esa muller chámase María Corina Machado e foi gravisamente insultada nesta Cámara polos que prefiren estar do lado do ditador que do lado da democracia.

Esa é unha mancha que este Parlamento non pode aceptar, e por iso hoxe traemos un acordo para desagraviala e para mostrar a nosa solidariedade cun pobo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Couñago.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...oprimido —remato xa, presidenta—.



Os que defenden a liberdade dos venezolanos para decidir o seu futuro e a superación da grave crise humanitaria en Venezuela apoiarán esta iniciativa. Os que voten que non xa sabemos de que lado están. Eu asegúrolles que este grupo e o Partido Popular vai estar co bravo pobo. E como reza o seu himno: «*Si el despotismo levanta la voz, seguiremos el ejemplo que Caracas dio*», pelexando por unha Venezuela próspera, democrática e libre, a Venezuela que merecen. (*Aplausos prolongados.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa intervención, e, por conseguinte, ten o seu turno a voceira do Grupo Parlamentario Socialista.

PALOMA CASTRO REY: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, e boa tarde a todas as persoas que nos acompañan hoxe no hemiciclo.

Mire, señor Pazos, eu quero felicitalo polo seu verbo e a súa mesura no seu discurso, pero totalmente imposto, e así se viu, porque non puido aguantalo nin sete minutos e xa volveu saír o Pazos de verdade. A realidade é que nós non imos entrar neste pimpón que se traen vostedes co BNG neste asunto, porque o que menos lles importa é o pobo venezolano, que se está a usar como instrumento político. E nós, os socialistas, guiámonos sempre polos valores da democracia, da xustiza e da humanidade en todas as decisións que tomamos; estaremos sempre ao lado da democracia e dos dereitos humanos. Estaremos en Venezuela, pero tamén estaremos en Arxentina e no Salvador, estaremos en Ucraína, estaremos tamén en Israel..., en Gaza, condenando o xenocidio de Israel —ou en Israel condenando o xenocidio—. (*Aplausos.*) ¡Mire, señora Prado, non me poña esa cara de burla, porque para facer burla non fai falla que force o xesto, ¿eh?! (*Murmurios.*)

Os socialistas, ao igual que a maioría da nosa sociedade, exiximos dende o minuto 1 uns comicios libres e transparentes con respecto á democracia e aos dereitos humanos e, por suposto, rexeitamos calquera persecución e detención por razóns ideolóxicas e de manifestación. Por iso, por esa postura do Goberno de España, 240 migrantes venezolanos chegan a este país cada día. A situación que vive Venezuela é unha situación moi preocupante, pero non é unha situación do último ano, senón que se mantén dende hai anos. A pesar disto, nós seguimos a aspirar a unha Venezuela de paz e de convivencia, con liberdade e democracia. Cremos firmemente nun pobo venezolano con todo o dereito a vivir en liberdade e con todo o dereito a vivir nun sistema democrático; por iso, os socialistas —tanto estes socialistas como os de gobernos anteriores— traballaron con humildade, discreción e convicción na procura desa solución política que permita avanzar cara a esa democracia. Compartimos plenamente a necesidade dunha solución democrática en Venezuela que pase pola apertura dun proceso de transición real, crible e inclusivo.

Agora ben, tamén queremos ser moi claros, e pedímoslle ao Partido Popular que deixe de manosear o pobo venezolano, que deixe de empregar os presos políticos como ferramenta de confrontación política e, sobre todo, que deixe de manipular a posición do Goberno de España. A realidade —porque a realidade é constatable— é que o Goberno de España foi o



primeiro que reclamou transparencia, quen puxo enriba da mesa a exigencia de coñecer as actas, quen non recoñeceu nin a suposta vitoria electoral nin a toma de posesión posterior, igual que fixeron a maioría dos países democráticos.

Vostede falaba de Edmundo González, unha figura que este Goberno non só respecta, senón que tamén acolle, como tamén acolheu máis de 125.000 persoas venezolanas desprazadas. O Partido Popular, cando gobernaba Mariano Rajoy, recibiu 80 e a súa conciencia, señorías do PP, daquela non se resentiu. ¿Non había ditadura daquela en Venezuela? (*Aplausos.*) Claro que había unha situación de ditadura, igual que a que hai agora mesmo. O Partido Socialista apoia de maneira decidida e con feitos unha solución democrática para Venezuela; está a ser un dos países, ademais, máis activos dentro da comunidade internacional na defensa dos dereitos humanos en Venezuela, e leva a cabo todas as xestións posibles para protexer e sacar adiante eses presos políticos, especialmente os de nacionalidade española. Os datos falan así: durante todo o ano pasado e o que levamos deste ano levamos liberadas 15 persoas. Para vostedes, igual son números, pero esas persoas son de carne e óso, con nomes e apelidos, e sufriron detencións arbitrarias e inxustas. E o Goberno de Pedro Sánchez actúa pensando en axudar o pobo venezolano, pero tamén os españois que viven en Venezuela, as empresas españolas que teñen intereses en Venezuela e os miles de traballadores destas empresas cos que vostedes actúan de forma totalmente irrespectuosa. E tamén apoia mediante a colaboración española cos principais países de acollemento de refuxiados e migrantes venezolanos en América Latina pola súa proximidade.

E xa que vostedes falaron tanto dos representantes políticos opositores a Maduro, permítanme lembrar as palabras de Edmundo González —non as dixo ningún representante socialista, díxoas Edmundo González—, que dixo literalmente: «Reitero o meu agradecemento ao Goberno de España polo seu apoio e compromiso coa protección dos dereitos humanos». Un comunicado que tivo que emitir expresamente para desmentir as mentiras do Partido Popular e a utilización que estaba a facer Feijóo da súa figura. ¡Que vergoña, señorías do Partido Popular! E España, ademais, liderou todas as declaracións internacionais de condena e represión: a de Santo Domingo, a declaración da Unión Europea, a das Nacións Unidas, e está colaborando coa Fiscalía do Tribunal Penal Internacional, e tamén ofreceu protección directa aos líderes da oposición venezolana. ¿Que sería hoxe de Edmundo González se non fora pola Embaixada española, señorías do Partido Popular? Pois, grazas á acción deste goberno, pode estar aquí en liberdade.

E España, ademais, foi o primeiro país europeo que non recoñeceu os resultados fraudulentos de Venezuela. ¿Son vostedes conscientes de que este goberno non recoñeceu a Nicolás Maduro como presidente lexítimo? ¿Son conscientes de que España acolheu xa máis de 125.000 persoas venezolanas baixo un estatuto de protección internacional? Compárenos coas 26 que acolheu o Goberno de Mariano Rajoy. Pero ¿non lles dá vergoña esta utilización política? Esa é a diferenza e o compromiso cos dereitos humanos: mentres nosoutros actuamos, vostedes miraban para outro lado cando gobernaba Mariano Rajoy, e a situación era practicamente igual, de ditadura e de represión. Porque Pedro Sánchez acolle os que un día vostedes non acolleron e acolle todos os migrantes aos que vostedes queren mandarlles a Armada e queren poñerlles uns exames ou ideas peregrinas que lles impidan buscar un futuro de progreso no noso país. (*Aplausos.*) Pero non só aos venezolanos, senón para todos os cidadáns de América Latina.



E un exemplo, outro exemplo, é a aplicación da disposición adicional oitava da Lei de memoria democrática, impulsada por este goberno progresista; unha lei que vostedes votaron en contra e que abre unha porta de xustiza e reparación para quen desexe, para todos aqueles familiares daquelas persoas que no seu día tiveron que emigrar, desde Arxentina ata Uruguai, desde Cuba ata Suíza, tamén venezolanos. Os consulados están a recibir solicitudes e a atender a todas estas familias para construír pontes. Porque recoñecer a memoria da emigración é parte fundamental da nosa identidade como pobo. A historia de España e, especialmente, de Galicia, non pode entenderse sen todas aquelas mulleres e homes que cruzaron océanos e fronteiras no seu día, nin sen os seus descendentes, que mantiveron vivo o vínculo co noso país, mesmo desde o outro lado do mundo. Mentres, vostedes ¿que fixeron? Votaron en contra desta posibilidade.

Polo tanto, señorías do Partido Popular, mentres vostedes manipulan e fan un uso político da situación dun pobo, sen que sirva de nada para reverter esta situación, nós, os socialistas, traballamos para recoñecer os dereitos, e dando mostra, con feitos, dunha postura clara, firme, comprometida cos dereitos humanos, coa democracia e coa liberdade de Venezuela.

Nada máis e moitas máis. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Benvida outra vez ás persoas que nos acompañan desde a tribuna de persoas convidadas.

Dicía o señor Pazos que traían e defendían esta iniciativa polo que pasou a semana pasada, e traen unha iniciativa que rexistraron en abril de 2024, que é que non vale nin para emendar, (*Aplausos.*) que é unha iniciativa que é un despropósito de principio a fin. Pero miren, tamén que dá a talla, dá exemplo do oportunismo político, que é o único que move o Partido Popular neste asunto. Dixémolo en setembro de 2024, que foi a última vez que debatemos sobre esta cuestión aquí no Parlamento, e repetímolo agora: vostedes usan Venezuela e o pobo venezolano a pracer, e é absolutamente lamentable.

Lamentable tamén que os mesmos que hai menos dun mes votaron aquí en contra de condenar o xenocidio do pobo palestino veñan agora intentando que condenemos o Goberno de Venezuela. Eu dígollelo con toda a franqueza: ¡hai que ter moi pouca vergonza!, (*Aplausos.*) que o mesmo Partido Popular que apoia un criminal de guerra, un xenocida como Netanyahu, desexándolle sorte na súa política de exterminio, como fixo José María Aznar, veña aquí pedir que se condene o presidente e o Goberno de Venezuela. Hai que ter a cara de formigón armado e hai que ter valor.

O que lles importa a vostedes a paz no mundo, o dereito internacional, vímolos nestes últimos dous anos, señorías. Durante este tempo quedounos clara a súa catadura moral, incapaces de condenar un xenocidio televisado, retransmitido en vivo e en directo, pero, iso si, recibindo cos brazos abertos o Goberno xenocida de Israel.



Vostedes, señorías do Partido Popular, perderon ao longo deste tempo toda a credibilidade, se tiñan algunha, e agora veñen aquí pedíndonos explicacións aos demais e intentando darnos leccións, ¿de que?, de nada. A vostedes non lles importa o máis mínimo o pobo de Venezuela e moito menos os galegos que viven en Venezuela, porque, se lles importaran algo, xa que refixeron a iniciativa, digo eu que terían a ben introducir un puntinho, unha epígrafe polo menos para condenar as incursións da CIA neste país ordenadas por Donald Trump, á imaxe e semellanza das intervencións feitas pola CIA en tempos pasados, pasados e moi escuros, señorías do Partido Popular, que levaron a vida por diante de millóns de persoas. ¿Xa non nos acordamos de Chile, de Arxentina ou da invasión dos Estados Unidos en Panamá? ¿Ou é que están vostedes de acordo coas intervencións e as operacións despregadas polo Exército dos Estados Unidos e a CIA en Venezuela cos bombardeos da Armada estadounidense no Caribe? ¿Están de acordo con que se bombardeen barcos por orde dos Estados Unidos violando o dereito do mar? ¿Están de acordo con que se ameace con invasións militares? ¿Que será o seguinte, señorías do Partido Popular? ¿Que nos traian dentro duns meses outra iniciativa para usar e manosear o pobo venezolano intentando instigar un golpe de estado en Venezuela, como fixeron desde o Goberno de José María Aznar en 2002?

E veñen aquí falar de Estado de dereito. ¿Cal? ¿O Estado de dereito que apoia inxerencias externas cando a vostedes non lles gusta o Goberno que hai no país? Curiosa forma de asumir a discrepancia política que teñen vostedes: jaleando, aplaudindo, instigando invasións militares, inxerencias de terceiros países, incluso ameazas de invasión militar. Pídenos que aplaudamos agora o Premio Nobel da Paz, María Corina Machado, un premio que se outorga cada ano desde hai máis dun século a persoas que —abro aspas e cito literalmente— «traballaron máis ou mellor a favor da fraternidade entre nacións, a abolición ou a redución dos exércitos alzados e a celebración e promoción de acordos de paz», segundo o testamento do señor Alfred Nobel, que foi quen os prometeu. ¿Que hai de fraterno en pedir que invadan o teu país por parte dun exército estranxeiro?, como acaba de facer nunha entrevista a pasada semana ao fío dese Premio Nobel na cadea CNN, que non é nada sospeitosa de ser —no sé— del BNG.

Eu, señorías do Partido Popular, creo que sobra dicilo, pero igual non, porque nos tempos que nos tocou vivir fainos falta recalcar certas cousas: ter o Nobel da Paz non é garantía de nada. Eu téñolle máis ben pouca fe desde que o levou Henry Kissinger, ¿acórdanse?, un señor que foi principal instigador da guerra sucia, que deixou miles de mortos en Latinoamérica, coa operación Cóndor, ou outras partes do mundo cando bombardeou Camboxa. As eleccións e os gobernos, os premios, os premiados son para vostedes válidos, lexítimos e democráticos en función dos intereses que representan e sobre todo en función de quen se beneficie dos recursos económicos que teñen os países. Outro galo lle ía cantar a Venezuela se non tivera reservas petroleiras como as que ten; probablemente, ningún miraría para esa esquina do continente.

Pero vostedes non veñen aquí nin traer unha iniciativa para falar do Goberno venezolano nin do pobo de Venezuela. Vostedes traen isto —e deixouno clarísimo o portavoz do Partido Popular— porque pensan, nunha estratexia lexítima, que alguén supoño súper intelixente maquinou así na súa cabeza, que con isto atacan, dividen ou minguan o BNG. Non.

E insistimos no mesmo de sempre: traian estas iniciativas sempre que queiran. Temos a oportunidade de seguir lembrando, reclamando e subliñando a postura política que defende



o Bloque Nacionalista Galego desde a súa fundación. Tráíanas as veces que queiran e sigan, porque o BNG estamos onde estivemos sempre. Eu creo que non hai unha soa persoa na bancada das persoas convidadas que dubide de cal é a postura que mantén o BNG: do lado do pobo e da soberanía nacional de Venezuela e de calquera pobo, de calquera pobo do mundo. O BNG sempre na defensa —e é importante dicilo nos tempos que corren—, sempre na defensa dunha orde internacional baseada na paz, no diálogo, na cooperación e sobre todo asentada no principio fundamental que foi o que inspirou a Carta das Nacións Unidas do dereito dos pobos á súa libre determinación, sen inxerencias —tampouco bombardeos da Armada estadounidense—, como as que promoven e defenden vostedes hoxe aquí.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pazos Couñago.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señora Rodil, está tan orgulloso o BNG que non deixou que defendera a iniciativa quen insultou a Marina Corina Machado nesta Cámara hai sete días. (*Aplausos.*) Ese é o orgullo que ten o BNG. Iso si, voulle recoñecer unha cousa, unha verdade que vostede dixo aquí, que é que o BNG está onde está sempre. É certo. Están vostedes apoiando a Maduro, como estiveron apoiando a Cuba de Castro e como estiveron ao lado de todas e cada unha das ditaduras de esquerda que houbo en Sudamérica e polo mundo. (*Aplausos.*) ¡Onde estiveron sempre! Se niso non menten.

Señora Castro, quixo vostede alabar, ¿como dixo?, o meu verbo e medida. A verdade é que unha descrición perfecta a actitude do Goberno Sánchez co ditador Maduro: verbo e medida. Mire, di que está moi comprometido o seu partido coa democracia en Venezuela. O Congreso de España aprobou recoñecer a Edmundo González Urrutia como lexítimo presidente de Venezuela. ¿O seu Goberno xa lle trasladou esta decisión ao Goberno venezolano? ¿Ou segue practicando o verbo e a medida?

Fala vostede do acollemento que lle deu o Goberno a Edmundo González. O acollemento que lle deu na embaixada en Caracas, recordámolo todos, é algo que aínda nos abochorna a día de hoxe.

Pero, claro, vostede insiste aquí no compromiso de Sánchez coa Venezuela democrática. O compromiso de Sánchez coa Venezuela democrática resúmese perfectamente na mensaxe de felicitación polo Premio Nobel a María Corina Machado. Seguimos esperando, señorías, nada de nada. Esa é a realidade.

E veu aquí acusarnos de manipular o uso da dor dun pobo. De verdade, vostedes, co que levamos escoitado aquí nos últimos dous meses, é unha cousa certamente chamativa.

Señora Rodil, veunos vostede botar en cara que non aprobamos unha condena pola situación en Palestina. (*A deputada Olalla Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Si



si, porque non compartimos o termo xenocidio, efectivamente. Isto dimo a representante dun grupo que impediu a declaración institucional de condena pola invasión de Ucraína, que impediu varias declaracións institucionais de solidariedade con Venezuela, e a que defende que o uso do xenocidio leva anos impedindo unha declaración institucional deste Parlamento en recordo do maior xenocidio da historia: o holocausto xudeu. *(Aplausos.)* Si si, vostedes. Non se alporicen, e estou seguro de que este ano repiten.

Falar aquí de manosear a dor, un grupo cuxo un dos seus representante tivo o bo gusto de vir aquí amosar fotos de cadáveres para botarllas en cara a quen si condenou os masacres de Palestina, é francamente lamentable. Teño aí un bo número, se quere, de fotografías dos atentados de Hamás, que vostedes aínda a día de hoxe se negaron a recoñecer; pero, honradamente, creo que o bo gusto e o decoro me impiden ensinalas. Como, por certo, estamos esperando que aínda fagan algunha condena dos tiros na nuca que están a plantexar os señores de Hamás.

Miren, vostedes din que están do lado da democracia. Vostedes están do lado dun selecto grupo de dirixentes que recoñeceu e que se converteron en valedores do Goberno de Maduro. Voulle ler esa selecta lista: o Goberno de Nicaragua de don Daniel Ortega, o Goberno da Cuba dos Castro e de Díaz-Canel, a Guinea de Teodoro Obiang, a Rusia de Vladimir Putin, a China de Xi Jinping, o Irán do líder supremo Jamenei, o Goberno de España —por certo, a través da súa vicepresidenta Yolanda Díaz, e, ¡como non!, o Goberno na sombra do BNG de Ana Pontón, pero moi, moi, moi na sombra, señorías—. *(Aplausos.)* Vostedes leccións de democracia non poden dar nin unha. Porque, efectivamente, están onde sempre estiveron.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: A realidade, señorías, é que Venezuela é hoxe un estado falido, incapaz de atender ás necesidades básicas da súa poboación, a pesar dos inxentes recursos naturais e enerxéticos, por certo nacionalizados polo Goberno de Maduro.

Non hai excusas, non hai excusas, é a responsabilidade exclusiva do Goberno a situación que actualmente está padecendo o pobo venezolano.

E, unha vez máis, e xa perdín a conta de cantas van, o BNG, do lado errado da historia.

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Nós estaremos do lado dos demócratas e dun pobo de Venezuela que grita con toda claridade que o que quere é liberdade.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Esquecinme antes de saudar o colectivo de venezolanos residentes en Galicia. Benvidos ao Parlamento.



Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao aumento da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller, e ao incremento dos cadros de persoal no ámbito da xustiza

O PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Katherinie Varela Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir unha nova letra, no primeiro punto da parte resolutive, co seguinte texto:

«1.c) Que deixe sen efecto o artigo 4 do Real Decreto 422/2025, do 3 de xuño (BOE núm. 134, de 4 de xuño de 2025) e, no seu lugar, acorde a creación e constitución de prazas en Seccións de Violencia sobre a Muller de Vigo e A Coruña.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutive polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar e/ou executar as actuacións necesarias para:

1. Incrementar as competencias e/ou facultades de Galiza en materia de administración de xustiza, nomeadamente, no que atinxe á planta e demarcación xudicial; exercendo, en todo caso, plenamente as atribuídas.

2. A creación de novas prazas xudiciais consonte a proposta formulada pola Comisión Mixta de Xustiza de Galiza.

3. A creación de Seccións de Violencia sobre a Muller nos Tribunais de Instancia dos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol e Santiago de Compostela, sen que supoña a eliminación de prazas da sección de instrución, nin a posterior extensión da súa xurisdición a outros partidos xudiciais.

4. O incremento do cadro de persoal nos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial, cando menos en correspondencia coas novas prazas xudiciais a crear.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Iago Tabarés.



IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde.

Antes de máis, dar os parabéns e expresar a miña satisfacción, a nosa satisfacción, pola proposta da nova fiscal superior de Galiza, a señora Eiró, que constituirá un novo fito histórico, unha nova rotura dun teito de cristal e será a primeira muller que presidirá a Fiscalía de Galiza. Eu creo que xa anticipa que será o que vén no 2028, tamén esa normalidade de ter a primeira presidenta na Xunta de Galiza. É unha enorme ledicia.... *(O presidente pronuncia palabras que non se perciben.)*

Paréceme bastante ben, pero a min éme incómodo. *(O presidente pronuncia palabras que non se perciben.)* Gustaríame que o presidente deste Parlamento de Galiza por algunha vez exerza de presidente do Parlamento de Galiza, *(Aplausos.)* e, neste caso, ser respectuoso coa persoa á que lle cedeu o uso da palabra.

O PRESIDENTE: É un asunto de dous neste caso, jeh! Estabamos a vicepresidenta e eu, non eu só, jeh! *(Murmurios.)*

Non, digo que diso non di nada.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Sempre botándolle a culpa ao de fóra.

O PRESIDENTE: Vostede fai ben, bótella para arriba. A culpa hai que botala para arriba; evidentemente, tena que botar ao presidente; se non, non sería isto... É normal.

Ben, continúe, por favor.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Aproveito a ocasión para lembrarlle as súas atribucións e o Regulamento; penso que non está de máis, señor Santalices.

Ben, recordar —seguir onde me interrompeu o señor presidente— a enorme satisfacción, porque é unha magnífica profesional, que no seu posto como fiscal en Ourense soubo concugar a proximidade e a cercanía co respecto e o rigor propio da súa responsabilidade. Está ben que a unha muller, a unha persoa se lle poidan recoñecer tantos, tantos méritos e tantas calidades.

En todo caso, presentamos esta iniciativa sendo conscientes de que ao Partido Popular a Xustiza lle importa máis ben pouco. O que lle importa é ou ben escapar da Xustiza ou ben impedir que a Xustiza poida cumprir coas súas finalidades, creando incluso dende o Estado unha organización paralela para impedir que a Xustiza poida chegar á verdade do fondo do asunto. En todo caso, non existe vontade ningunha de facilitarlle os medios e instrumentos para que sexa áxil, sexa eficaz e sexa accesible.

Presentamos esta iniciativa porque a realidade dos nosos xulgados cada vez é máis preocupante, con moitas unidades xudiciais próximas ao colapso, ante a pasividade da Xunta de



Galiza, que nin sequera exerce as escasas competencias que ten atribuídas. Nunca nos xulgados e tribunais galegos houbo un número de asuntos pendentes tan elevados como na actualidade. No primeiro trimestre de 2025 nos órganos xurisdiccionais de Galiza existían case 230.000 asuntos en tramitación, un 25 por cento máis que en 2009, cando en 2009 entraban un 40 por cento máis de asuntos; é dicir, máis pendencia que nunca, aínda que entren menos asuntos que noutras épocas, por exemplo, digo en 2009.

E así existen unidades xudiciais non só nos sete grandes partidos xudiciais, senón tamén en vilas como Viveiro, Carballo, Ribeira ou Vilagarcía, que están moi próximas ao colapso. Algo do que dende o Bloque Nacionalista Galego, algo do que os operadores xurídicos, algo do que a veciñanza destas localidades, por exemplo, levan advertindo dende hai moitos anos, moitos anos onde —repito— a Xunta de Galiza leva sen facer nada.

Nestas localidades, nalgúnhas delas, a entrada de asuntos supera, duplica o considerado umbral máximo para que un xulgado poida funcionar. E así nos dous últimos anos o número de asuntos pendentes en partidos como Ribeira ou Carballo incrementouse en máis dun 50 por cento.

E estes son números e son estatísticas, mais son situacións e son persoas; persoas que ao mellor teñen que agardar máis de catro anos para ver recoñecida unha pensión por incapacidade absoluta para poder traballar e poder recibir unha pensión; máis de tres anos para agardar por unha sentenza firme de divorcio ou sobre medidas sobre as persoas paternofiliais. Nos asuntos sobre violencia sobre a muller o prazo máximo para resolver triplicouse respecto do que existía en 2009.

Mais tamén esta demora ten consecuencias en procedementos penais. Esta demora provoca o que lle dicíamos á Xunta de Galiza: as dilacións indebidas; dilacións indebidas que son atenuantes, que poden levar a que, por exemplo, unha condena dun violador, en lugar dos vinte anos que lle corresponderían, acabe reducida a catro. Ou ben que, como no caso de Baleira, que é unha violación continuada dunha rapaza de 13 anos ata que quedou embarazada en máis dunha ocasión, se salde con condenas de aproximadamente tres anos. Señorías do Partido Popular, non é excarceración, é que con vostedes nin sequera chegan a entrar en prisión.

E a resposta á nosa pregunta é que non lles importa, non lles importa. Non saben cantas veces se aplicaron as dilacións indebidas, nin en que número nin en que magnitude, porque non lles importa. E é sumamente grave, porque hoxe falamos de agresión sexual, pero poderíamos falar de malversación ou podíamos falar de tráfico de drogas. Estase aplicando como consecuencia da situación dos nosos xulgados este tipo de atenuantes, impedindo ou posibilitando a práctica impunidad de delitos tan graves.

Hai uns días os medios de comunicación falaban de que xulgados do civil de Lugo e Santiago estaban sinalando para finais de 2027. Outros, en Ferrol, Lugo ou tamén Santiago, xa estaban sinalando para 2000 —perdón, antes dicía a finais de 2026—, neste caso para o 2027.

Sabemos que estas medidas non son a única ou non van solucionar por si mesmas a situación. É necesario desenvolver o previsto na Lei dos medios amigables para a solución de



controversias, o famoso MASC, mais facer que o Imelga funcione e que non teñamos que agardar un ano por un informe psicosocial.

Non é a única medida, pero cómpre que na Galiza se incrementen as prazas xudiciais. Aproximadamente na Galiza temos de media 11 xuíces por 100.000 habitantes, aproximadamente a media da Unión Europea. En Fiscalía tamén temos 5,4, cando a media na Unión Europea son de 11.

Por tanto, cómpre necesariamente ese incremento da planta xudicial, do número de xuíces, xuízas, maxistrados e maxistradas. Mais tampouco con iso chega. Agora é unha competencia do Estado. Efectivamente, agora por primeira vez a Xunta non implicará a creación necesariamente de postos de traballo, de xestión, tramitación ou auxilio, non. Agora ben, se a Xunta, paralelamente ao incremento das prazas xudiciais, non incrementa o corpo de funcionarios e funcionarias, esa medida non servirá para nada, non conseguiremos (*Aplausos.*) desatascar ese cuello de botella.

E despois queremos reiterar, como xa fixemos en comisión máis dunha vez, a nosa total discrepancia e oposición con ese real decreto do 3 de xuño que crea catro unidades de violencia sobre a muller, dúas delas en Vigo e A Coruña, non *ex novo*, non incrementando a planta xudicial, senón transformando xulgados de instrución en de violencia sobre a muller. Iso non é a solución. ¿Por que? Porque estamos en contra. Esta medida, por certo, xa foi advertida de que esa era unha posibilidade que contemplaba a propia Xunta de Galiza, xa foi advertida polo propio director xeral de Xustiza. Entendemos que tanto Vigo como A Coruña necesitan 8 xulgados de instrución.

Mais consideramos que máis grave aínda é a situación de Ourense e Santiago. Efectivamente, para Ourense e para Santiago vaise crear unha sección específica de violencia sobre a muller. Mais simultaneamente acordouse que esa xurisdición, no caso de Compostela, se ía estender aos xulgados de Arzúa, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón e ao partido xudicial de Ribeira; isto é, 37 concellos, 340.000 habitantes e máis de 3.500 quilómetros cadrados, cun volume de asuntos, de acordo co 2024, o último exercicio pechado, de 1.265 asuntos en violencia, 170 civís e agora 2.100 asuntos penais en materia de liberdade sexual.

A situación de Ourense, se cadra, é aínda máis grave, pois abranguería 74 concellos, 274.000 habitantes e máis de 5.000 quilómetros cadrados.

É dicir, esta medida, que contou non sei se coa oposición, polo que dixo o director xeral de Xustiza da Xunta, co beneplácito da Xunta de Galiza, coa conformidade da Xunta de Galiza, vai implicar un prexuízo enorme para a atención ás vítimas, vai implicar que esta sección naza cun volume de asuntos inasumible, non só polos datos, senón porque a propia xudicatura manifestou a imposibilidade de atender este volume de asuntos, que aproximadamente duplicaría o número, contemplado como máximo no baremo neses 1.600.

Señorías do Partido Popular, señorías do Grupo Mixto e do Partido Socialista, entendemos que en materia de violencia sobre a muller especificamente, pero a situación de colapso que vive a Xustiza, que viven as unidades xudiciais do noso país...



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...implica unha necesaria reacción. Por iso pedimos ao Partido Popular que rectifique e que apoie esta medida, en beneficio da Administración de xustiza, en beneficio dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Varela Fernández.

KATHERINIE VARELA FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Ben, señor Tabarés, a verdade é que non me quedou clara a explicación da autoemenda que rexistraron unha hora despois de rexistrar nós a nosa emenda; unha emenda de adición porque seguramente intuían que iamos apoiar esa iniciativa orixinal, que sen dúbida ningunha era un acordo que conseguiríamos da ampla maioría do Parlamento nun ámbito fundamental como é a Xustiza e a violencia sobre a muller. A verdade é que (*Aplausos.*) non nos quedou claro coas súas explicacións. Quedounos claro, por suposto, a iniciativa orixinal. Estamos ante un tema fundamental, e, como ben dixo, a Comisión de Xustiza de Galicia leva tempo reclamando a creación de novas unidades de violencia sobre a muller sen ser a custa de destrución doutras instrucións, unha decisión, señor Tabarés, que depende do Goberno central. Como ben pedía na proposta orixinal, instábase o Goberno central á creación desas unidades sen que supuxese a eliminación doutras tantas de instrución. Agora elimina a instancia ao Goberno central e pídelles directamente á Xunta que execute as actuacións necesarias para que isto sexa así. Obviamente, as actuacións que vai executar a Xunta é instar ao Goberno central, porque é a súa competencia.

Miren, non é por falta de ganas de que existan esas unidades xudiciais de violencia sobre a muller de xeito exclusivo sen destruír outras existentes. O Goberno galego, liderado polo Partido Popular, por moito que lles pese, leva liderando sempre a defensa da igualdade de xénero, aprobando leis pioneiras nese ámbito. Porque á esquerda gústalle moito traballar a golpe de titular e propaganda, pero o certo é que leva cometendo erros intolerables nos últimos anos. Por exemplo, a aprobación da Lei do só si é si, do Goberno do Partido Socialista, apoiado polo Bloque, que deixou centos de agresores sexuais antes de tempo nas rúas; ou ese contrato da vergoña das pulseiras antimaltrato, que deixou milleiros de mulleres en situación total de vulnerabilidade durante meses, sabendo de moitos; aínda esperamos que se depuren responsabilidades.

Por outra banda, a Administración de xustiza desenvólvese de maneira totalmente eficaz e eficiente na nosa Comunidade, destacando a rápida dixitalización levada a cabo nos últimos tempos, adaptándose así ás novas necesidades, e tamén a adaptación que se fai dos requirimentos legais previstos polo Goberno central, como foi a aprobación da recente Lei de efi-



ciencia procesual, moi exixente tamén no que ten que ver con cambios levados a cabo na Administración de xustiza, sobre todo no ámbito máis local e rural, pero sen o oportuno acompañamento orzamentario. Como sempre, o Goberno central lexisla e as comunidades autónomas pagan. Pero, dentro das competencias da Xunta de Galicia no ámbito da Administración de xustiza, sempre se contemplaron orzamentos ambiciosos para a mellora significativa de infraestruturas e, por suposto, nos medios persoais, tan necesarios para o correcto funcionamento da Administración de xustiza.

Desde que o Partido Popular goberna na Xunta de Galicia, desde o ano 2009, incrementouse un 20 por cento o cadro de persoal, (*Aplausos.*) así que non lle podemos permitir que diga que a Xunta non fai nada para paliar as dificultades que poidan xurdir. Non obstante, desde a Xunta de Galicia lévase tempo reivindicando a creación de novas unidades xudiciais e máis prazas de xuíces e maxistrados, competencia do Goberno central, non da Xunta.

O que se reivindica nesta iniciativa non é novo, debatémolo hai un mes na Comisión 1ª, onde o Partido Popular presentaba unha iniciativa na que viña pedir que a planta xudicial penal das cidades da Coruña e Vigo se mantivese na súa totalidade e que non se creasen as unidades de violencia sobre a muller en detrimento da destrución de dúas de instrución. Tamén pediamos, instabamos a garantir unha resposta eficaz, especializada e suficiente fronte á violencia de xénero, reforzando os medios materiais e humanos e sen deteriorar o funcionamento doutros órganos xurisdicionais fundamentais. Novamente, o Grupo Popular foi pioneiro en sede parlamentaria en facerse eco destas demandas tan importantes, sobre todo porque estamos a falar dun ámbito sensible, importantísimo, como é a violencia sobre a muller.

Por iso iamos apoiar a súa iniciativa, tal e como a presentou inicialmente, onde se instaba o Goberno de España, que é quen ten as competencias, a que se creasen estas unidades sen suprimir outras, que é algo que nós reivindicamos. Porque lamentamos que das catro novas prazas de xuíces de violencia sobre a muller aprobadas en Galicia só dúas, a de Ourense e a de Santiago, sexan de nova creación, e así llo trasladou o conselleiro de Presidencia ao ministro de Xustiza.

Precisamente este verán remitiu unha carta onde lle facía constar que non estaban de acordo nin sequera os principais axentes do ámbito xudicial nesta decisión de que en Vigo e na Coruña non sexan de nova creación as novas unidades de violencia sobre a muller. O propio Concello de Vigo, gobernado polo Partido Socialista, tamén manifestou o seu desacordo, precisamente pola polos graves danos que puidesen derivar na xestión da Xustiza na súa cidade. Esta decisión suporá un aumento nos asuntos da restantes prazas da instrución. Os xulgados de Vigo, os denominados xulgados de instrución de Vigo, asumen un volume de causas que acada xa o 98,2 por cento do limiar obxectivo fixado polo Ministerio de Xustiza; no caso da Coruña, a situación tamén é preocupante.

Ademais, cos postos de Santiago de Compostela e Ourense que estean comarcalizados supón o desprazamento da vítima á capital, de conformidade coa Lei de eficiencia procesual, e, para paliar esta circunstancia, o Goberno galego asumirá o custo do traslado das vítimas e de todas as persoas que teñan que declarar, un gasto que se estima en 600.000 euros. Unha vez máis, o Goberno central lexisla e as comunidades autónomas pagan. (*Aplausos.*)



En canto ao persoal, señor Tabarés, estamos dispostos a apoiar ese punto onde instan a que haxa máis persoal, porque a Xunta xa anunciou o reforzo de persoal destes catro novos xulgados de violencia contra a muller, co obxectivo de paliar o aumento na carga de traballo derivado das novas funcións e tamén das fiscalías; 3 funcionarios na Coruña, 2 en Vigo, 2 en Santiago, 2 en Ourense, e incrementaranse as plantillas da Fiscalía de Ferrol e Ourense coa creación de 1 praza de funcionario de tramitación en cada unha delas.

Como expresou o conselleiro de Presidencia e de Xustiza na carta dirixida ao ministro, a Xunta leva anos defendendo a necesidade de reforzar a resposta institucional fronte á violencia de xénero, unha prioridade absoluta que require recursos suficientes e unha planificación rigorosa.

Tamén leva desde hai tempo solicitando a creación de unidades especializadas nas principais cidades galegas. O conselleiro recordou na súa misiva que a Xunta está lista para activar as novas estruturas xudiciais que se concedan. Non obstante, a falta de vontade política deu lugar a que no 2024 non fose posible que fosen asignadas. Esta parálise limitou o fortalecemento do sistema xudicial na nosa Comunidade.

Señor Tabarés, para nós o ideal sería que entrase en razón, que volvease á senda do sentido común e mantivese esa iniciativa orixinal, á que, ademais, nós presentamos unha emenda de adición que cremos que melloraba esa iniciativa, onde pediamos, efectivamente, que se suprimira o artigo 4 do Real decreto 42/2025 e no seu lugar se acordaran a creación e a constitución de prazas en seccións de violencia sobre a muller de Vigo e A Coruña. Porque pide esta proposta de acordo, nova, que ampliemos as competencias, cando sabe, e xa o debatemos na Comisión 1ª, que non se van ampliar as competencias en Xustiza e a Xunta de Galicia non vai pedir esa ampliación, o que non quita que estea traballando noutras competencias, pero non en Xustiza polo momento, e sábeo. Non obstante, preferiu presentar esta autoemenda.

Polo tanto, para nós sería o adecuado volver á senda do inicio da primeira iniciativa. Porque, señor Tabarés, señorías do Bloque, desa maneira conseguiríamos un apoio maioritario no Parlamento de Galicia nun tema tan fundamental como é a violencia sobre a muller.

Moitas grazas e boa tarde. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto.

(O deputado Armando Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.



Quero comezar a miña intervención felicitando a nova fiscal superior de Galicia, señora Carmen Eiró, por ser, ademais, a primeira muller á fronte deste cargo, e deséxolle moitísima sorte nesta andadura, nesta nova andadura. (*Aplausos.*)

O señor Pazos —ben, non está— falaba antes e sorprendíase de que o Goberno de España non executara un acordo do Congreso. Benvido ao club, porque, se me poño aquí a relatar todos os acordos parlamentarios que o Goberno galego non leva a cabo, non me dan nin os dez minutos nin creo que todas as intervencións que vou ter durante todo este período de sesións.

E falabamos hoxe dunha necesidade do ámbito xudicial, que nós non cuestionamos, pero creo que tamén sería inxusto falar disto se non puxeramos en valor todos os feitos contras-tables que está a facer o Goberno de España e toda a aposta deste goberno tanto pola modernización da Xustiza como pola súa dixitalización, como polo reforzo da súa plantilla. E, ao final, sabemos que a Xustiza foi unha asignatura pendente dende hai moitísimos anos, dende o inicio da democracia, e por todos os gobernos que lle sucederon, e non é fácil tomar esta decisión, e o Goberno de España está a facelo.

E isto, como dicía antes, son datos. O orzamento aumentou nos últimos anos, dende o ano 2019, un 31 por cento, máis de 1.200 millóns de euros investidos, como dicía, en dixitalización.

E falaba hoxe o BNG, e falaba tamén o Partido Popular, do reforzo xudicial. Eu creo que é necesario un reforzo xudicial, pero tamén creo que se está a facer, e así tamén o din os datos. Entre 2019 e 2025 incorporáronse 17 novas prazas xudiciais en Galicia. Lembro que durante o Goberno de . Rajoy foron 5. Convocáronse tamén durante estes anos, en total, 1.440 prazas, das cales 847 foron á carreira xudicial e 593 á carreira fiscal. E, novamente, aprobouse xa para a entrada en vigor a partir deste outubro 50 prazas xudiciais e 42 de fiscais para esas seccións de violencia de xénero, que se irán incorporando progresivamente, como dicía a partir deste mes; un aumento do 42 por cento, moi superior a ese aumento do que falaba o Consello Xeral do Poder Xudicial, conclusión a partir da Lei de protección integral das mulleres, que dicía que se integraban os asuntos relacionados coa liberdade sexual dentro dos xulgados de violencia de xénero, e isto ía supoñer, segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial, un aumento da pendencia nun 12,9 por cento. Pois ben, o reforzo que se vai facer é do 42 por cento, polo tanto moi superior.

Ademais, coa futura Lei de ampliación e fortalecemento das carreiras xudiciais e fiscal, unha lei que xa non só é unha lei boa a nivel social, porque vai permitir o acceso á carreira xudicial de todas as persoas independentemente dos seus recursos económicos e da súa posición social, é unha lei que vai reforzar coa creación de 1.500 unidades xudiciais en tres anos, 500 xuíces e fiscais ao ano.

Polo tanto, o Goberno está a poñer todas as medidas enriba da mesa para poder solventar esta carencia de xuíces e fiscais, pero tamén está a transformar a nivel dixital a Xustiza no noso país, cun 96 por cento do orzamento de Xustiza destinado a esta transformación, utilizando para iso todos os fondos europeos, aproveitando ese plan de recuperación, transformación e resiliencia, coa aprobación tamén dese Plan de Xustiza 2030.



Por non falar xa das reformas lexislativas, desas leis de eficiencia, que están a mudar toda a planta xudicial e toda a planta procesual, todo o sistema procesual, e todos sabemos que cando algo está instaurado non é fácil de reformar; romper co que xa está establecido, aínda que funcione mal, pois non é fácil, porque sempre choven as críticas e nunca chove a gusto de todos, pero é evidente que tamén é valente e que no eido da Xustiza era necesario porque tiñamos un sistema obsoleto.

E creo que tamén era necesario dotar o noso territorio desas seccións ante os xulgados, agora seccións exclusivas de violencia de xénero, en Ourense, en Santiago, na Coruña e en Vigo, que vai contribuír a axilizar a tramitación destes procedementos.

Pero nós defendemos que esta exclusividade, esta especialización é mellor, para tratar algúns asuntos tan sensibles como son os relacionados coa violencia contra as mulleres, pero tamén defendemos a realidade galega, e sempre dixeran, cando falamos deste tema nas comisións, que hai que pensar nun equilibrio entre a dispersión territorial que existe no noso territorio e as necesidades das mulleres dos mesmos, e, polo tanto, hai que ver cada caso concreto. E referímonos ao xulgado de Ribeira e ás consecuencias negativas que pode ter comarcalizalo dentro da comarca de Santiago.

Nós tamén defendemos —e sempre o dixemos— que estes procedementos vinculados á violencia sexual, aos delitos contra a liberdade sexual, deben ser tramitados dentro dos xulgados especializados de violencia contra as mulleres, porque nós non dubidamos —e xa o dicía no seu momento o Convenio de Istambul— que esta violencia non é un fenómeno illado, senón que forma parte do control e do poder que o patriarcado exerce contra as mulleres. Polo tanto, requiren esa sensibilización e esa especialización.

Por outra banda, en relación con esa substitución deses xulgados de instrución número 8 da Coruña e de Vigo por estes xulgados de violencia de xénero, tamén dende o Partido Socialista, xa non en diferentes comisións, senón diferentes voces no territorio, mantivemos que nós exiximos unha rectificación dese decreto que mude cara ao mantemento deses 8 xulgados. Vemos conveniente e necesario ese mantemento, porque tamén dende hai moito tempo levamos defendendo esas quendas de garda de 24 horas nestes xulgados, porque iso vai favorecer non só a tramitación, senón tamén solventar determinados asuntos pendentes ou determinados asuntos que se tramitan nas quendas de garda. Polo tanto, mantemos esa postura, aínda que esperamos que se produza esa rectificación.

En relación coa postura da Xunta, porque o Goberno da Xunta, como dicía eu, pide para Madrid pero os deberes propios non os fai, aquí as competencias en materia de persoal, de medios materiais, son do Goberno galego, e vostede di, señora Varela, que está perfectamente dotado o orzamento de Xustiza. Quero que fale vostede cos sindicatos a ver se opinan o mesmo da cobertura das prazas de funcionarios dentro dos distintos xulgados, porque lembrolle que, se todo é tan marabillosos, ese aumento progresivo, non entendemos esa folga do ano 2018, que foi a máis longa, esa falla de diálogo cos representantes da Xustiza do Goberno do que agora é presidente Rueda, cando daquela era conselleiro de Xustiza. Tampouco entendemos como a Xunta pretende crear seccións específicas con un ou dous funcionarios.



¿Como vai resolver a sección de violencia de xénero cun funcionario, con dous funcionarios? Non é viable, iso lévanos directamente ao colapso.

E, polo tanto, non entendemos tampouco como poden vostedes manter e non darlles vergoña o último informe da Fiscalía Xeral do Estado, que acredita que Pontevedra é a provincia cunha pendencia maior de resolución dos procedementos que requiren un informe do Imelga —ca- torce meses— e como Galicia é a segunda á cola. Non entendemos como poden seguir sen re- forzar a plantilla do Imelga, tan necesaria para a protección tamén desas mulleres —vostede antes falaba da protección das mulleres—.

E non entendemos tampouco como seguen partidas orzamentarias conxeladas en 100.000 euros, por exemplo a da adecuación das salas para as vítimas nos xulgados, cando moitos xulgados do noso territorio necesitan unha adecuación para as vítimas. Vostedes teñen tamén a competencia para dotar os mesmos dos medios materiais. É necesario tamén for- mar o funcionariado, sobre todo aqueles que traballan naqueles xulgados en materias máis sensibles. E tamén é necesario que se actualicen —como dicía— moitas dependen- cias para as vítimas e as sedes xudiciais de determinados territorios, que necesitan unha seria renovación.

Polo tanto, queda moito por facer no eido da Xustiza. Cremos que se están dando pasos im- portantes, poñendo os medios, poñendo os recursos, e que o rumbo é o correcto. Estamos nun momento de transformación total da Xustiza, unha Xustiza que estaba obsoleta e que producía que eses procedementos foran interminables, que existira unha gran pendencia xudicial, que esperamos que con esas reformas lexislativas e con todos estes investimentos se solucionen.

Pero para iso fai falla tamén vontade política de colaboración do Goberno galego, e o Goberno galego co Goberno de España é totalmente obstrucionista, non hai ningún tipo de colabora- ción para traballar en mellorar a Xustiza deste país, senón para poñer trabas no camiño.

Polo tanto, nós si que imos apoiar esta iniciativa, porque cremos na mellora necesaria da Xustiza, e que para que isto se produza ten que estar dotada de todos os medios materiais e persoais necesarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tabarés.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Varela, ningún problema, jeh!; se quere que votemos por puntos, punto 1 e 2 dunha parte, 3 e 4 por separado. Se quere que introduzamos máis aínda, para que quede claro que



a competencia para crear unidades xudiciais é do Estado, ¡oia!, poñemos cantas veces faga falta e nas cores que vostede queira; por iso non hai problema.

¿Por que a nosa autoemenda? Por unha cuestión de competencias, efectivamente, porque consideramos que as competencias que ten a Xunta de Galiza en materia de planta e demarcación xudicial son escasas. ¿Por que? Porque Galiza non pode decidir crear unha praza de xuíza, de maxistrada, non pode. E consideramos que iso é unha eiva importante, porque consideramos que é unha limitación, que nunha transformación dun xulgado dunha sección a outra sección diferente simplemente a Xunta teña capacidade de informe parece que é pouco. Para considerar unha extensión dunha xurisdición dunha sección, simplemente que Galiza teña a capacidade para informar consideramos que é pouco. E esa é a razón da nosa emenda. O resto pode ver que é bastante literal.

En todo caso, aceptamos a votación por puntos, 1 e 2 por separado, 3 e 4, e, se hai que corrixir algo máis, corrixímolo, pero, agora ben, con iso non tratemos de desviar a atención.

Houbo unha decisión en xuño deste ano, unha decisión do Goberno do Estado, de crear 4 unidades xudiciais, 2 en Vigo e A Coruña, por transformación dun xulgado de instrución, como ameazaba xa o director xeral de Xustiza, como ameazou, en seccións de violencia sobre a muller. ¿Que fixo a Xunta de Galiza? Nada de nada, nada de nada. (*Aplausos.*) Ten competencias en materia de informe e nin sequera informou, nada de nada. Despois acordou nese real decreto a creación de unidades xudiciais de violencia sobre a muller en Ourense e Santiago, estendendo de maneira exorbitante a súa competencia a outros sete ou nove partidos xudiciais. E ¿a Xunta de Galicia que fixo? Manifestar a súa conformidade, pola porta de atrás, queixarse, pero manifestou a súa conformidade.

Señora Varela, non é un problema. Aceptamos todo do inimigo, transiximos, aceptamos caramelos. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Hoxe estamos de boas.

Pero, señora Varela, a cuestión non é que a Xunta cargue cos gastos de trasladar as vítimas; o problema é que unha vítima da Mezquita, unha vítima da Gudiña teña que trasladarse ata Ourense para poder denunciar en materia de violencia sobre a muller. Non é unha cuestión de custos, é unha cuestión de atención ás vítimas, e iso téñeno totalmente relegado. Neste aspecto parece que non é nada importante, e é o primeiro.

E hai outra cuestión tamén importante: a carga de traballo. Os xulgados, as unidades xudiciais, as seccións dos tribunais de instancia específicos en violencia sobre a muller nacerán colapsados. E non o di só o Bloque Nacionalista Galego, é que o din os propios xuíces e xuizas, tanto de Santiago como de Ourense. É unha auténtica irresponsabilidade, coa que vostedes manifestaron conformidade, e iso non pode seguir sendo así.

E despois, por último, unha cousa que eu lamento: que non tivera tempo de mirar os orzamentos. A Xunta de Galiza en materia de Xustiza prevé menos funcionarios e funcionarias que no exercicio pasado. Por tanto, non prevé a creación de unidade xudicial ningunha, non prevé incremento da oficina xudicial; se non, dotaría orzamentariamente, a non ser que sexan voluntarios e voluntarias que vaian traballar gratuitamente.



O PRESIDENTE: Remate.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Iso é totalmente falso.

Señorías, reconsideréno. Xa digo —reitero—: por nós non vai quedar. Puntos 1 e 2 por separado, puntos 3 e 4, e pactamos o que faga falta, porque desgraciadamente crear xuíces, crear prazas de maxistrados non depende da Xunta de Galiza; dixémolo por activa e por pasiva, e se hai que dicilo máis veces por escrito, non hai problema. É unha desgraza que dependa do Estado, pero é así. Se non queren reclamar esa transferencia, pois ben, voten en contra, pero, por favor, si voten a favor do punto 3 e 4.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa situación dos servizos ferroviarios en Galicia

O PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

- 1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha as medidas urxentes necesarias para que non se volta a repetir o caos no transporte por estrada, xestionado pola Xunta, con autobuses con exceso de pasaxeiros e de pé que pon en perigo, de forma reiterada, a seguridade física dos usuarios.*
- 2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España a seguir implementando medidas na mellora do transporte ferroviario e continuar, nos prazos comprometidos, co desenvolvemento das actuacións en materia de infraestruturas ferroviarias, algunhas delas recuperadas da inacción do goberno do PP de Mariano Rajoy durante sete anos.)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra o señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Cando pensabamos que xa tiñamos visto e padecido de todo do ministerio de Óscar Puente, pois este supérase en negligencia, en irresponsabilidade e en maltrato a Galicia.



Aquí nesta mesma Cámara xa temos debatido en múltiples ocasións sobre a precariedade e os problemas que asedian o transporte ferroviario de Galicia, non só nesta lexislatura, senón tamén na anterior. Temos chegado a infinidade de acordos, temos aprobado infinidade de iniciativas pedindo que finalice este abandono do Goberno de Sánchez a Galicia, que se traballe para finalizar ou para acabar con esas incidencias e cos problemas ferroviarios que, por desgraza, todos os galegos sufrimos.

Señorías, os galegos reclamamos un servizo ferroviario de calidade e homologable co resto de rexións europeas. E o Goberno de Sánchez, ante esta reclamación lexítima, responde con investimentos pendentes; con trens convencionais suprimidos durante a pandemia, que aínda non se recuperaron; con falta de oferta e de frecuencias de alta velocidade e de media distancia; con incumprimento dos horarios, dos tempos de viaxe; coa supresión de servizos sen previo aviso; con avarías constantes —cando non é unha cousa é outra—; con problemas coa web na compra de billetes anticipada... En definitiva, todo isto amosa un abandono absoluto dos ferrocarrís en Galicia.

E, ante unha reclamación lexítima, o Goberno central responde cun agravio continuado, que provoca un servizo de transporte ferroviario en Galicia precario. Son moitas as infraestruturas que o Goberno central debe acometer en materia ferroviaria e que vai demorando.

É de sobra coñecida a nosa postura sobre o Plan director do corredor atlántico. Levamos anos pelexando para que se invistan en Galicia 80.000 millóns que nos permitan ter un transporte de mercancías conectado co resto de Europa. Pero non podemos perder de vista tampouco as melloras necesarias nas conexións da Coruña a Ferrol, pasando por Betanzos, da Coruña a Lugo, de Ferrol a Ribadeo ou de Vigo a Ourense. Tampouco a execución de obras importantes do AVE Galicia-Madrid, que seguen sen executarse, que permitirían reducir tempos de percorrido, como pode ser a variante exterior de Ourense, sobre todo o tramo de Seixalbo á estación de Ourense, que leva parada de 2011. A dotación de dobre vía nos treitos onde aínda non os hai, fundamental para que poida tamén haber outros operadores e para que se poida incrementar o número de frecuencias, e tamén a mellora dos túneles de Padornelo.

Tamén hai que destacar as incidencias da alta velocidade e os incumprimentos. O AVE a Madrid nunca funcionou correctamente, e a este servizo deficiente hai que engadir o incumprimento dos compromisos polo Goberno central tanto en frecuencias como en tempos de percorrido.

Promesas incumpridas é o que define e o que caracteriza este goberno, incluso en cuestións tan sinxelas como nomear un interlocutor directo co que poida falar a Administración galega coa Administración central sobre as incidencias que están a ocorrer día tras día no servizo ferroviario.

O ano pasado, en xuño do ano pasado, o secretario de Estado de Transportes comprometeuse a designar de xeito inmediato un interlocutor; un ano e medio despois seguimos agardando ese nomeamento. É que nin sequera teñen palabra para unha cuestión tan sinxela como definir un interlocutor.



Levamos anos tamén agardando polo Plan director do corredor atlántico. O Goberno galego segue sen dispoñer de cifras e prazos concretos sobre a relación de obras e o horizonte temporal de execución deste plan, que é estratéxico e prioritario para a comunicación e a loxística do Noroeste peninsular.

O Goberno galego segue sen dispoñer, pero tamén os galegos e galegas seguimos sen saber que é o que quere o Goberno central para a nosa Comunidade.

E tamén a falta de avances no AVE Vigo-Oporto, a saída sur de Vigo ou mesmo a exclusión de Vigo como porto nodal son malas noticias para Galicia.

Nada sabemos tampouco dese grupo de traballo técnico para facer un seguimento dese plan que presuntamente o Ministerio de Transportes constituíu a primeiros de ano na Coruña e que estaría coordinado polo comisionado do corredor atlántico; nada de nada sabemos de todo iso.

Señorías, todo isto o que evidencia é unha situación de abandono, e o abandono ten consecuencias moi graves. Xa o viñamos avisando e o vimos este verán, porque, xusto cando era máis necesario contar cun servizo ferroviario de calidade, todo o sistema ferroviario colapsou. A vaga de lumes tivo unha afección moi importante sobre a conexión ferroviaria en Galicia, e a resposta do Goberno central pasará á historia por abandonar milleiros de persoas á súa sorte.

O martes 12 de agosto suspendíase o servizo ferroviario na provincia de Ourense; entre os días 12 e 14 alternouse o peche e o restablecemento da circulación ferroviaria en diferentes poboacións da provincia, pasando á suspensión total entre Ourense e Zamora ata o mércores 20 de agosto, unha semana despois do primeiro corte.

Por deixalo claro, porque tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista teñen ás veces certa amnesia selectiva, iso si, á hora de exixir responsabilidades a infraestrutura e os servizos da rede ferroviaria é de competencia exclusiva do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

Pois ben, señorías, a consecuencia máis importante da suspensión do servizo, segundo as cifras oficiais dadas polo ministerio, ADIF e Renfe, foron os máis de 50.000 pasaxeiros afectados e os 101 trens suprimidos.

Fagan, señorías, un esforzo e póñanse no lugar desas persoas: familias con nenos, persoas enfermas con necesidade de medicación, maiores que precisaban axuda, xente que tiña problemas económicos, en definitiva 50.000 persoas afectadas. Para algunhas ao mellor foi un trastorno menor, porque puideron atopar solución facilmente, pero para a maioría foi unha situación angustiosa e un problema moi importante, señorías.

E a resposta de Renfe e ADIF a todas estas persoas afectadas polo caos ferroviario ocasionado pola vaga de lumes foi moi deficiente: primeiro, comunicaron e informaron deficientemente; segundo, houbo unha ausencia absoluta de alternativas de transporte; e, terceiro, abando-



naron as súas propias competencias e despois, por enriba de todo isto, ameazaron con demandar os gobernos autonómicos.

Señorías, en relación coa información aos pasaxeiros, Renfe foi proporcionando información, principalmente a través da rede social X. Nesa mesma rede e noutros medios están rexistradas as denuncias, as dúbidas e as queixas que parte dos usuarios trasladaron por esta canle. Houbo unha manifesta deficiencia na comunicación por parte da compañía operadora e foi insuficiente a información recibida. Esa información foi confusa e xerou máis incerteza que tranquilidade.

Desde a Xunta de Galicia, e tamén desde esta Cámara, denunciámos xa hai tempo a necesidade de que Renfe mellorase a súa provisión de información ante os atrasos, as avarías e as incidencias que, lamentablemente, son constantes. Ademais, pensen que hai moitísima xente que non ten perfil nesa rede social, en X. As queixas dos viaxeiros afectados non fan máis que subliñar, novamente, a desatención da operadora e a necesidade de mellorar.

Señorías, sendo 50.000 os viaxeiros tirados e 101 os trens suprimidos, só facilitaron o transporte ao seu destino a 5.000 persoas, que son só o 10 por cento. Só mobilizaron 65 autobuses no xoves 14 de agosto e o resto dos días, nada. Foron 45.000 as persoas, señorías, que tiveron que buscar a vida polos seus propios medios: atopar onde durmir, comer, asearse e buscar as formas de chegar ao seu destino; asumindo un custo extra de vehículos, de alugueiro, de billetes de avión ou por facer uso de plataformas de coches compartidos. A causa é que as alternativas ofrecidas polo Goberno central foron insuficientes, tardías e descoordinadas.

Ata a asistencia aos pasaxeiros nas estacións foi lamentable. Presumiu o Goberno central de que a estación de Madrid-Chamartín e varias estacións galegas permaneceron abertas pola noite para os usuarios afectados. Segundo Renfe, facilitáronselles *kits* de comida e de bebida. Non obstante, as persoas tiradas nas estacións denunciaron ese trato vexatorio: a falta de comida, de bebida e tamén de mantas. En definitiva, houbo un abandono absoluto por parte do Goberno central.

Señorías, xa para rematar, quero dicir que hai que tomar como unha mala broma encima esa ameaza que temos por parte do Goberno central de demandar as comunidades autónomas para reclamarlles ao redor duns 3 millóns de euros. O Goberno central non asume as súas competencias e pretende que sexan outros os que asuman as perdas...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...resultado das súas decisións e carencias.

Non só é que sexa ofensivo para o Goberno galego, é que é un insulto para todos os galegos e as galegas e para todos aqueles pasaxeiros que foron abandonados polo Goberno central.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario Socialista, señor López Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Señor Trenor, obrígame a repetirme: vostede nunca defrauda, pero sempre avergonza. (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) E o mellor de todo é que debo recoñecer que vostede se supera cada día.

Nos últimos días de agosto ía moita calor en Galicia e imaxino que lle influíu a vostede ao redactar esta proposta, porque é un texto para saír do paso. Só é para falar do Goberno de Pedro Sánchez e, como xa lles dá vergoña falar da AP-9, agora toca o ferrocarril. No seu grupo hai un factor predominante: a utilización da demagogia. Os límites póñenos cada un de vostedes, pero é a tónica xeral.

Non sei se vostede pretende ser o mellor dos corenta pero, a verdade, fai méritos. Neste texto, oco, repetitivo e indigno, que vostede utilice as interrupcións que, por motivos de seguridade, tiveron que levarse a cabo con motivo dos incendios do pasado mes de agosto é un insulto ás persoas que o perderon todo e aos que traballaron por encima da súa resistencia física para apagar os lumes. Vostedes, que apoian un goberno que non puxo a prevención necesaria para evitar os incendios e que xestionaron a crise de forma tan negligente, veñen aquí utilizar os viaxeiros, cando as decisións da interrupción eran pola súa seguridade. (*Aplausos.*)

Pon no texto da proposta que foron trinta mil viaxeiros e resulta que, en dous días, se incrementaron en vinte mil: agora son cincuenta mil. É de supoñer que vostede, se fose responsable, non ordenaría as interrupcións. É un irresponsable e un demagogo, quizais o mellor do seu grupo. Para vostedes todo é un caos, e o único caos en relación cos incendios foi a xestión do Goberno galego nesas datas.

Falando de caos en transporte, sería máis proveitoso, señor Trenor, que se preocupase polo que o Goberno do PP de Galicia xestiona. O transporte por estrada, competencia da Xunta, si que é un caos. Corenta e catro anos despois daquel febreiro de 1981, escoitouse en Galicia: «¡Todos al suelo!». Era o chofer dun autobús concesionario da Xunta que, ante a presenza da Garda Civil —paradoxos da vida—, pediu aos usuarios dese autobús —aos moitos que ían de pé— que se tirasen ao chan para evitar a detención do autobús pola Garda Civil. (*Aplausos.*) Si que é un caos e un perigo que isto se dea, día a día, no servizo do transporte por estrada sen que o Goberno galego faga nada.

Tamén hai caos no transporte escolar. Precisamente, ao comezo do curso escolar, o servizo non está adaptado ás necesidades dos alumnos. Son os estudantes os que teñen que adaptarse aos horarios, o que supón perdas de clase. Tamén hai caos coa anulación da concesión no servizo en Val Miñor e no Baixo Miño polas queixas reiteradas do mal funcionamento do servizo. Agora son recoñecidas pola Xunta, cando levamos anos denunciándoas aquí.



Falemos do ferrocarril. O Goberno de Pedro Sánchez está a protagonizar o maior esforzo investidor en materia ferroviaria en Galicia das últimas décadas. Foi un cambio de rumbo que puxo fin a anos de abandono e de estancamento por parte doutros gobernos. Desde o 2018, a aposta polo transporte ferroviario converteuse nun dos piares da modernización das infraestruturas galegas, cunha planificación integral que combina o investimento público, a tecnoloxía e o compromiso territorial.

Só dentro do corredor Atlántico Noroeste —o único en non enterarse é vostede— o Ministerio de Transportes contempla 4.561 millóns de euros ata o 2030. Este é un plan director que transformará a rede ferroviaria galega coa actuación en liñas de mercadorías, renovación da vía, electrificación, accesos portuarios e modernización de instalacións. En 2025, o Goberno de Pedro Sánchez licitou 1.789 millóns de euros —cifras oficiais, que poden comprobar—, un volume que representa un esforzo sen precedentes e unha clara aposta pola vertebración de Galicia. (*Aplausos.*)

O avance do corredor Ourense-Monforte-Lugo simboliza esa transformación, con máis de 666 millóns de euros para a renovación integral dunha liña que se moderniza, por fin, tras décadas de atraso. A inauguración do túnel de Oural, en setembro de 2025, converteuse nun símbolo do novo tempo e no «paso do abandono á modernidade e do esquecemento á responsabilidade», en palabras do delegado do Goberno. Xunto con iso, prográmase a electrificación dos 73 quilómetros entre Monforte e Lugo e a adaptación a 25 quilovolts da liña Ourense-Monforte, incrementando a fiabilidade e reducindo os tempos de viaxe.

Na área atlántica, a prioridade é reforzar a conexión internacional con Portugal. O Goberno adxudicou —¡si, adxudicou!— os estudos da saída sur de Vigo e do treito do Porriño coa fronteira portuguesa e licitou o trazado de Cerdedo, que completará o eixo de alta prestación Vigo-Porto-Lisboa, un proxecto estratéxico da integración ibérica europea.

O esforzo do Estado tamén se reflicte na modernización da rede de ancho métrico no norte, con investimentos de 3,7 millóns de euros para a estabilización e a seguridade entre Ortigueira e Burela e nos accesos ferroviarios aos portos de Ferrol e da Coruña, que suman máis de 200 millóns de euros, reforzando a competitividade loxística da fachada atlántica. Ademais, o compromiso coa intermodalidade materialízase nas intermodais das grandes cidades galegas, cun investimento global que supera os 250 millóns de euros, e coa recente inauguración da estación intermodal Santiago-Daniel Castelao, cun investimento de 53 millóns de euros.

Desde o 2018, o uso do tren en Galicia aumentou un 80 por cento grazas ao esforzo do Goberno do Estado. O tren en Galicia está na súa mellor situación histórica e os datos son incontestables. Nunca tanta xente usou o tren e nunca tantas prazas houbo; polo tanto, as incidencias son mínimas e o servizo ten tanto uso porque funciona ben. Ademais, estase a elaborar o estudo para a creación e a potenciación da rede de cercanías, un compromiso histórico coa vertebración territorial, do que xa falaremos.

Galicia avanza sobre vías de progreso despois de anos de inmovilismo. As cifras, os proxectos e os resultados confirman que o Goberno de Pedro Sánchez fixo máis polo ferrocarril galego



en sete anos que outros en décadas, transformando un sistema obsoleto nun modelo de mobilidade moderna, segura e verde.

Por iso, presentamos unha emenda. A miña compañeira, Patricia Otero, anterior deputada neste Parlamento, finalizaba a súa intervención no Congreso afirmando, en lingua galega: «a Galicia e ao sistema ferroviario séntalles ben Pedro Sánchez».

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Eu penso que isto lles pasou a outras señorías que veñen de Ourense pola mañá; non vin ningunha, pero creo que máis dunha tivo que compartir comigo o tren hoxe á mañá. Á altura de Silleda — máis ou menos, porque o comprobei no Google Maps —, de repente, o tren parou. Parou así, ademais, cunha freada bastante grande. Sorprendeume. Eu pensei que se trataba dunha mera redución de velocidade e resultou que, de repente, segundo nos veu explicando despois o persoal de Renfe, o tren quedou sen corrente, sen electricidade, e de aí a parada e a desaceleración que percibimos. Estivo bastante rato. Por certo, tiveron que apagar as luces porque, ao parecer, tiñan que reiniciar todo o sistema.

Claro, imaxinen vostedes estar bastante tempo nun tren parado coas luces apagadas. Os viaxeiros xa empezaban a confraternizar. Acordeime daquel relato de Cortázar — non sei se vostedes o leron — onde hai un embotellamento nunha autopista, quedan os coches alí parados durante moitas horas e os viaxeiros saen dos coches, empezan a falar e case se empezan a facer noivos algúns. É un relato fascinante. Cortázar tiña unha... Ben, é un verdadeiro estudo sociolóxico que escribiu Cortázar a partir dese embotellamento. Pois tamén me veu esa cousa á cabeza e dixeran: «aquí tamén hai guión para un relato». Aquí, se o tempo de parada do tren se mantén, poden empezar a pasar cousas. Regálolle o guión a quen teña inspiración para escribir.

Con isto o que quero dicir é que cando estaba dicindo o señor portavoz do Partido Socialista «é un tren moderno, un tren...» — non sei que cualificativos puxo —, acordeime do de hoxe á mañá; e dixeran «¡bueno, hombre!».

A cuestión é que tampouco é infrecuente esa clase de incidentes no tren.

Eu preguntábame tamén se isto pasaría en Cataluña, en Madrid e noutras partes de España, con esta mesma situación — digamos — terciomundista. Eu cheguei a temer por chegar a tempo ao pleno e tiña moción, como saben vostedes. E dixeran: «vou quedar aquí colgado no tren e non vou poder defender a moción» — ademais, é unha situación de incerteza —. O que quero dicir é que esas situacións nos trens aquí, en Galicia, se repiten moitas veces; o portavoz do Partido Popular nomeou moitas circunstancias dese tipo.

Quero aproveitar a intervención para lembrar a demanda que facemos ao Estado central en aras da recuperación das frecuencias da Gudiña. Seguimos pedindo que se manteñan esas



frecuencias e esas liñas. Como recordarán, houbo unha manifestación que posiblemente foi das máis grandes na historia da provincia de Ourense na Gudiña o día 2 de agosto, se non me falla a memoria. Seguimos reclamando ese caso concreto das frecuencias da Gudiña, pero tamén moitas outras cuestións que, como xa as dixo o portavoz do Partido Popular, pois non procede repetilas.

Tamén é verdade que non sei, se noutras partes de Galicia tivesen lugar os incendios, se os servizos de Renfe serían mellores. Probablemente si, pero tampouco hai que olvidar que algúns dos incendios foron causados precisamente por trens. Ao mellor hai que pedir algunha responsabilidade niso.

O señor Óscar Puente tamén hai veces que fala e sobe o pan —polo menos na provincia de Ourense—; todos vostedes coñecen algúns comentarios que fixo en redes e a verdade é que eu non os estimaría —digamos— dignos de ser pronunciados por un ministro, e, sobre todo, nalgúns casos concretos, con algúns tuits que fixo en relación co tren da Gudiña e coa recuperación das frecuencias e outros servizos.

O que quero dicir con isto é que apoiaremos a proposta do Partido Popular porque, con independencia de que a Xunta de Galicia tamén teña as súas deficiencias no tema do transporte público —do que xa teño falado aquí e se seguirá falando cando proceda—, no caso concreto que nos atange, eu penso que é un lugar común por parte da cidadanía que a calidade do servizo de tren en Galicia está moi por debaixo do que hai noutras partes de España.

Nada máis, grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ríos Santomé.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Eu quería aproveitar para agradecer ao Partido Popular, desde a súa secretaría xeral e a súa portavocía parlamentaria, voceiros e voceiras sectoriais, pola súa incansable difusión das resolucións do Comité Central da UPG, porque toda contribución para espallar os nosos posicionamentos achéganos aos nosos obxectivos estratéxicos e incentiva o debate na sociedade. De verdade que o agradecemos, porque se eses posicionamentos se fan públicos é precisamente para que a xente os coñeza. Así que grazas ao Partido Popular por facerlle esa difusión e tamén á xente que publica artigos sempre os días despois, e ademais —a verdade— porque son moi positivos; agradecemosllo.

Indo xa á cuestión da que viñemos falar, porque aquí a verdade é que se falou de todo menos dos servizos ferroviarios galegos, o Partido Popular hoxe trae aquí pois unha iniciativa hipócrita —unha vez máis—; só hai que ver o que fixo o Partido Popular nas Cortes do Estado nestes últimos meses. O Partido Popular trouxo unha iniciativa moi similar a esta sobre o



caos ferroviario ao Senado o mes pasado, e de Galicia non se acordou para nada; nin mencionou ningún dos problemas do servizo ferroviario galego nin sequera na iniciativa nin tampouco na defensa desta moción no Senado do Partido Popular.

Fronte a un Partido Popular que se olvida de Galiza unha vez sae deste Parlamento —porque lle pesa máis o que lle pesa que o que lle ten que pesar—, está o BNG, a única organización política que defende os servizos ferroviarios galegos aquí e tamén en Madrid, tanto da man de Néstor Rego no Congreso como da de Carme da Silva no Senado. (*Aplausos.*) Ao Partido Popular rápido se lle esquece Galiza cando cruza o Padornelo, porque a vostedes realmente os servizos ferroviarios galegos impórtanlles ben pouco.

Falaba vostede, señor Trenor, de que nós temos amnesia selectiva, para nun grupo parlamentario que pensa que o mundo comezou no 2018 despois da moción de censura a Mariano Rajoy. ¿Que pasaba con Mariano Rajoy e con Ana Pastor, cando era ministra no Goberno de España? Esa foi a época de maiores recortes nos horarios, nos servizos ferroviarios galegos, e do abandono completo do FEVE. Realmente vostedes non están para falar de ningún tipo de investimento a nivel ferroviario ou non están para falar do que se recupera ou que se deixa de recuperar.

A min faltoume moito contido na súa intervención, señor Trenor; limitouse a describir unha realidade. Efectivamente, houbo paróns no servizo ferroviario por mor dos incendios e efectivamente tamén, cando te atopas cunha circunstancia sobrevida e tes que tomar unha decisión como a eliminación dos servizos de forma temporal, o problema non é a causa, senón como se reacciona, que medidas se poñen para que isto teña o menor custo para a poboación desde o punto de vista das molestias de tempo e tamén desde o punto de vista económico.

Podemos estar de acordo en que as cousas se puideron facer mellor, pero ligar toda unha iniciativa sobre os servizos ferroviarios a esta cuestión puntual eu creo que é disparar moi baixo, señor Trenor, sobre todo porque hai moitísimas problemáticas das que o Partido Popular se nega a falar. Hai unha cuestión que si que fai: négase a apoiar o traballo que fai o BNG. Lémbrolle que este mesmo mes o BNG conseguía impulsar a implantación do servizo de proximidade ferroviario en Galiza. ¿A vostedes iso que lles parece? ¿Parécelles ben? ¿Parécelles mal? Vostedes nunca reclamaron nin van reclamar un servizo de proximidade en Galiza.

Tamén grazas ao traballo do BNG no Congreso hoxe temos estes estudos, tanto para a conexión Santiago-Lugo, os estudos da proximidade, como todo o que ten que ver coa saída sur de Vigo, porque, efectivamente, o Partido Socialista non regala nada; é igual que vostedes e lévanse turnando no poder todos estes anos no Goberno do Estado discriminando este país.

Eu lía estes días algún artigo —destes que lles falaba ao principio, que nos axudaban moito e eran moi necesarios— e había quen nos chamaba antigos ou arcaicos —non sei se vostede tivo tempo de ler ese artigo—. Realmente, señor Trenor, o problema de ser antigos é que temos memoria. Para vostedes, isto empezou despois da moción de censura de Mariano Rajoy, pero nós sabemos cal é a historia deste país: unha historia de discriminación —neste caso concreto, dos servizos ferroviarios— e tamén unha de colonialismo por parte do Go-



berno do Estado. Todos e cada un dos grandes investimentos que se fixeron nos servizos ferroviarios galegos —moi poucos— foron simplemente para conectar Madrid con Galiza, nunha clara política tanto colonial como extractivista. Non obstante, a vostedes olvídaselles por completo —a uns e a outros— cando gobernan no Estado español que realmente a importancia que ten un servizo ferroviario robusto e potente é articular e vertebrar o territorio nacional galego. Iso é algo fundamental.

Mentres vostedes están entretidos e entretidas co último tuit do ministro Puente, todas estas cuestións —as de comer, as que lle importan realmente á xente, e non esta absurda loita partidista que se traen entre uns e outros mediante a utilización do Parlamento de Galiza—, pois realmente se esquecen, e sempre, sempre, sempre ten que ser o BNG quen as defenda, sempre. *(Aplausos.)*

¿Que fan vostedes no Senado? Efectivamente, o mes pasado houbo unha moción do Partido Popular no Senado para reprobar o ministro Puente —curiosamente, foron da man do independentismo catalán de Junts para aprobala, cos seus argumentos de quita e pon e realmente sen ningún tipo de base—. De Galiza, como lle dicía antes, non falon absolutamente nada, nin van falar, porque realmente non lles interesa, señor Trenor, e así nos vai.

Así temos o servizo ferroviario neste país como o temos: nada da conexión de Ferrol, nada da saída sur, nada da proximidade, nada do FEVE. Non sabemos de vostedes, señor Trenor, nada de nada máis que que fan seguimento das redes sociais do ministro. Que me parece moi lícito, pero creo que aquí estamos para outras cousas: para propoñer e para mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas, e vostedes están intentando simplemente mellorar a calidade de vida dos que pensan que poden ser ministros e ministras do Partido Popular dentro de x anos. E iso para a cidadanía galega non serve, señor Trenor.

Señor Font, deixen de repetir o tema. Ao final, é un argumento que se lles volve en contra demasiado fácil. Este enunciado de «estamos na mellor época, nunha situación histórica do tren» fala moi mal de vostedes e de quen os precedeu tamén noutras lexislaturas. Se esta é a mellor época do tren en Galiza, ¡como estaríamos antes! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, si!, e vostedes cando gobernaron anteriormente, *(O deputado Paulo Ríos Santomé sinala a bancada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.)*, co ¡pim!, ¡pam!, ¡pum! entre Partido Popular e Partido Socialista, para que nada cambie, para que Galiza siga sen as infraestruturas e os servizos ferroviarios aos que ten dereito.

A mellor situación do ferrocarril en Galiza aínda está por vir, cando realmente sexamos nós os que decidamos sobre os servizos ferroviarios, cando sexamos quen de articular realmente de xeito nacional as nosas comunicacións, cando ese servizo de proximidade exista, cando realmente o pobo galego decida sobre o seu futuro tamén nos servizos ferroviarios, porque é algo totalmente fundamental para o exercicio de calquera tipo de emprego e para a vida, en definitiva, dos galegos e das galegas. Mentres, vostedes sigan pelexándose por tuits e por chorradas; nós seguiremos traballando en prol dos dereitos da cidadanía galega.

Máis nada. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Eu pensei, señor Ríos, que o Comité Central da UPG, polo menos neste tema, apoiaría o Partido Popular na reivindicación dun servizo ferroviario comparable co do resto de Europa. Eu pensei que, despois do caos ocorrido este verán, o Comité Central da UPG, despois de ver miles de persoas abandonadas e tiradas, polo menos neste caso tería un pouco de sensibilidade con todos os galegos e as galegas, pero xa vexo que non. Xa vexo que para vostedes todo o que ocorreu no verán, todo este caos e toda a xente abandonada o resumiu vostede nunha frase —que ademais incluso ata afrautou a voz—: «As cousas puideron facerse mellor». E díxoo ademais así, todo suave, non vaia ser que alguén se poida molestar. Como ben di unha compañeira miña, señor Ríos, tan bravos contra a Xunta e tan mansos con Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

Miren, o Partido Popular presentou unha iniciativa que o que está a pedir é a posta en marcha das medidas urxentes necesarias para que non se volva repetir o caos ferroviario que se desata cada vez que se suspende o servizo ferroviario pola causa que sexa, tanto no referente aos medios a dispoñer como á información ás persoas usuarias e á comunicación e coordinación coas administracións afectadas. Tamén pedimos o desbloqueo con carácter urxente de proxectos prioritarios retrasados e dos que non se teñen novas. ¡Esa é a gran loucura do Partido Popular, ou sexa, pedir infraestruturas e pedir que non se repita o caos que vivimos neste verán! Pero, ben, supoño que o Comité Central da UPG está máis preocupado pola revolución, por dividir a sociedade e por facer campañas de acoso e de sinalamento que polos problemas dos galegos e das galegas, señor Ríos.

E, señor Font, nunca escoitei nesta Cámara unha intervención tan fóra de lugar e tan inoportuna como a súa. Así llo digo. Eu creo que o problema é traer unha iniciativa escrita e non ter a máis mínima capacidade para moverse e para modificar esa iniciativa. Mire, ao mellor é que vostede si que ten capacidade; o que non tiña era motivación. A próxima vez non se preocupe, que lle traio aquí unha chistorra e, seguramente, un socialista como vostede modifica a súa intervención. Pero, mire, eu non lle vou faltar ao respecto, como fixo vostede; non o vou facer. Eu non vou insultar ningún deputado, como fixo vostede aquí, e non o vou facer por unha cousa. Primeiro, porque os meus pais me ensinaron a respectar as persoas maiores, e eu vouno facer, créame. Pero, mire, fronte a unha iniciativa de ferrocarrís, o señor Font presenta unha emenda sobre autobuses. Mire, ata Jéssica sabía a diferenza, señor Font; ata Jéssica. *(Aplausos.)* Pero é que, ademais, é vostede moi pouco oportuno, señor Font. ¡Menciona aquí o servizo de autobuses, cando o Goberno central e o seu grupo acaba de darlle para adiante a unha lei que vai afectar 130.000 galegos e vai privar 22 municipios de Galicia de paradas de autobús! ¡É iso! É que vostede, encima, é inoportuno. Non é só que confunda o sistema de transporte; e que encima é vostede moi pouco oportuno. Pero ben, xa dixo o ministro que o da vertebración territorial non era cousa súa, e vostede cólleo ao pé da letra. Hoxe, a señora Díaz, a vicepresidenta do seu Goberno, definiu o seu propio Goberno como o Goberno da corrupción, e creo que foi unha das cousas máis acertadas que puido facer a señora Díaz. *(Aplausos.)*



Señorías...,

O PRESIDENTE: Sobre a emenda.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...lógicamente non podemos aceptar a emenda do señor Font. Eu creo que se equivocou ata de Cámara, creo que se equivocou de tema e —como xa lle dixen— equivocouse de ton, pero non se preocupe, que aquí estaremos para recordarlle as súas verbas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co obxectivo de mellorar a situación profesional e laboral do profesorado dos centros públicos de ensino

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández Davila.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Boa tarde a todos e todas.

Grazas, presidente.

Na antigüidade, as mestras e mestres eran as sofistas, persoas sabias que ensinaban distintas materias usando a arte retórica e a oratoria. Apareceron tamén as pedagogas, que non ensinaban pero facían seguimento do comportamento dos nenos e nenas nas escolas. Isto permite apreciar o inmenso valor que daban na Antiga Grecia ao traslado de coñecementos e ás persoas que os transmitían. No Imperio Romano tiñan os eruditos e, para aqueles cidadáns con maior poder adquisitivo, tamén os titores privados, ensinantes recoñecidos e de grande estima tamén.

Esa profesión foi evolucionando de distinto xeito ao longo de todo o tempo. Na Idade Media apareceron as universidades e, nos mosteiros, os estudos teolóxicos e as humanidades. Incorporouse a investigación na época do Renacemento, pero foi durante a Revolución Industrial cando a figura do mestre adquiriu unha gran relevancia. Durante o século XIX, configúrase a educación pública, preparando o seu alumnado para a vida en sociedade; ensinando habilidades prácticas, xunto con principios morais e cidadáns, e diversificándose as disciplinas e métodos pedagóxicos e a participación activa dos estudantes.

Malia que, na época da ditadura franquista, moitos mestres e mestras foron axustizados ou desterrados para evitar que incitasen precisamente a poboación contra o réxime represivo, durante a Transición esta profesión foi en auxe, conformando o Estado unha rede de centros de ensino público e integrando ademais as escolas galegas cedidas polos emigrantes. Durante a ditadura, os salarios eran precarios —de aí a frase «pasar máis fame que un mestre de escola»—, pero, ao seu remate, reivindicaron os seus dereitos laborais e un salario acorde coas súas responsabilidades.



Grazas á negociación sindical, o século XXI chega nunhas condicións máis favorables que nas décadas anteriores, pero houbo un serio problema coas crises do 2008 e 2012 en todo o Estado pero tamén na Galiza. En 2007, os acordos do profesorado e a Xunta do Bipartito foron un avance importante en dereitos para o profesorado, e supuxeron a incorporación de mil docentes novos, pero, a partir das burbullas inmobiliarias e das crises económicas e financeiras, o profesorado galego sufriu dende 2010 unha serie de recortes consecutivos, impulsados polo Goberno autonómico do Partido Popular para propiciar un aforro no gasto de persoal. Conxelaron o seu salario, reduciron as súas pagas extraordinarias, aumentaron as súas funcións —moitas delas non docentes; entre elas, a excesiva burocracia— e mermaron dereitos laborais. Así produciuse un aumento do horario lectivo, a supresión de licenzas de formación retribuídas e non retribuídas, contratos precarios que non inclúen os meses de verán etcétera, etcétera, etcétera. E, mentres a calidade educativa comezaba a resentirse, por outra banda, o profesorado, nestas condicións tan duras e precarias, debeu asumir grandes retos, como son as novas tecnoloxías e a dixitalización dos seus centros de traballo, o aumento de alumnado con diversidade nas aulas, a necesidade de adaptar a ensinanza a diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe ou a adaptación a métodos de ensinanza á distancia.

Neste punto, e despois deste percorrido a través da historia, atopámonos con que as mestras e mestres eran persoas de prestixio e moi valoradas; na ditadura, incluso, temidas e temidos. Na actualidade, debera ser unha profesión fundamental para a nosa sociedade, fermosa e motivadora, e relevante para as institucións das que depende laboral e economicamente.

O ensino público é un ensino básico que debe garantir unha calidade educativa o máis elevada posible, xa que está a formar xeracións que terán a responsabilidade de ensinar, de dirixir, de coidar e de servir en todas as áreas as cidadás e cidadáns do futuro. Debe ser un obxectivo prioritario para o Goberno da Xunta dotar o sistema educativo das mellores profesionais. E, para iso, hai que poñer en valor o seu traballo e compensalo debidamente a través de salarios dignos, recuperando os seus dereitos laborais.

Malia isto, na Galiza é unha profesión ninguneada e maltratada pola administración que os contrata, que é a Xunta, que non impulsa a súa formación nas universidades, que non premia nin valora a súa profesionalidade e que fai que perdan prestixio e deixen de ser referentes na sociedade. O PP está empeñado en machucalos, porque ninguén cuestionaba ata este verán o seu criterio docente, pero agora son censurados e as actividades que organizan deben ser autorizadas previamente pola dirección e pola Consellería de Educación. O Partido Popular no Goberno da Xunta de Galiza leva dezaseis anos aplicando políticas de continuos recortes que levan o profesorado a problemas de saúde mental derivados do seu traballo, á desmotivación e a abandonar a súa profesión. Confirman esta situación o aumento das xubilacións anticipadas e as numerosas solicitudes de comisión de servizos por saúde, máis incluso que as de conciliación.

Polo tanto, a vindeira semana, os días 28 e 29 de outubro, o colectivo de docentes fará unha nova folga, que visibilizará a situación que están a padecer dentro dos centros educativos, que afecta, ademais, negativamente a formación e a atención do alumnado, porque non hai nada máis doloroso para unha docente que ver que o seu alumnado non dispón dos recursos que necesita: de máis titores, especialistas específicos, orientadoras, coidadoras, etc.



Para ir concluíndo, a situación neste intre non pode ser peor nin máis frustrante para eles. Están literalmente queimados, con *ratios*, coas que, en moitos casos, na secundaria, atenden arredor de douscentos estudantes; unha diversidade cada vez maior, con múltiples diagnósticos, protocolos, migrantes recen chegados etcétera; unha burocracia abafante; o peor horario lectivo de todo o Estado en secundaria, en FP e en ensinanzas de réxime especial, e unha privatización cada vez máis feroz, sobre todo na formación profesional, creando figuras como a do profesor asociado, que discriminan o profesorado público. É unha consellaría centrada exclusivamente na súa imaxe e na súa propaganda, e agora controlando o labor pedagóxico nos centros e censurando todo o que teña que ver coa educación en valores democráticos, pacifistas, ecoloxistas e feministas, nos que o Goberno do Partido Popular na Xunta, por suposto, non cre, permitindo que cargos retrógrados como o subdirector xeral de inspección permaneza aínda no seu posto.

Por iso, dende o BNG, traemos as seguintes propostas. Primeiro, actualizar os catálogos, aumentando os cadros de persoal e reforzando os departamentos de orientación con máis especialistas, como orientadores e orientadoras e especialistas en PT e AL —todos eles estables—. En segundo lugar, aplicar a baixada das *ratios* en todos os niveis de xeito inmediato. Terceiro, computar xa o alumnado NEAE por 2 ou por 3 en todos os niveis educativos, teñan recoñecida a súa discapacidade ou non. Cuarto, recuperar, como mínimo, os dereitos laborais dos docentes do acordo acadado en 2007 con respecto ao horario, os salarios, as licenzas etcétera, compensando a súa redución horaria con máis efectivos de profesorado. Quinto, reducir a burocracia nos centros en consenso co profesorado; e sexto e último, retirar o control ideolóxico das instrucións que desenvolven este curso escolar.

De momento, nada máis. Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. (O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.) Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANZO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe, vimos falar dunha cuestión, como sempre que falamos da educación, básica e fundamental para nós, para o Partido Socialista. Vimos falar das condicións do profesorado, do profesorado en Galicia; xustamente un colectivo que, durante anos, leva soportando as inclemencias dun goberno da Xunta de Galicia que non entende que a educación ten que ser realmente o pilar fundamental dun Estado no que realmente se aposte claramente por unha educación pública e de calidade.

E, por iso, nós hoxe vimos reivindicar todo ese traballo do profesorado galego que se implica, a pesar de todos eses recortes educativos que existen, a pesar das trabas que teñen respecto



das cuestións da burocracia, pero sobre todo a pesar tamén de todas aquelas cuestións que teñen que ver e que afectan directamente —como non pode ser doutro xeito, debido a todas as condicións das que estamos falando— todo o alumnado tamén.

Hoxe vimos falar xustamente de todas estas cuestións que xa levamos durante todo este inicio do curso escolar abordando neste Parlamento. Unha cuestión que se repite, e que non por ser repetitiva é menos importante, é a do catálogo, a do famoso catálogo. E digo «famoso catálogo» porque o Partido Popular emprega o catálogo cando lle convén. Entón, no ano 2009, realmente empregamos esa cifra cando queremos criticar o anterior Goberno da Xunta de Galicia, pero un catálogo de 2009, que, no 2025, despois de dezaseis anos na Xunta de Galicia gobernando, non está actualizado, ao goberno do Partido Popular parécelle normal. Emprega ese catálogo para dicir que se cobren as necesidades con base nun catálogo de 2009. Se ao Partido Popular lle parece normal... Ao mellor, é que realmente ese desfaseamento que existe no catálogo é o que conleva que as necesidades educativas de todo o alumnado non se cubran. Esa é a realidade.

E, por iso, claro que temos que actualizar o catálogo, e claro que nós imos apoiar esta iniciativa, porque pide realmente o que a comunidade educativa está pedindo. Pero, claro, o Partido Popular non o vai saber por un motivo: porque non escoita a comunidade educativa, como xa estamos vendo. Non escoita o profesorado, non escoita os pais e as nais, non escoita tampouco o alumnado. Non escoita ninguén da comunidade educativa; só se escoita a si mesmo. E, realmente é un modelo: o modelo de gobernar de costas á cidadanía e de costas á propia comunidade educativa.

Hoxe quero poñer aquí enriba da mesa unha situación que se está dando en Noia; unha situación absolutamente lamentable que volve demostrar como a Xunta de Galicia vulnera claramente os dereitos do alumnado con necesidades especiais. Trátase dun alumno usuario do transporte adaptado, que realmente ten recoñecida a discapacidade do cen por cento, con grao 3 de dependencia. ¿Que ocorre? Algo absolutamente discriminatorio. Este alumno ten que renunciar —e, si, digo ben: ¡renunciar!— a trinta minutos de docencia para poder empregar o transporte escolar. ¿Cal é a resposta do Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular? O silencio. Non se pode consentir o silencio ante unha discriminación absoluta existente no ámbito educativo. É absolutamente intolerable, absolutamente intolerable. (Aplausos.) E, por iso, hoxe nós queremos reivindicar aquí esta cuestión, que, evidentemente, entronca con todos os puntos que se traen hoxe a debate.

As necesidades educativas tamén están relacionadas, evidentemente, co transporte escolar, con todo o que ten que ver coas necesidades educativas das *ratios* e tamén —como non pode ser doutro xeito— coas persoas que realizan estas funcións do profesorado, cos especialistas en PT e AL e coas persoas coidadoras. ¡Claro que si, claro que hai que reforzar todas esas persoas que realizan un traballo encomiable na nosa terra! E xa digo isto por anticipado, porque xa estamos acostumados a que o Partido Popular nos veña aquí dicir que vimos atacar os profesionais que tanto traballan, como poden ser os sanitarios ou pode ser o profesorado. Pois eu xa me anticipo: ¡claro que cremos no profesorado da nosa terra!, (Aplausos.) pero queremos que teñan recursos educativos para poder realizar as súas funcións. Iso é o que pedimos hoxe aquí: que melloren as condicións laborais e educativas do profesorado, para



que melloren, polo tanto, as condicións educativas tamén de todos os nenos e nenas —que é o que estamos aquí debatendo, a pesar de que, escoitando os debates que se producen aquí, isto estea lonxe, moi lonxe, de que pareza o Parlamento galego—.

E, polo tanto, claro que imos seguir reivindicando, sexa cal sexa a iniciativa, sexa cal sexa o debate, que o Partido Popular e a Xunta de Galicia escoite a comunidade educativa, que escoite os pais e as nais. E non cansaremos de repetilo as veces que faga falla, ata que todos e cada un dos problemas que existen no día de hoxe no sistema educativo se solucionen, porque esa é a realidade.

Se cada un e cada unha das que estamos aquí saímos pola porta e imos a un centro educativo, poderemos ver cal é a realidade, e iso é o que falla. O Partido Popular fala moito aquí, pero baixa moi pouco ao terreo. Fala moi pouco aínda que o conselleiro veña aquí fachendear de que o que fai primordialmente é falar con todo o mundo; esa non é a realidade. Se falase con todo o mundo, non se deixaría as familias absolutamente tiradas cando o único que están reivindicando son dereitos para os seus fillos e para as súas fillas, e, sobre todo, non se ameazaría —como pasou por parte da Xunta de Galicia— tantas familias que o único que fixeron foi manifestarse polos dereitos dos seus fillos e das súas fillas. E iso tamén hai que reivindicalo hoxe, porque esa loita que fan todos os pais e as nais realmente non é máis que pedir unha educación pública de calidade con recursos.

E, á parte, agora xa aproveitando que temos os orzamentos da Xunta de Galicia, ¿como non imos comentar unha cuestión importante? No orzamento do ano 2026, nos orzamentos que se proxectan para o vindeiro ano, ¿que vemos casualmente que ocorre coa formación do profesorado? Pois que se reduce a partida para a formación do profesorado. Esa é a realidade dos orzamentos, ese é o programa que presentou a Xunta de Galicia aquí no Parlamento galego. Reduce un 0,26 por cento a partida para a formación do profesorado. E, ¿despois van vir aquí defender os dereitos dos profesores e das profesoras e dicir que respectemos os profesores e as profesoras? Eu pídolles, señores e señoras do Partido Popular, que respecten vostedes os profesores e as profesoras e que, polo tanto, os doten de recursos; e máis agora que estamos falando dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026 —por non falar doutras partidas das que teremos ocasión de falar durante toda a tramitación dos orzamentos—.

Polo tanto, conclúo xa, facendo a reivindicación coa que comecei: ¡que realmente se garantan os dereitos do profesorado, pero tamén do alumnado que está detrás de todo ese traballo inxente que fan eses grandes profesionais, como son os profesores e profesoras!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Vázquez Suárez.

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e a todos.



Pois ben, señorías, unha vez máis, asistimos a un novo exercicio do Bloque Nacionalista Galego de utilización desta Cámara para facer de altofalante da CIG e para tentar proxectar unha imaxe totalmente falsa do sistema educativo galego. Nin lles interesa o profesorado nin o alumnado; só lles interesa o conflito, a confrontación e máis a propaganda. *(Aplausos.)*

Señorías, convén dicilo alto e claro: Galicia ten un dos mellores sistemas educativos de España, e isto non o digo eu, senón que o din os indicadores e o din tamén os feitos. Temos máis profesorado que nunca, máis recursos que nunca, máis medidas de apoio á diversidade que nunca, e nun momento con menos alumnado que nunca. Esa é a realidade; unha realidade que o Partido Popular construíu con traballo, planificación e acordos, e que o BNG —como dicía— quere negar porque non encaixa co seu relato totalmente catastrofista.

Pero imos falar de cifras. Este curso, contamos con 31.756 docentes que, por certo, é a cifra máis alta da historia malia ter 4.255 alumnos menos que o curso pasado. Temos máis de 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade, o dobre que hai quince anos. E, grazas ao acordo de mellora, que vostedes tildan de «acordo da vergoña», salváronse 500 aulas en dous cursos, evitando peches e reforzando cadros de persoal. Esa é a Galicia real, a Galicia que funciona; non a Galicia ficticia que inventan vostedes. *(Aplausos.)*

Pero non deixa de sorprenden a súa incoherencia, porque son moi obedientes cando Pedro Sánchez toma decisións sen contar coa Xunta de Galicia, cando o Goberno central modifica leis educativas sen falar coas comunidades autónomas, cando o Goberno central fai reunións coas comunidades autónomas a través do correo electrónico ou cando se impoñen medidas sen memoria económica. ¿Que ocorre nese momento? Silencio. Nin unha palabra, nin unha defensa de Galicia. Iso é totalmente incoherente, señorías.

A min gustaríame saber cal é a opinión do BNG e máis do PSOE de Galicia sobre o que está a acontecer no Concello de Lugo, o cal denunciaba hai uns días o sindicato Comisións Obreiras porque pretenden poñer profesores en prácticas suplindo a falta de persoal. E despois veñen aquí a este Parlamento dicir que a Xunta de Galicia non contrata suficiente profesorado para atender todas as necesidades.

Por favor, deixen a demagogia e abandonen a incoherencia, porque, mentres tanto, mentres fan todo ese alboroto e din todas esas cousas, aquí en Galicia redúcense as *ratios* en infantil, de 25 a 20 alumnos por aula. Isto beneficia miles de nenos e nenas. E, mentres, ¿que fai o Goberno central? Pois foron incapaces de introducir ningún cambio real na súa lei educativa de 2020. Pero aquí en Galicia xa se aplicaban medidas pioneiras. E non queda aí: estase reducindo a burocracia nos centros educativos —máis de 120.000 horas de traballo liberadas e 600 pasos administrativos eliminados—; estase tamén a mellorar a carreira docente cunha redución do horario lectivo en infantil e primaria, con novas medidas de conciliación ou con mellora salarial para que se formen ou asuman certas responsabilidades, e tamén se deu a creación dunha oficina de apoio ao profesorado, a posta en marcha tamén dun plan de formación e a elaboración dun plan de igualdade nos centros. Iso son feitos, señorías, non son discursos baleiros. *(Aplausos.)*

Pero o BNG, pola contra, insiste en falar de dereitos laborais, esquecendo que foi o Bipartito quen pechou cen aulas en catro anos cando había máis alumnado que hoxe. Esa é a súa her-



danza e esa é a súa credibilidade. O BNG fala moito, pero cando gobernou fixo xusto o contrario do que agora predica.

E non podemos esquecer que detrás desta PNL está tamén a estratexia da CIG e tamén da UPG, cuxos obxectivos son promover o conflito e axitar as rúas. E iso non o di esta deputada; dino a CIG e a UPG. E o BNG préstase a ser a súa correa de transmisión política. O seu labor está claro: destruír e crispar. E nesa estratexia coinciden plenamente cos seus irmáns políticos de Bildu, cos que comparten radicalismo, sectarismo e mesmo mesa.

Pero, miren, Galicia é pioneira en ponderar o alumnado con necesidades educativas especiais por dous ou por tres, garantindo recursos extraordinarios. Esta medida só existe aquí, en Galicia. Este curso dáse un paso máis no proceso de asignación de recursos extraordinarios aos centros mediante unha comisión técnica para ofrecer precisamente transparencia, garantías e certezas no proceso; unha comisión que estará encargada de designar os reforzos baixo parámetros comúns e obxectivos.

Por certo, non se atopa hoxe aquí agora mesmo a señora Queixas, pero na última Comisión 4ª tratou de tacharme de insensible por definir o profesorado especialista como un recurso extraordinario. Mire, sorprendeume moitísimo. Vostede, que é docente, debería de coñecer que iso non o defino eu, senón o Decreto de atención á diversidade, e o que di é que son recursos extraordinarios, medidas extraordinarias. Pero, en fin, enredar, embarrar e terxiversar; niso son especialistas. *(Aplausos.)*

Non menos importante é a neutralidade ideolóxica, que tanto lles molesta. Sorprende que se escandalicen porque a Xunta lembre algo tan básico como que as actividades complementarias nos centros deben respectar a pluralidade e a liberdade. Iso non é ningunha ocorrencia do Partido Popular; está recollido tanto na Constitución como na Lei orgánica de educación. O problema é que a esquerda necesita sempre adoutrinar, necesita impoñer un pensamento único, mentres nós defendemos todo o contrario: unha escola libre, plural, neutra ideoloxicamente, que forme cidadáns críticos, non militantes.

E, por iso, señorías, non podemos apoiar unha proposición que nace do cinismo e da manipulación, que busca só a confrontación e que parte dunha visión distorsionada da realidade. Galicia merece respecto, merece verdade e merece unha política educativa seria.

Nós seguiremos dialogando cos sindicatos, aínda que vostedes o acuñen como acordo da vergoña. A min, sinceramente, o que me daría vergoña é ir recibir instrucións de Bildu. Porque, miren, ¿cal é a realidade? O BNG, ao ditado de Bildu, da CIG e da UPG; o PSdeG, ao ditado de Sánchez, e nós, señorías, ao ditado dos galegos.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para pechar, ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, a señora Cristina Fernández.



MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Ben, señora Vázquez, luciuse. ¡Eu estiven a punto ata de aplaudirlle, fíxese!

Ben, o Partido Popular está máis pendente do que fai ou do que di o BNG que de solventar os problemas que ten a cidadanía galega, que é ao que se deberían dedicar, porque a vostedes recórdolles que lles pagan precisamente para iso, o Goberno está para iso precisamente. *(Aplausos.)*

¡Pero, ben, señora Vázquez, o seu discurso de verdade que serve para todo! Dá igual se é para falar de transporte como se é... Todos os deputados do Partido Popular fixeron ese mesmo discurso durante todo o día, é vergoñento. Se alguén se ten que pór colorado de verdade son vostedes, que utilizan arbitrariamente este Parlamento para o que a vostedes lles dá a gana.

O que temos claro é que mentres vostedes aforran cartos públicos e os desvían ao sector privado —nin máis nin menos que 2.800 millóns de euros en 10 anos de concertos— pois, evidentemente, non teñen cartos para atender as necesidades que ten o alumnado e o profesorado nos centros públicos; profesorado que ao Partido Popular non lle importa en absoluto, porque están obsesionados en facerse publicidade, terxiversando os datos cada vez que interveñen para confundir e ocultar a realidade, como demostrou a comparecencia do conselleiro no mes pasado. A súa tamén quixo dicir exactamente o mesmo.

E mente compulsivamente, porque, se temos cuberto o catálogo de persoal en todos os centros, ¿como explica o Partido Popular na Xunta que haxa prazas de titoría na aula cubertas polos docentes contratados para apoio e reforzo?, ¿por que non cobren todas as vacantes que deixan as xubilacións e aquelas de especialistas que recomendaron os informes do alumnado?, ¿como xustifican contratar a maioría de especialistas PT e AL a media xornada, cando temos un 30 por cento de alumnado NEAE nas aulas?, ¿por que obrigan o profesorado temporal a impartir materias afíns cando non son especialistas nesas materias?

E, ¿como é posible que o profesorado coas mesmas funcións e horarios cobren distinto dentro da FP, por exemplo?, ¿por que contan a maiores as prazas de procesos selectivos se están sendo ocupadas agora mesmo por interinos ou substitutos?, ¿por que non explican que, despois de ter o salario conxelado e as pagas diezmadas, as subas realizadas anualmente non cubran o IPC? Este 2026 vai acontecer exactamente igual. ¿Por que o Goberno do Partido Popular precariza a contratación, cesando o profesorado o 30 de xuño, estafándolles os meses de verán?

¿Poden explicar vostedes por que non se aplican xa as novas *ratios* e o cómputo do alumnado NEAE en todos os niveis para desmasificar así as aulas?, ¿por que non está o Partido Popular desdobrando aquelas aulas que superan a *ratio* e dotándooas dos docentes que se precisan?

¿Por que publicitan un plan para desburocratizar os centros e rebaixan tan só catro horas por docente ao ano? Iso é unha burla para o profesorado, señora Vázquez. ¿Non pensa a Consellería devolverlle ao profesorado o horario lectivo consolidado en 2007 e contratar máis persoal para compensalo?



Bueno, se vostedes contestasen realmente con honestidade estas preguntas, votarían a favor de toda a batería de propostas que traemos hoxe, pero sabemos claramente que non o van facer. Mire, será a historia quen os xulgue a vostedes, pero espero que todo isto sexa bastante máis rápido e a cidadanía responda botando —con be— a vostedes dese Goberno mafioso.

Estamos quedando, evidentemente, sen profesorado...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: ...igual que estamos sen médicos. E, igual que a sanidade, a educación é un servizo básico e imprescindible para a cidadanía deste país, para os galegos e galegas.

Grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun banco público de alugueiro en Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non de lei rexistrouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Alexandra Fernández Gómez, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

<<O Parlamento de Galiza insta a Xunta a desenvolver un Plan galego de vivenda baleira que inclúa as seguintes medidas:

1. - Desenvolver un marco regulatorio propio que regule o procedemento de declaración de vivenda baleira, a definición de tipos de propietarios, a creación dun rexistro de vivendas baleiras e a delimitación e declaración de áreas onde a falta de uso das vivendas sexa inxustificable e contrario á función social da vivenda, por tratarse de ámbitos onde exista unha demanda acreditada ou unha situación de zona de mercado tensionado.

2. Desenvolvemento dun programa de adquisición pública de vivenda baleira.

3. Nos ámbitos onde se declare que a vivenda baleira incumpre a función social habilitaranse un canon por desocupación que grave o incumprimento da función social da propiedade das vivendas mediante tipos progresivos en relación co tipo de propietario e o total de metros cadrados desocupados.



4. *Creación dun banco público de aluguer, cuxas rendas máximas serán un 35% inferiores ás establecidas mediante un sistema de referencia de prezos fixado polo goberno galego e cun prazo mínimo de cesión de 7 anos.*

5. *Axudas dirixidas a mellorar a habitabilidade, a accesibilidade e a eficiencia enerxética do parque construído, priorizando axudar a aqueles propietarios con menos recursos económicos. As axudas estarán condicionadas á posterior ocupación como vivenda principal en aluguer cuxas rendas estarán vinculadas ao sistema de referencia de prezos galego.*

6. *Desenvolver o marco regulatorio do actual Censo de vivenda baleira da Xunta co obxectivo de garantir a súa transparencia e veracidade e o cumprimento da función social destes inmobles, mediante a regulación de obrigas sociais e de mecanismos que garantan a disposición deste parque residencial a disposición de familias en situación de maior vulnerabilidade mediante rendas inferiores ás establecidas no sistema de referencia de prezos galego.»)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a proposición, ten a palabra o señor Aitor Bouza.

AITOR BOUZA MANZO: Boa tarde de novo.

Hoxe, dende o Partido Socialista traemos a debate unha proposición non de lei sobre un tema importantísimo para a cidadanía, un tema básico para poder recoñecer un dereito fundamental como é o dereito á vivenda. É un debate que realmente moitas persoas na rúa están agardando; unhas medidas que realmente están agardando tantos mozos e mozas en Galicia e tantas familias que precisan dunha solución a todos os seus problemas en materia de vivenda. E, por iso, hoxe, o primeiro que temos que facer é unha análise de por que chegamos ata aquí e de por que o Partido Socialista propón o Banco Público de Alugueiro.

Chegamos ata aquí vendo no ano 2009 —a ver se o Partido Popular mantén o seu discurso, xa que tanto lle gusta falar do ano 2009—: «Feijóo promete sacar a la venta las viviendas vacías», «el líder del PP quiere pactar la venta de las 60.000 viviendas vacías de Galicia», «Galicia registra el 6 % de las viviendas desocupadas». Iso era o que dicía o señor Núñez Feijóo. Entendo que hoxe o Partido Popular de Galicia segue defendendo o mesmo. Porque xa que lles gusta tanto este xogo de palabras que fan vostedes de «tan mansiños nun lado e tan compracentes co outro», pois vostedes tan mansiños con Feijóo, pero tan combativos co Goberno de Pedro Sánchez, que é o que é intenta aportar os millóns para a vivenda. Feijóo manda e a Xunta de Galicia acata. Iso é o que vemos.

Pero realmente isto pasaba no 2009. O señor Feijóo creo que gobernou algún ano aquí. ¿Que ocorreu cando gobernou o señor Feijóo?: «La Xunta del PP construyó en cinco años 617 viviendas públicas», un 1.425 por cento menos que en dous anos do Bipartito. Entre o 2015 e o 2019, a Xunta de Galicia do Partido Popular, 20 vivendas; en dous anos de Bipartito entre o 2006 e o 2007, 7.241 vivendas. Eses son os modelos distintos, pero, ¿que fixo a Xunta de Feijóo e de Rueda en trece anos? Aínda así, aínda sumando todos eses anos, 7.241 do bipartito en dous anos e, en trece anos do PP, 6.313. Pois claro que chegamos ao 2025 cun problema de modelo, e temos un problema moi grave en Galicia que temos que solucionar.



Evidentemente, en relación con ese 6 por cento de vivendas baleiras que había no 2009 respecto do cómputo total do Estado, hai que dicir que hoxe en Galicia as vivendas baleiras están en 506.351, mentres en España hai 3.800.000. Se dividimos Galicia entre España e multiplicamos por 100, dános o 13 por cento. O señor Feijóo queixábase no ano 2009 de que todo estaba moi mal e estaba ao 6 por cento; hoxe é máis do dobre, e a Xunta de Galicia di que todo vai estupendamente en materia de vivenda.

O desleixo absoluto da Xunta de Galicia en materia de vivenda é evidente. Todos os fondos que quedaron sen executar son os que fan que hoxe cheguemos aquí sen vivenda pública; todas esas medidas que se tiñan que tomar durante todos estes anos non se tomaron e hoxe non temos vivenda pública. Ese é o problema de todos os mozos e mozas que hoxe se queren independizar, de todas esas familias que realmente queren comezar unha nova vida e non poden pagar un alugueiro. Ante ese drama social, esa emerxencia absoluta que temos toda a sociedade, ninguén pode mirar para outro lado, pero menos a Administración pública con competencias exclusivas na materia, que é a Xunta de Galicia. (Aplausos.) Non pode mirar para outro lado, e iso é o que hoxe traemos aquí. (Aplausos.)

Pero, claro, é que a política do Partido Popular en materia de vivenda xa llela escoitamos aos seus voceiros. Dicía o señor Balseiro —creo que saben quen é, ilustre senador hoxe pero membro desta Cámara durante moito tempo—: «*La Xunta construyó menos vivienda pública por los okupas*». Esta é a política do Partido Popular. Pero non só se queda en Balseiro: «*El edificio más ecológico es el que no se hace*», Javier Arias, delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo. (Aplausos.) Esa é a política do Partido Popular. ¡Claro que é a máis ecolóxica, porque non a fan, claro que si! Pero, ¿a vostedes parécelles que esta é unha política de vivenda da Xunta de Galicia? É que é insultante ter que escoitar isto duns mandatarios que din querer gobernar Galicia e que din querer Galicia. Realmente, un goberno que quere Galicia e os galegos e galegas non pode permitir que queden tiradas as persoas que máis precisan da política e de que as políticas públicas en materia de vivenda funcionen, e non pode ser o que máis ataque xustamente todos eses dereitos.

Por iso, temos que traer hoxe esta iniciativa, porque, no longo prazo, hai que traballar para facer vivenda pública, claro que si, pero hoxe temos que solucionar un problema no presente. A vivenda pública vai tardar en facerse, non imos facer un chasquido de dedos e van aparecer os pisos, claro que non. Mentres tanto, temos que empregar os pisos que xa temos, a vivenda baleira que hai, e por iso nós propoñemos a creación do Banco Público de Alugueiro. (Aplausos.) Claro que si, para iso, para un motivo de hoxe. (Aplausos.)

E esta situación que vemos, ¿por que é dramática? É moi fácil de explicar. A Xunta de Galicia só no ano 2024 deixou sen executar no Programa de acceso á vivenda o 70 por cento dos fondos, rematado o ano. ¡E veñen aquí sacar peito e atacar o Goberno de España! Pero, ¿como pode ser? E, ¿como pode ser que escoitemos a Xunta de Galicia rexeitando os 380 millóns que se propoñen dende o Goberno de España? A administración con competencias na materia deixa sen executar os seus fondos e os que lle veñen do Estado, e, aínda por riba, rexéitaos cando se queren poñer máis. Pero é que tamén sabemos e coñecemos a execución orzamentaria da metade do ano 2025: o 95 por cento dos fondos están sen executar. ¡E aínda os membros do Partido Popular virán aquí aplaudir a xestión que fai o Goberno da Xunta de Galicia! Pois claro que non, nós non imos permitir que isto siga así.



«El precio de los alquileres ha subido un 27 % en los últimos tres años en Galicia». Isto é o que provoca que necesitemos medidas inmediatas, medidas no curto prazo, como este banco público de alugueiro, co que, baixo a tutela da Administración pública, permitamos ter maior seguridade, tanto para os propietarios como para os inquilinos. Porque o que imos garantir é que se poidan pagar as rendas por parte dos arrendadores, que se solucione calquera problema que haxa nas vivendas, que os prezos non superen o 30 por cento da renda media dispoñible e, por suposto, que os contratos sexan de longa duración. Esta medida o que permite é corrixir un problema de inmediato, que as vivendas baleiras se poidan poñer xa de maneira automática para todas esas persoas que precisan esta medida.

Cando calquera deputado desta Cámara sae de aquí e ve que un mozo ou unha moza da nosa terra cobra 1.200 euros e ten que pagar 800 euros para poder sufragar o alugueiro, ¿realmente podemos durmir todos e todas ben? Eu claro que non, por iso hoxe traemos esta iniciativa. Pero, sobre todo, agardo e entendo que, como isto é unha medida propositiva e para o ben dos galegos e galegas —sempre nos veñen aquí dicir que o que facemos é vir aquí criticar—, imos contar co voto favorable do Partido Popular, de quen ten a competencia para facelo, que é a Xunta de Galicia.

Grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Fernández.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde.

Ben, as receitas únicas para contextos dispares non soen dar bo resultado. Por iso, abordar a problemática da vivenda baleira dende unha explicación homoxénea e unha solución única para o conxunto do Estado é un erro histórico. ¿Que ten que ver a evolución do parque inmobiliario de Madrid, por exemplo, coa de Galiza? Nada a ver. Madrid, durante os últimos vinte anos produciu menos vivenda do que fogares novos se constituíron: 200.000 novas vivendas, fronte a 250.000 novos fogares. Mentres, en Galiza sucedeu á inversa. Producimos 450.000 novas vivendas no mesmo período, máis do dobre do que en Madrid, para menos de 200.000 fogares novos. As tendencias son totalmente opostas: mentres que unha reducía a súa oferta dispoñible, aquí a *ratio* de vivendas por habitante disparouse de 0,48 a 0,65 vivendas por habitante nos últimos vinte anos.

Pero temos que escoitar, con todo, análises únicas radiadas dende os grandes grupos de comunicación e políticos que nos ofrecen un guión escrito baixo o prisma madrileño e que supostamente sería homologable para a nosa realidade. E non o é. Incluso se tomamos os últimos dez anos; é dicir, sen contabilizar o período previo da burbulla inmobiliaria, e analizamos de forma illada o período de estancamento da construción entre o 2011 e o 2021, houbo 14.000 fogares novos e 152.000 novas vivendas no noso país. E, se facemos incluso un pouco máis de zoom e nós achegamos ás zonas máis densamente poboadas, ás áreas urbanas, vemos como o incremento de vivenda segue estando por riba da evolución da demanda. ¿E que sucede cando se constrúe por riba das necesidades? Pois que isto vén



acompañado dun aumento importante da vivenda baleira. Nos últimos dez anos, pasamos de 300.000 a medio millón, das cales 90.000 están nos sete concellos máis poboados.

Somos a comunidade autónoma con máis vivenda baleira, a moita distancia do resto, como consecuencia desa tendencia de desequilibrio sostida no tempo entre produción de vivenda e o seu uso. Por iso, en Galicia é onde se evidencia con maior contundencia a febleza e a inconsistencia das teses da dereita e dos grandes poderes económicos que machacan o mantra de que máis vivenda implica baixada de prezos. En Galiza é onde mellor se ve que isto non é certo. Aquí máis vivenda non se transformou en vivenda máis barata nin en máis oferta dispoñible no mercado. Galicia é a constatación de que os factores que afectan o prezo da vivenda non se limitan á oferta, senón que son múltiples.

Teñen que ver cun cambio de modelo inmobiliario cara á extracción de plusvalías no alugueiro; unha maior dificultade de aforro e endebedamento, especialmente das xeracións máis novas, que lles bloquea o acceso á compra; un mercado inmobiliario convertido cada vez máis nun refuxio dos aforros por múltiples variables: a inflación, a baixa rendibilidade do sistema financeiro ou a perda de investimento na economía produtiva, que redunda en que a vivenda teña cada vez máis un rol especulativo; e tamén afecta o transvase de parte do mercado residencial cara ao turístico. E a todo isto hai que sumarlle un déficit acumulado na produción de vivenda a prezos asequibles, de vivenda pública, de vivenda protexida, como consecuencia dos recortes do Partido Popular nesta materia. E, cando non hai intervención pública que oriente o parque, o que vemos é que o mercado libre o que produce é cada vez máis vivenda de alto *standing* e menos oferta asequible.

A abordaxe en materia de vivenda baleira ten que considerar todas estas causas e procurar solucións amplas con medidas complementarias. Por iso, dende o Bloque propomos unha abordaxe integral.

En primeiro lugar, apostamos pola intervención pública a través da adquisición pública de vivenda, para que se incorpore ao escaso parque público que temos, o que nos permitiría reducir o crecente volume de vivenda baleira, ao tempo que se incrementa a oferta dispoñible para as rendas baixas. Unha solución para agora ademais, e non como plantexa a Xunta de Galicia con vías que tardarán décadas en desenvolverse.

Logo de insistirmos unha e outra vez en que é necesaria esa adquisición pública de vivenda, o Goberno galego anuncia agora unha única medida nese sentido, que é a peor que podían tomar: comprar baixos comerciais para ofrecelos como vivenda pública. Coa de vivendas baleiras que temos, cando Vigo e Coruña teñen cerca das 20.000 unidades, sendo as cidades do Estado con máis vivenda baleira, ¿por que a Xunta de Galiza quere comprar baixos comerciais? Iso é ir en contra dun modelo urbano sostible, de usos mixto, e iso é precarizar a vivenda pública. (Aplausos.) E esta é a axenda do Partido Popular, que primeiro dixo que a alternativa era meter os menores de 36 anos en residencias para precarios en 30 metros cadrados, e agora queren que a vivenda pública para as persoas que menos teñen sexa a pé de rúa, con condicións de habitabilidade degradadas en termos de ventilación, de iluminación e de privacidade. Primeiro, recortaron esas normas de habitabilidade para poder converter en residencias baixos que non cumprían as condicións mínimas de habitabilidade, e agora promoven ocupalos



e arrendalos como vivendas turísticas e como vivendas públicas para a xente que ten menos recursos. Esa é a solución para quen non dá alugado un baixo comercial, sen importarlles o impacto que ten no modelo urbano e na calidade e a dignidade das vivendas.

Señores do Partido Popular, levanten a ollada, paseen polas cidades. Hai milleiros de vivendas coas persianas baixadas agardando ser unha vivenda pública e digna para unha familia que o necesita. Por iso, na nosa emenda a esta iniciativa, incorporamos distintos instrumentos para favorecer que unha parte do que está construído e baleiro se transforme en vivenda pública e protexida. Por exemplo, exercendo ese dereito de tanteo e retracto sobre vivenda protexida que se vende, ou ampliando o dereito de adquisición preferente en favor da Administración pública naqueles ámbitos onde hai un problema de acceso á vivenda. Porque a resposta ten que ser non só con programas de mediación en materia de vivenda baleira, senón cunha intervención directa das administracións que permita reordenar o parque construído.

O Goberno da Xunta centrou todas as súas políticas de mobilización de vivenda baleira nese papel de mediación entre propietarios particulares e inquilinos, co que se ofrecen beneficios a propietarios a cambio dalgunha contraprestación. Todos os programas soen ter unha xustificación común, que é un mantra falso, de que o problema da vivenda baleira é apenas a consecuencia do medo dos propietarios a alugar. Entón, segundo este razoamento do Partido Popular, o que hai que facer é quitarlles o medo con seguridade.

Con esa idea, o Partido Popular xa puxo en marcha programas que ofrecen seguridade, como o programa Vivendas Vivas, que pagaba seguros de impagos ou por destrozos da vivenda aos propietarios a través da mediación das empresas inmobiliarias. ¿Cal foi o resultado? Trinta e seis vivendas mobilizadas en tres anos, o cal demostra que non é un problema de inseguridade, senón que hai outras causas que están detrás de que haxa milleiros de propietarios que non teñan a necesidade de alugar a súa vivenda e que teñen que ver co crecente carácter especulativo da mesma. Logo, o Goberno do Partido Popular tratou de quitarlles o medo aos propietarios ofrecéndolles beneficios con ese programa Fogar Vivo. Ofrecen 16.000 euros para reformas, e aprobaron tamén 9.000 euros de desgravación fiscal polas reformas e 500 euros polos alugueres.

O que ofrece o Goberno galego son sempre medidas que se limitan a ofrecer beneficios extra aos propietarios. E a proposta do Partido Socialista encádrase no marco deste tipo de iniciativas de mediación, neste caso directa da Xunta, que recibe a cesión do inmovible e garante o pago das rendas. O que non aclara a iniciativa do Partido Socialista son as condicións que se ofrecerían nese banco público de aluguer ás distintas partes. E isto é fundamental porque temos experiencias xa comprobadas en que as administracións acaban soportando e favorecendo os incrementos de prezo. E vemos con preocupación que o novo plan estatal contemple a transferencia de ata 66.000 euros aos propietarios por cada vivenda que se ceda, entre rendas, seguros e reformas. Sería un plan custosísimo para as arcas públicas cun beneficio público limitado.

En conclusión, a idea de crear un banco público de aluguer en si non é mala como instrumento que sirva para dinamizar a oferta accesible, pero a pregunta é: ¿en que condicións e a que custo? —iso debería vir aquí o portavoz do Grupo Socialista e aclaralo— e, sobre todo, ¿xunto con que outras políticas, ademais destas de mediación? Porque o obxectivo debería ser desincentivar a especulación e non financeira, e cando só se ofrecen medidas que ofrecen



máis beneficios para que os propietarios escollan entre cobrar moito no mercado libre ou cobrar unha chea de beneficios extra pagados con recursos públicos, o que se fai é alimentar o problema. Por iso, é preciso establecer medidas que desincentiven tamén o uso especulativo da vivenda que levou a que estean desocupadas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: Acabo xa. É imprescindible combinar políticas: a intervención pública para a adquisición de parque público de vivendas; en segundo lugar, gravar a vivenda baleira en zonas onde existe un problema de acceso para disuadir ao propietario de manter o parque desocupado, e, por último, establecer programas de mediación como este banco de aluguer como alternativa, cunhas condicións económicas moito máis axustadas en canto á rendibilidade e ao custo do programa.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa intervención.

Ten entón a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario Popular, don Roberto Rodríguez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos.

Sendo este o último debate da xornada, non queríamos deixar ir o día sen felicitar no meu nome e no do Grupo Parlamentario Popular a persoa ou persoas encargadas de seleccionar as iniciativas que o Grupo Socialista trae a este Pleno: o acceso á vivenda e as axudas pola vaga de lumes. Felicitoos e agradézolles que nos dean en asuntos de tal seriedade a oportunidade de confrontar dúas formas tan antagónicas de facer política. Por un lado, a das mentiras, os anuncios baleiros, as promesas incumpridas e as medidas populistas do Goberno central e de quen os apoia. Doutro, a política do compromiso, da palabra dada, dos orzamentos e dos feitos de Alfonso Rueda na Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Señorías do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista, chegan vostedes tarde e mal para abordar posibles solucións á maior das preocupacións que ten a cidadanía, tal e como acreditan todas as enquisas. Hoxe mesmo, Oxfam Intermón dinos que nada menos que case a metade da poboación —o 45 por cento— afirma que a crise da vivenda lles afecta de xeito directo na súa vida, que ese impacto é máis pronunciado —ata acadar o 73 por cento— entre quen non ten unha vivenda en propiedade e que, destes, só un 14,4 por cento se mostra optimista sobre a posibilidade de adquirir unha vivenda no futuro, mentres case o 60 por cento o considera pouco ou nada probable.

Chegan tarde porque veñen hoxe vostedes instar a crear un banco público de alugueiro de Galicia á Xunta. Ben, señorías, teño unha importante exclusiva que deberían coñecer, pois



rexistraron esta iniciativa con posterioridade: por resolución do 3 de xullo de 2025, publicada no DOG número 131, do 10 de xullo, a Xunta puxo en marcha o programa Fogar Vivo, que precisamente ten por obxectivo axudar os propietarios de vivendas baleiras a poñelas no mercado do alugueiro. O programa ten vantaxes tanto para os futuros inquilinos —o acceso a un prezo regulado— como para os propietarios —o acceso a diversas axudas—. Non é o caso detallar hoxe aquí esas axudas e os seus requisitos e importes específicos, pero si destacar que, co límite de 16.000 euros por vivenda, abranguen: axudas para facer fronte ao custo da contratación dos seguros de falta de pagamento das rendas e dos seguros multi-risco do fogar, axudas para a adecuación e reparación das vivendas e unha axuda específica para o caso de que a vivenda se alugue a menores de 36 anos ou a persoas con fillos menores de idade ou persoas dependentes ao seu cargo.

Polo tanto, a Xunta ten en marcha un programa de mobilización de vivendas baleiras propio. É unha iniciativa incentivadora, non intervencionista, para axudar os propietarios a poñer a súa vivenda no mercado do alugueiro; un programa que está a ser emulando xa por outras comunidades autónomas e mesmo polo Goberno do Estado no deseño dese novo plan estatal de vivenda.

Polo tanto, esta iniciativa non aporta nada a maiores sobre este programa, con independencia de que dende o Goberno do Estado, no ámbito das súas competencias —que si as ten, señor Bouza, porque teñen ata un ministerio, así que imaxínese se teñen competencias—, se puidesen adoptar outras iniciativas que aportasen seguridade xurídica ás persoas propietarias e inquilinas para poñer en alugueiro un maior número de vivendas.

Pero, logo de sete anos, sete anos gobernando en Madrid uns co apoio doutros, os galegos xa saben que non será así. Porque, neses sete anos, todas, absolutamente todas as decisións que, por acción ou por omisión, teñen adoptado, lonxe de mellorar as condicións do acceso á vivenda, o que fixeron foi empeoralas. Ben, imos ser xustos, con excepción de catro persoas: Pablo Iglesias e Irene Montero, Jéssica Rodríguez e David Sánchez si que viron como grazas a Pedro Sánchez melloraban as súas condicións de acceso a unha vivenda accesible. (*Aplausos.*) ¡Para estes catro si!

Como dicía, chegan vostedes tarde, pero ademais é que chegan mal. Vostedes ou son incapaces ou, o que é peor, non lles interesa identificar onde está a raíz do problema. ¿Por que non hai pisos en alugueiro a prezos accesibles? Miren, un dos dez mandamentos da biblia populista é o de impoñer as verdades emocionais sobre os feitos verificables. Os feitos verificables apórtaos o Observatorio do Alugueiro.

Señorías, en España máis do 93 por cento dos arrendadores de vivendas tan só teñen un in-moble en alugueiro. Só o 1,3 por cento teñen máis de tres propiedades. A maioría deses propietarios son pensionistas de máis de 65 anos; a idade media é de 59. Máis do 75 por cento deles residen en zonas urbanas de clase media; só un 0,5 por cento en barrios de luxo. ¿E vostedes que fan? Pois vostedes, como bos populistas, identifican o culpable que ideoloxicamente máis lles interesa e impoñen a verdade emocional sobre o feito verificable. ¡A culpa é dos grandes tenedores, a culpa é dos bancos, a culpa é dos ricos! E lexislan contra eles, pero realmente esa lexislación cae sobre os ombreiros destes propietarios, maioritariamente



pensionistas de clase media cunha única vivenda en alugueiro. E así nos vai en España no mercado do alugueiro grazas ás súas políticas, señorías.

Eses propietarios —os verdadeiros; non os especuladores soñados por vostedes— teñen principalmente dúas preocupacións á hora de poñer en alugueiro os seus inmobles: os impagos e os danos ás vivendas. ¿E que fan vostedes? Pois alimentar eses temores cunha lexislación estatal que, en lugar de darlles seguridade xurídica, os desprotexe. E, por iso, en apenas dous anos, a súa Lei de vivenda expulsou nada menos que 120.000 vivendas do mercado do alugueiro. E, por iso, aínda que cada vez hai máis demanda e os prezos están en máximos históricos, os propietarios non se animan a alugar novas vivendas.

E, mentres, a lei antiokupas do Partido Popular leva 20 meses durmindo nun caixón do Congreso, non hai medidas fiscais e administrativas para estimular a oferta, a intervención dos prezos a través das zonas de mercado tensionado desmotiva aínda máis o propietario, e, como resultado desta tormenta perfecta, ao inquilino cada día lle é máis difícil e máis caro alugar.

Señorías, eu vivo na Coruña, a zona cero dos problemas do acceso á vivenda en Galicia. Lideramos solidamente os prezos da vivenda máis caros de Galicia; tanto en compra —3.266 euros por metro cadrado—, como en alugueiro —679 euros por mes—. Bueno, cunha excepción. ¿Saben que é máis caro que comprar vivenda en Coruña? Comprarllo á Sareb. ¡A esa Sareb que ía ceder gratuitamente 50.000 inmobles é aínda máis caro comprarlle que na Coruña! (Aplausos.) Ao igual que en Madrid, gobernan Partido Socialista e BNG. ¿E que están a facer? Tratar o síntoma en lugar da enfermidade. Isto é, declarar A Coruña zona tensionada e perseguir como culpables da situación as vivendas de uso turístico, que son apenas 1.400, mentres, segundo o Observatorio Galego da Vivenda, na Coruña hai máis de 20.000 vivendas baleiras. Ao igual que Sánchez, nada de axudas ou incentivos.

Señorías, nin a zona tensionada nin a criminalización das vivendas de uso turístico van solucionar o problema do mercado do alugueiro. Nin o está a facer en Cataluña, nin o vai facer na Coruña, nin en ningún outro sitio, porque é como quen trata a febre sen tratar a infección; reducen a oferta e incrementan o prezo.

Os problemas serios precisan de solución serias, e as posibilidades de adoptalas aumentan se á fronte temos xente seria. Xa ninguén cre a Sánchez, señorías; xa ninguén o cre. É o que ten tanto prometer e non cumprir. ¿Alguén sabe algo das 200.000 vivendas que prometeu no 2023 ou dalgunha das 50.000 ás que ía acceder a Sareb?, ¿alguén sabe algo? No 2024, o presidente Rueda comprometeuse a duplicar o parque público de vivenda en Galicia con 8.000 novas vivendas. Achegámonos ao ecuador da lexislatura cos deberes ao día e cun proxecto de orzamentos para o 2026 que garante o impulso necesario para cumprir coa palabra dada aos galegos.

Remato reiterando o noso agradecemento por permitírnos confrontar unha vez máis a política das mentiras e das promesas incumpridas de Pedro Sánchez e de quen o apoia fronte á política dos orzamentos e dos feitos da Xunta de Alfonso Rueda.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Peche para o autor da proposición non de lei.

AITOR BOUZA MANSO: Efectivamente, señor Rodríguez, temos que traer nós aquí o debate porque á Xunta de Galicia realmente non lle importa o tema da vivenda. Se xa o están a facer, entón, en vez de dicir que traemos aquí a debate un tema de vivenda, non entendo porque a Xunta de Galicia non vén aquí vangloriarse desta cuestión, que realmente o Partido Socialista presentou no ano 2024. Polo tanto, alégrome de que recoñeza que a Xunta de Galicia asumiu unha proposta do Partido Socialista e que xa a está facer. ¡Polo tanto, entendo que votarán a favor, porque xa están a facer o mesmo que nós propoñemos! (*Aplausos.*)

Pero, ben, é o de sempre. Veñen aquí criticar, é o único que saben facer. Vimos aquí ver os insultos a Pedro Sánchez, pero, das políticas que ten que facer a Xunta de Galicia, ¡nada se di!, ¡absolutamente nada! Unha mágoa que esteamos no Parlamento de Galicia. Unha mágoa que o artigo 27 do Estatuto de Autonomía diga que a competencia exclusiva en materia de vivenda é da Xunta de Galicia. Xa que vostede di o do Ministerio, recórdolle que aquí en Galicia hai unha Consellería de Vivenda. (*Aplausos.*) Dígoo porque, ao mellor, se esqueceron de que a súa competencia é esa, é traballar porque realmente a todas as persoas que teñen un problema en materia de vivenda se lles dea unha solución polo goberno que ten as competencias.

Pero, a maiores de ter unha conselleira en materia de vivenda, voulle lembrar que teñen un presidente da Xunta de Galicia. Tamén parece que se lles esqueceu, porque o único presidente que vostedes recoñecen —alégrome de que o fagan— é o presidente Sánchez, que —si— está traballando en materia de vivenda máis que todo o que fixo o señor Rueda en todos estes anos, (*Murmurios.*) que o único que fixo... É normal que ría, señor Trenor, é normal que ría. Pero vou facer o mesmo que lle dixo vostede ao meu compañeiro López Font: por motivos de idade, non contestarlle, xustamente por iso.

Claro que vou reivindicar o Goberno de Pedro Sánchez, que é o que realmente está aportando os fondos que vostedes non executan. Iso é o que debería darlles vergonza: que a mocidade galega non ten os bonos alugueiro, non ten vivenda digna en Galicia porque vostedes non a fixeron. Esa é a realidade. Despois de dezaseis anos de goberno, non hai vivenda pública en Galicia por culpa do Goberno do Partido Popular. ¡Moita risa!, pero a risa non a teñen os mozos e mozas que non teñen como pagar o alugueiro. Esa é a realidade. E realmente o que teríamos que estar aquí é preocupados e preocupadas, en vez de rindo dunha proposta en materia de vivenda. ¿Como imos saír de aquí e dicirlle a toda esa mocidade, a todas esas familias que necesitan unha vivenda digna que vostedes o que están facendo é rirse de todos e todas elas, que realmente necesitan vivir en dignidade? Iso é indecente. Quen ri dunha proposta en materia de vivenda ou da situación que existe en Galicia en materia de vivenda non podemos cualificalo doutra forma que non sexa de indecente cando é un goberno que ten as competencias para facelo.

Do resto, poden seguir rindo; nós seguiremos reivindicando. E claro que si, claro que imos seguir traendo propostas en materia de vivenda, e espero, xa que vostedes están, con toda a razón do mundo, executando unha proposta que o Partido Socialista, o señor Besteiro, pre-



sentou en 2024, que a doten de máis fondos, de máis cartos, pero, sobre todo, que non só os pinten nos orzamentos, senón que os executen, os leven á práctica e fagan que, polo menos, as políticas de vivenda...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

AITOR BOUZA MANSO: ...poidan ser unha realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Da emenda?

AITOR BOUZA MANSO: Respecto da emenda, non a imos aceptar, porque realmente entendemos que as cuestións que se plantexan respecto das vivendas baleiras son cuestións importantes que, efectivamente, se poden debater, pero cremos que realmente a cuestión que hoxe se debate é o Banco Público do Alugueiro.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematado o debate desta proposición, suspendemos a sesión, que será reanudada mañá, ás dez da mañá.

Boa tarde-noite a todos e todas.


Suspéndese a sesión ás sete e trinta e sete minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Méndez López, Lara	S
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Mouzo Mas, Paula	P
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Ojea Bouzo, Armando	M
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pazos Couñago, José Alberto	P
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez Fernández, Rosana	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Deza Martínez, María	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Fernández Rosende, Jesús María	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Ferro Iglesias, José Luis	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García Comesaña, Julio	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. García González, Patricia	P	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Grueira Fernández, Nicole	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Lorenzo Gómez, Rubén	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Marnotes Fernández, Argimiro	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Mato Díaz, José Manuel	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

